ÍNDEX

PARTE 0. INTRODUCIÓN 3
1. INTRODUCIÓN. 4

PARTE I: O GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL 6
2. DATOS DA ENTIDADE 7
3. IDENTIFICACIÓN.- 7
4. RELACIÓN DE ENTIDADES ÁS CALES SE LLES DENEGOU A SÚA INTEGRACIÓN, E DAQUELOUTRAS QUE ESTÁN PENDENTES DE ACEPTACIÓN.- 9
5. INFORME SOBRE O GRAO DE PARTICIPACIÓN SOCIAL NA ELABORACIÓN DO PROGRAMA.- 9
6. SISTEMA DE PARTICIPACIÓN NO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL DA LIMIA.- 9
7. PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DAS ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS NOS ÓRGANOS DE DECISIÓN DO GDR DA LIMIA. 11
8. COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS DA ASEMBLEA XERAL E DA XUNTA DIRECTIVA. 12
9. EQUIPO HUMANO É TÉCNICO ADSCRITO 17
10. ORGANIGRAMA DO PROGRAMA DO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL LIMIA-ARNOIA 19
11. DOCUMENTACIÓN DO GDR (ORIXINAL E COMPULSADA) 20

PARTE II: TERRITORIO E POBOACIÓN 21
12. INTRODUCIÓN: " EXPERIENCIA DA ASOCIACIÓN LIMIA ARNOIA GDR10" 22
13. DELIMITACIÓN DA ÁREA DE ACTUACIÓN 23
14. COHERENCIA FÍSICA, CULTURAL, SOCIAL E ECONÓMICA DA ZONA 33
15. DATOS DA POBOACIÓN 38
16. DATOS SOCIOECONÓMICOS 45
17. DATOS DE PATRIMONIO 57
18. DATOS MEDIO AMBIENTAIS 64

PARTE III: A ESTRATEXIA 85
19. ANÁLISE DAFO (DEBILIDADES, AMEAZAS, FORTALEZAS E OPORTUNIDADES) 86
20. DESCRICIÓN DA ESTRATEXIA 86

PARTE IV: COOPERACIÓN CON OUTROS TERRITORIOS 116
21. OBXECTIVOS E COHERENCIA COA ESTRATEXIA DEFINIDA 117
22. PROXECTOS DE COOPERACIÓN 119

PARTE V:NORMAS PARA A XESTIÓN DA ESTRATEXIA 130
23. CRITERIOS DE SUBVENCIONALIDADE: 131
24. DISTRIBUCIÓN DE FONDOS, LÍMITES E PORCENTAXES DE AXUDA 133
25. BAREMOS E MECANISMOS DE TOMA DE DECISIÓNS: 135
26. RITMOS DE EXECUCIÓN E CUMPRIMENTO DE INDICADORES 140
27. EQUIPA DE XESTIÓN 140

PARTE VI: PLAN FINANCEIRO 146
28. PLAN FINANCIEIRO 147

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

ÍNDEX TÁBOAS E GRÁFICOS

1. Táboa. Grao de execución do programa LEADER 2007-2013 ... 23
2. Táboa. Número de proxectos e emprego creado ... 23
3. Táboa: Densidade de poboación (2015) ... 25
4. Táboa. Catalogación dos concellos ... 29
5. Táboa. Listado de ríos e regatos ... 32
6. Localización xeográfica do GDR10 Limia Arnoia ... 34
7. Mapa do Couto Mixto ... 35
8. Táboa. Poboación do GDR 10 en tres grupos de idades ... 39
9. Gráfico. Variación da poboación (1991-2015) ... 39
10. Número de habitantes nas comarcas do Limia Arnoia (1991-2011) ... 40
11. Evolución da Poboación por concellos (1991-2015) ... 40
12. Gráfico. Saldo vexetativo (1975-2014) ... 41
13. Táboa. Indice de envellecemento da poboación (2010) ... 41
14. Gráfico. Saldo vexetativo (1975-2014) ... 43
15. Gráfico: pirámide de poboación (2011) ... 44
16. Táboa. Taxa de natalidade nos concellos do GDR10 ... 44
17. Táboa: Renda dispoñible bruta por hab. nos concellos do GDR 10 ... 45
18. Táboa: Tipo e número de empresas e parados por sectores ... 46
19. Gráfico: Número de ocupados por sectores de actividade (2011) ... 47
20. Gráfico: Paro por sectores, 2014 ... 47
21. Táboa. Número de explotacións por concellos ... 48
22. Peso das explotacións do GDR en Ourense e Galicia ... 49
23. Granxas en extensivo na Limia ... 52
24. Gráfico: % de ocupados no sector servizos ... 53
25. Táboa. Número de empresas do sector servizo nas comarcas ... 53
26. Gráfico: % de ocupados no sector construcción e industria ... 54
27. Táboa .Número de empresas na industria por comarcas ... 55
28. Táboa .Número de empresas da construción nas comarcas do GDR10 ... 56
29. Táboa. Parados por sectores de actividade e concello ... 57
30. Táboa. Restos castrexos máis importantes no GDR ... 63
31. INVENTARIO DE AUGAS MINERO-MEDICINAIS E TERMAIS DO ESPAZO GDR10 LIMIA/ARNOIA ... 63
32. Relación de Espazos protexidos no ámbito xeográfico do GDR10 Limia Arnoia: ... 65
33. Área de actuación (Areeiras) ... 81
34. Táboa. Resumo de indicadores ... 106
35. Táboa de temporalización dos resultados ... 106
36. Cadro orzamentario para o plan de formación ... 114
37. PORCENTAXES MÁXIMOS DE AXUDA ... 134

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

PARTE 0. INTRODUCIÓN

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

1. INTRODUCIÓN.

Vista a convocatoria a convocatoria do 11 de febreiro de 2016 publicada por AGADER para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do LEADER 2014-2020, a asociación LIMIA ARNOIA decide presentarse á convocatoria e elaborar a Estratexia de Desenvolvemento Local.

A entidade Limia Arnoia constituída como unha asociación de representantes públicos e privados do territorio entende como unha oportunidade chegar a ser unha entidade colaboradora na xestión dos Fondos LEADER 2014-2020 e así contribuír ao desenvolvemento rural da súa área de actuación.

O territorio da Limia-Arnoia, formado por 25 concellos da provincia de Ourense presenta unha realidade social e demográfica crítica, salvo dous núcleos que teñen unha perspectiva máis positiva.

Situación crítica, afirmación sustentada nos datos, dos cales podemos destacar:

- que nos últimos 25 anos se perderon preto do 30% da poboación, de seguiren ese ritmo a vitalidade deste territorio é limitada no tempo.
- Neste momentos hai máis mulleres maiores de 90 anos que nenas menores de catro anos. Pirámide de poboación invertida, taxas de natalidade moi baixas e de envellecemento moi altas.
- Economía sustentada en dous sectores (agrario e o servizos), o segundo con máis peso en empregos que o primeiro, pero o primeiro ten un gran peso social, cultural, ambiental e paisaxístico.
- O sector servizos presenta unha alta taxa de desemprego.
- Agricultura moi especializada e con escaso relevo xeracional.
- A construción en fonda crise e a industria é escasa.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Estes datos, extraídos de fontes fiables, mostran a necesidade de traballar a prol do mantemento das poboacións rurais. Poboacións rurais que son xeradoras de emprego, xeradoras de alimentos, xeradoras da paisaxe, xeradoras de cultura e tamén do mantemento do ambiente.

Así, os fondos LEADER 2014-2020 preséntanse como unha oportunidade para manter as poboacións rurais mediante a posta en valor do "saber facer local" para a creación de emprego sostible (no tempo, no ambiente e economicamente falando).

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

PARTE I: O GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

2. DATOS DA ENTIDADE

O ".Grupo de Desenvolvemento Rural da Limia, constituíuse coma Asociación sen ánimo de lucro en xullo de 2008, procedendo a facer unha modificación da súa denominación en Maio de 2016 para a xestión do Programa Leader Galicia 2014-2020. Nos vindeiros anos a intención do GDR Limia- Arnoia é exercer un liderado dentro das institucións locais e económicas do territorio, converténdose deste xeito nun elemento reforzador da organización interna das comarcas Allariz-Maceda, A Limia, Baixa Limia, e Terras de Celanova.

O Programa Leader vai a constituír a consolidación definitiva do desenrolo rural nas Comarcas. Neste longo período de tempo no que vamos a traballar para a execución do Programa, intentaranse cumprir tódalas expectativas arredor do último obxectivo "mellorar a calidade de vida dos habitantes das comarcas que abarcamos ". Para acadar este obxectivo, a estratexia de desenrolo asumiu os tres obxectivos centrais: valorización do patrimonio natural e cultural; e mellora do entorno económico coa finalidade de contribuír á creación de emprego e mellorar a capacidade de organización das respectivas comunidades

O GDR Limia –Arnoia vai ser a entidade que, dentro da Comarcas Allariz-Maceda, A Limia, Baixa Limia e Terras de Celanova, se encargue da planificación, promoción, difusión e coordinación das actuacións dirixidas dentro da mesma, nas distintas medidas planificadas: mellora da competitividade do sector agrario e forestal; mellora do ambiente e contorno rural; e mellora da calidade de vida e diversificación da economía rural.

3. IDENTIFICACIÓN.-

Nome: "Grupo de Desenvolvemento Rural Limia-Arnoia GDR10

CIF: G-32.390.270

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Domicilio Social: Rúa Curros Enríquez, nº 15 32.630 Xinzo de Limia Ourense

Tlf. 988 55 01 111

E-mail: info@limia-arnoia.gal

Web: www.limia-arnoia.gal

FICHA TÉCNICA DO GDR 10	
COMUNIDADE AUTÓNOMA: Galiza. ENTIDADE: Grupo de Desenvolvemento Rural Limia-Arnoia GDR10 DATA DE CONSTITUCIÓN: 22 de Xullo de 2008.	
RELACIÓN DE SOCIOS: Xúntase copia da relación de socios que conforman o GDR.	
COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA: MODIFICAR ASEMBLEA DO 30 Presidente/a: Gumersindo Lamas Alvar Vicepresidente/a: Emilio José Pazos Ojea Secretario/a: Susana Vázquez Dorado Tesoureiro/a: Xosé Luis Saburido Novoa Vogais: Mª del Carmen Quintas Fernández Lorena Portela Seguín María Páez Pérez Juan Álvarez Losada Jesús Casal Pérez	Alfonso Carlos Lois Suárez Óscar Carnero Lorenzo Enesio Fidalgo Nocelo José Manuel Prieto Pérez Julio Pérez Carballo Aquilino Valencia Salgado José Manuel Castro Blanco José Antonio Feijóo Alonso Felipe Traveso Antonio Pérez Rodríguez
TELÉFONO: 988 55 01 11 FAX: 988 55 01 12 **e-mail:** info@limia-arnoia.gal COMARCA, CÓDIGO POSTAL E PROVINCIA: A Limia. 32.630. Ourense.	
EQUIPO TÉCNICO: (Por determinar).	

4. RELACIÓN DE ENTIDADES ÁS CALES SE LLES DENEGOU A SÚA INTEGRACIÓN, E DAQUELOUTRAS QUE ESTÁN PENDENTES DE ACEPTACIÓN.-

Actualmente, non se lles denegou a súa integración a ningunha asociación, nin hai ningunha rexistrada que estea pendente da súa aceptación dentro do GDR LIMIA-ARNOIA (*Ver anexo VI Asociacións)*

5. INFORME SOBRE O GRAO DE PARTICIPACIÓN SOCIAL NA ELABORACIÓN DO PROGRAMA.-

Consultar orixinal no apartado de Documentación orixinal ou compulsada, ao fin deste capítulo.

6. SISTEMA DE PARTICIPACIÓN NO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL DA LIMIA.-

A asociación ".Grupo do Desenvolvemento Rural Limia-Arnoia GDR-10." estará integrada por un conxunto equilibrado e representativo dos interlocutores dos diferentes sectores socioeconómicos, tanto públicos como privados, con arraigo no ámbito de actuación da asociación, debendo ter tamén un carácter equilibrado e representativo no plano territorial. Non poderán formar parte da asociación as persoas físicas e as sociedades mercantís, agás as seguintes entidades de economía social: cooperativas, sociedades agrarias de transformación e sociedades laborais. Rexerá o principio de portas abertas, de xeito que se garanta permanentemente a incorporación de novos asociados.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

A Xunta Directiva é o órgano de goberno, xestión e representación da Asociación.

A Xunta Directiva está formada polos seguintes membros:

- Asociación de Mulleres.
- Asociacións de mozos
- Asociacións de Acción social.
- Asociacións cuxo obxecto social estea relacionado, de xeito prioritario, coa protección, conservación e/ou mellora do ambiente.
- Asociacións do sector agrario
- Asociacións de empresarios e asociación profesionais
- Asociacións do sector cultural
- Sector Público

As mesas sectoriais teñen como finalidade servir tanto de canle participativa na asociación dos actores implicados no desenvolvemento do territorio como de canle informativa das actividades da asociación. Nas mesas sectoriais porase en común a problemática do sector ao que representen e as actuacións de mellora, proxectos, iniciativas... que o sector poida concibir, para elevar propostas á asemblea xeral.

- Os asociados integrados na Asemblea Xeral organizaranse en seis (6) mesas sectoriais, organizadas en torno aos seguintes ámbitos:
- **Mesa Institucional:** formada polos representantes das Administracións Locais do territorio e da Administración educativa.
- **Mesa de Dinamización Socio-comunitaria**: na que se agrupan as asociacións sen ánimo de lucro non incluídas noutras mesas sectoriais: asociacións de mulleres, de mozos, de veciños, medio ambientais, culturais, deportivas, entre outras.
- **Mesa do Sector Agroforestal**: inclúe entidades representativas do sector, como cooperativas agrarias, sociedades agrarias de transformación, comunidades de montes, asociacións forestais, organizacións profesionais agrarias.
- **Mesa Empresarial e do Emprego**: formada por entidades empresariais, sindicais,

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Cámara de Comercio.

- **Mesa de Benestar Social:** integrada polas entidades do ámbito dos servizos sociais que teñan como obxecto social mellorar a calidade de vida da poboación, especialmente de colectivos con especiais dificultades e colectivos desfavorecidos ou en perigo de exclusión social.
- **Mesa de Turismo e Hostalería**: formada polas entidades vinculadas ao fomento do turismo e á representación de empresas turísticas e de hostalería.

7. PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DAS ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS NOS ÓRGANOS DE DECISIÓN DO GDR DA LIMIA.

As entidades públicas, representadas no GDR DA LIMIA-ARNOIA GDR10 por 25 concellos das Comarcas Allariz-Maceda, A Limia, Baixa Limia e Terras de Celanova e Ourense nos que abarca os concellos de Allariz, Baltar, Bande, Baños de Molgas, Bola (A), Blancos (OS), Calvos de Randín, Celanova, Entrimo, Lobeira, Lobios, Maceda, Muíños, Porqueira (A), Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Taboadela, Trasmiras, Verea, Vilar de Barrio Vilar de Santos, Xinzo de Limia e Xunqueira de Ambía, na provincia de Ourense, sen prexuízo de que poida estenderse por necesidades operativas dos seus programas e actividades, cuxa representación será como máximo dun 49% nos órganos de decisión.

As entidades privadas representadas no LIMIA-ARNOIA terán unha representación no GDR de polo menos un 51% nos órganos de decisión, con representación dos seguintes colectivos:

- Asociacións de acción social.
- Asociacións de Mulleres.
- Asociacións de mozos.
- Asociacións do sector agrario

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

- Asociacións de empresarios e asociación profesionais
- Asociacións do sector cultural

8. COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS DA ASEMBLEA XERAL E DA XUNTA DIRECTIVA.

A. ASEMBLEA XERAL:

Artigo 12. Asemblea Xeral: composición e funcións

1.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por todos os asociados e asociadas.

2.- A Asemblea Xeral é o órgano competente sobre os seguintes asuntos:

- Aprobación das contas do exercicio anterior e do orzamento do exercicio seguinte.
- Aprobación da xestión da Xunta Directiva.
- Aprobación das actividades a realizar.
- Solicitude de declaración de utilidade pública.
- Establecemento do número, composición e representatividade dos órganos da asociación que se cree.
- Nomeamento dos membros da Xunta Directiva o cesamento anticipado deles e a duración do seu mandato.
- Coñecemento sobre cantas cuestións afecten á boa marcha da entidade que sexan sometidas á súa consideración pola Xunta Directiva ou polos asociados como rogo ou pregunta.
- Constitución de federacións ou integración nelas.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

- Acordar a contía das cotas de ingreso e periódicas e a súa forma de pagamento. A asemblea poderá acordar establecer importes diferentes para asociados públicos e privados. A contía da cota de ingreso, no caso de que se establecera, será igual á achega fundacional, podendo a Asemblea establecer unha actualización anual non superior ao IPC
- Aprobación do Regulamento de réxime interior.
- Aprobación e modificación dos estatutos sociais.
- Disolución da Asociación.
- Disposición ou alleamento de bens.

Asemblea xeral: convocatorias:

1.- As reunións da Asemblea Xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias. Reunirase con carácter ordinario, cando menos unha vez ao ano, para aprobar, como mínimo, as contas e os orzamentos. A Asemblea Ordinaria será convocada polo Presidente/a con quince días de antelación á data da reunión.

As Asembleas extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do Presidente/a, cando a Xunta Directiva o acorde, ou cando o propoña por escrito unha décima parte dos asociados/as. A petición dos asociados realizarase mediante escrito dirixido ao Presidente/a, autorizado coa sinatura dos peticionarios, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día. Cando non se convoque transcorridos dez días dende o da petición, os peticionarios poderán facer a convocatoria.

A Asemblea Xeral así convocada poderá desenvolverse elixindo ao inicio dela, un Presidente e un Secretario.

As convocatorias faranse por escrito con expresión do lugar, dia e hora da reunión, así como a orde do día e a documentación que se estime oportuna para o seu desenvolvemento. Dita convocatoria poderá remitirse por vía electrónica.

2.- As Asembleas Xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando a elas concorran, presentes ou representados, a

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

maioría dos asociados e, en segunda convocatoria, pasados quince minutos dende a hora fixada para a reunión en primeira convocatoria, calquera que sexa o número de asociados concorrentes con dereito a voto.

3.- De cada unha das reunións realizadas levantarase a correspondente acta, que certificará o Secretario co visto e prace do Presidente.

Asemblea xeral: adopción de acordos:

1.- Cada asociado terá dereito a un voto.

2.- Para que os acordos adoptados sexan válidos deberá cumprirse que os votos do sector privado constituído polos axentes económicos e sociais así como por outros representantes da sociedade civil, deberán representar polo menos o 51% dos votos emitidos.

3.- Os acordos sobre os asuntos sinalados nas letras a) a j) do apartado 2 do artigo 12 aprobaranse por maioría simple dos asociados presentes ou representados.

Non obstante, requirirase maioría dos dous terzos dos asociados presentes ou representados para decidir sobre os asuntos sinalados nas letras k) a m) do apartado 2 do artigo 12.

4.- Os acordos adoptados obrigarán a todos os asociados, incluso aos non asistentes. Os acordos acreditaranse mediante certificacións expedidas polo Secretario/a, co visto e prace do Presidente/a.

Na asemblea xeral non se admite a delegación de voto; cada persoa unicamente poderá ostentar a representación dunha entidade asociada e non poderá exercer o voto en nome doutra.

B. XUNTA DIRECTIVA:

1.- A Xunta Directiva é o órgano de representación da Asociación e estará formada polos representantes dos asociados/as elixidos pola Asemblea Xeral, en función da pertenza destes a cada mesa sectorial, de acordo coa representatividade que a Asemblea Xeral lle outorgue a cada unha delas.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Estará formada por un Presidente/a, un Vicepresidente, un Secretario/a, un Tesoureiro/a e un número de vogais ata conformar un máximo de 21 membros, que poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva.

En todo caso, na Xunta Directiva deberán estar representadas, cando menos sempre que sexan socios, as asociacións de mulleres, as asociacións de mozos, as asociacións de acción social, as asociacións cuxo obxecto social estea relacionado, de xeito prioritario coa protección , conservación ou mellora do ambiente, as asociacións do sector agrario, incluíndo as organizacións profesionais agrarias, as asociacións de empresarios e as asociacións profesionais, as asociacións do sector cultural e o sector público. O número de representantes do sector privado sempre deberá ser superior ao número de representantes do sector público.

2.- Todos os membros da Xunta Directiva son elixidos por un período máximo de catro anos, podendo ser reelixidos.

3.-Os membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos por falecemento, por renuncia voluntaria, por transcurso do prazo do mandato, pola extinción da entidade á que representen, por perder a condición de representante da entidade á que representen ou por acordo da Asemblea Xeral. O cesamento levará consigo a obriga de poñer ao día ao sucesor e, eventualmente, de entregarlle a documentación pertinente.

4.- As vacantes que se produzan na xunta directiva cubriranse cos representantes dos asociados que elixa Mesa sectorial ou sector público ou privado ao que pertenza a vacante.

Funcións da Xunta Directiva:

1.- A Xunta Directiva é o órgano con facultades xestoras, executivas e de representación da asociación.

2.- A Xunta Directiva é o órgano competente para:

- Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- Acordar e executar as accións de goberno e administración da asociación.
- Propoñer ou conceder axudas no marco de programas ou proxectos que xestione a asociación.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

- Adoptar as medidas precisas para o cumprimento dos fins estatutarios e, en xeral, para a boa marcha da asociación.
- Elaborar o informe económico anual, o orzamento, a memoria e o plano de actividades para a súa presentación na Asemblea Xeral.
- Elaborar o regulamento de réxime interior.
- Interpretar os preceptos contidos nos estatutos e no regulamento de réxime interno, de habelo.
- Organizar e coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre os asociados.
- A admisión e separación de asociados.
- Cantas deriven da lexislación ou estatutos e, en xeral, cantas facultades non estean reservadas por aquela ou por estes a outros órganos sociais, así como as delegadas pola Asemblea Xeral.

Xunta directiva: convocatoria e adopción de acordos:

1.- Poderán ser ordinarias e extraordinarias. As convocatorias faranse por escrito, cunha antelación de 15 días, no caso das ordinarias, con expresión do lugar, dia e hora da reunión, así como a orde do día e a documentación que se estime oportuna para o seu desenvolvemento. Dita convocatoria poderá remitirse por vía electrónica.

Reunirase en calquera momento mediante convocatoria escrita do Presidente/a, por propia iniciativa ou a instancia motivada de calquera dos seus membros, que indicarán os asuntos a tratar na orde do día.

2.- Entenderase validamente constituída en primeira convocatoria cando a ela concorran a maioría dos membros ou, en segunda convocatoria, pasados quince minutos dende a fixada para a reunión en primeira convocatoria, calquera que sexa o número de membros concorrentes.

Poderán asistir ás sesións da Xunta Directiva, con voz pero sen voto, persoas ou entidades

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

alleas á Xunta Directiva cuxo asesoramento sexa de interese para a adopción de acordos.

3.- Os membros da Xunta Directiva, en caso de ausencia, poderán ser substituídos por outros membros do sector público ou privado, segundo o sector ao que pertenza o ausente tendo en conta a legalidade vixente en materia de suplencia e representación.

Así mesmo os Alcaldes poderán delegar asistencia e voto noutros membros da Corporación Municipal; e os membros do sector Privado poderán delegar noutros membros do órgano que representen.

4.- No proceso de toma de decisións, cada membro da Xunta Directiva ostenta un voto.

5.- Os acordos adoptaranse por maioría simple. En todos os casos os membros do sector privado deberán representar como mínimo o 51% dos votos totais.

6.- As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas, provisionalmente, entre ditos membros, ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral, convocada ao efecto.

9. EQUIPO HUMANO É TÉCNICO ADSCRITO

C. EQUIPO HUMANO.

O GDR contará cun cadro de catro persoas para o desenvolvemento da estratexia (xerente, 2 técnicos/as e administrativo/a) e poderá ser ampliado se as necesidades técnicas o requiren.

O procedemento de contratación do equipo de xestión farase por concurso, convocatoria aberta que se publicará na páxina web do grupo e na prensa rexional.

D. MEDIOS TÉCNICOS.

O GDR contará con tres oficinas (Xinzo de Limia, Allariz e Celanova). A de Xinzo será a sede do

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

grupo e as noutras dúas terán atención ao usuario segundo as necesidades, acercando deste xeito o programa á poboación e facilitando aos potenciais promotores a tramitación das axudas.

As tres oficinas estarán dotadas de medios técnicos para o desenvolvemento da estratexia, do equipo informático (PC, impresora, cámara fotográfica), mobiliario, conexión a internet, teléfono e conexión a internet. As tres oficinas de Xinzo e Allariz son de titularidade municipal e será cedido o seu uso para o desenvolvemento da estratexia, os medios informáticos e mobiliario pertencen aos anteriores GDR e quedarán nas respectivas oficinas para uso no novo período LEADER 2014-2020.

SEDE: Rúa Curros Enríquez, Nº 15 Xinzo de Limia. Tlf. 988550528

Oficina 1. Rúa Portelo Nº4 2º andar Allariz, 32660 Tlf. 988442535

Oficina 2. Casa do concello, Praza Maior, Celanova.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

10. ORGANIGRAMA DO PROGRAMA DO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL LIMIA-ARNOIA



Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

11. DOCUMENTACIÓN DO GDR (ORIXINAL E COMPULSADA)

- ✓ Estatutos
- ✓ NIF
- ✓ Declaracións
- ✓ Inscrición no rexistro
- ✓ Acta fundacional

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

PARTE II: TERRITORIO E POBOACIÓN

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

12. INTRODUCIÓN: " EXPERIENCIA DA ASOCIACIÓN LIMIA ARNOIA GDR10".

A entidade Asociación Limia Arnoia GDR10, é froito da semifusión doutras tres entidades que no período 2007/20163, foron colaboradoras de AGADER para xestión do período LEADER que abrangue dende 2009 até decembro de 2015. Estas 3 entidades son: os GDR14 Grupo de Desenvolvemento Rural da Limia, o GDR15 AVINZA e o GDR16 O Vieiro Leboreiro.

Dos 16 concellos que formaban parte da Asoc. O Vieiro Leboreiro, pasan a incorporarse, neste período 2014/2020, ao novo GDR10 Limia Arnoia, os concellos de Lobios, Entrimo, Muíños, Lobeira, Bande, Quintela de Leirado, Celanova e Verea.

No que respecta ao GDR15 AVINZA incorpora a práctica totalidade de seu territorio (8 concellos), salvo os concellos de Paderne de Allariz e Xunqueira de Espadanedo.

O GDR14 Grupo de Desenvolvemento Rural da Limia conserva a integridade do seu territorio, formado por un total de 9 concellos. Isto configura un ámbito xeográfico total de 25 concellos.

O nivel de experiencia da totalidade deste territorio na xestión de fondos europeos (nomeadamente fondos FEADER), e de programas de desenvolvemento rural con anterioridade, é moi relevante, por canto no período 2000/2006 a maioría dos concellos incluídos no actual GDR10 Limia Arnoia, foron xestores do programa LEADER + a través do GAL " Val do Limia/Terra de Celanova"; e os restantes xestionaron o programa AGADER, desde a entidade AVINZA .

Pero, indo máis alá, no período 1994/1999 xa existiron o LEADER II, e que foi xestionado en boa parte deste territorio pola entidade ADIM; e mesmo un programa PRODER (VILAR XUNQUEIRA) e que incluía os concellos de Vilar de Barrio e Xunqueira de Ambía.

Polo que queda sobradamente acreditada a experiencia na elaboración de estratexias e programas de desenvolvemento rural do territorio que nos ocupa, e que supera os 10 anos de antigüidade.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

1. Táboa. Grao de execución do programa LEADER 2007-2013

	GDR	EXTRATEXIA 1º CONVENIO	MEDIDA 431 1º CONVENIO	PAGOS EFECTUADOS					
				MEDIDA 411	MEDIDA 412	MEDIDA 413	MEDIDA 431	431(A)	431 (B)
14	Limia	2.498.506,90	430.777,05	31.763,55	0,00	1.154.477,66	338.720,06	277.834,16	60.885,90
15	Avinza	2.542.275,36	438.323,34	645.334,67	16.867,90	768.991,64	434.319,70	379.321,43	54.998,27
16	O Vieiro	3.511.509,46	605.432,67	398.709,34	6.161,40	1.598.483,05	460.253,31	366.929,71	93.323,60

2. Táboa. Número de proxectos e emprego creado

		PROXECTOS RESOLTOS	EMPREGO	
			CREADOS	CONSOLIDADOS
14	Limia	46	21	17
15	Avinza	60	42	65
16	O Vieiro	66	26	85

13. DELIMITACIÓN DA ÁREA DE ACTUACIÓN

E. TERRITORIO GDR 10

I. SUPERFICIE

O GDR 10 está situado na provincia de Ourense e abrangue 25 concellos pertencentes a 5 comarcas, supondo dúas comarcas enteiras A Limia e A Baixa Limia e partes de Terras de Celanova, Ourense e Allariz-Maceda, un total de 1900,9 Km^2 unha poboación de 51.156 habitantes que se reparten ao longo territorio cunha densidade de poboación media de 28,37 $hab/Km^{2.}$

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal



O grupo denominado Limia Arnoia, facendo referencia aos dous cursos fluviais máis importantes do territorio, comprende un total de 25 concellos da provincia de Ourense. Territorio con diversidade de realidades ao comprender 1900,9 km2 pertencentes a un total de cinco comarcas da provincia, supondo un 26,1% da superficie de Ourense e un 6,4% da superficie galega**.** Cinco comarcas con realidades territoriais moi diferentes, pois atopamos concellos de alta montaña, raianos, turísticos, agrícolas, etc.

As comarcas incluídas no GDR son **Allariz-Maceda** (Allariz, Maceda, Baños de Molgas, Xunqueira de Ambía), **Terras de Celanova** (A Bola, Celanova, Quintela de Leirado e Verea), **Ourense** (Taboadela), **Baixa Limia** (Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños) e **A Limia** (Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo de Limia).

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

II. DENSIDADE DE POBOACIÓN

A densidade de poboación é un dato moi relevante para saber o grao de ruralidade dun determinado territorio, sendo un dos indicadores principais. Así, defínese como rural os concellos cunha densidade 150 habitantes por quilómetro cadrado Creating rural indicators for shaping territorial policy, OCDE, París, 1994) ou a Unión Europea, Comisión Europea: "Rural Developments", CAP 2000 Working Document,1997). Eurostat entende por zoa pouco poboada as que teñen unha densidade de menos de 100 habitantes por Km2 e a súa poboación é inferior a 50.000 habitantes (aquí é onde entran as zoas rurais)

Limia-Arnoia é un territorio rural, cunha baixa densidade de poboación. Está por debaixo dos 100 hab/ km^2 o que nos mostra o grao de ruralidade do Limia-Arnoia.

Observamos ademais que están por debaixo da media galega e unicamente Allariz, Xinzo de Limia, Taboadela e Celanova superan á media ourensán. A media do GDR 10 é de 28,37 hab/km^2, moi por debaixo da media da provincia de Ourense (43,78 hab/ km^2).

3. Táboa: Densidade de poboación (2015)

Concello	densidade de poboacion (hab./km2)
Allariz	70,34
Baños de Molgas	24,53
Maceda	29,02
Xunqueira de Ambía	24,88
Bande	17,53
Entrimo	14,80
Lobeira	11,80
Lobios	11,81
Muíños	14,80
Baltar	10,66
Blancos, Os	18,45
Calvos de Randín	9,42
Porqueira	20,76
Rairiz de Veiga	19,83
Sandiás	24,75
Sarreaus	16,60
Trasmiras	24,87
Vilar de Barrio	13,64
Vilar de Santos	43,19
Xinzo de Limia	75,68

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Taboadela	60,08
Bola, A	38,37
Celanova	82,30
Quintela de Leirado	20,10
Verea	11,06

F. CARACTERÍSTICAS XEOGRÁFICAS A DESTACAR

III. A CHAIRA DA LIMIA, A LAGOA DE ANTELA E A SÚA DESECACIÓN

A Lagoa de Antela contaba cunha superficie aproximada de 3600 hectáreas que ocupaba varias aldeas dos concellos de Xinzo de Limia, Sarreaus, Vilar de Barrio, Xunqueira de Ambía, Sandias, Vilar de Santos, Rairiz de Veiga e Porqueira.

Estaba situada a 615 metros de altitude e ocupaba un 42 km cadrados. Durante a estación de inverno a súa lonxitude chegaba ao 7 km de longo e 6 km de ancho.

Fotografía aérea da Lagoa de Antela dende o sur-surleste, coa vila de Xinzo de Limia en primeiro plano. Reproducida do libro Martínez Carneiro, X.L. (1997) Antela, a memoria asolagada, por cortesía de Edicións Xerais

A seca da lagoa iniciase no ano 1958, trala sinatura do Decreto por F. Franco, comezaron os traballos de seca e canalización alegando naquel momento o saneamento do terreo e o seu aproveitamento agrícola ao que seguiría a concentración parcelaria (1992).

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Este Plan tiña tres fases:

I.**Seca da área**. Para iso, unha canle con dúas ramas foi construído na cabeceira da lagoa para evacuar a auga.

II. A **preparación da terra resecada** e establecemento dun sistema de irrigación. O principal elemento sería unha presa no río Arnoia dende para levar a auga a futuras parcelas agrícolas. III. **División integrante da nova superficie** para distribución entre os novos colonos. O obxectivo era atraer os campesiños doutras cidades.

Finalmente, só a primeira fase chegou a executarse, non chegando para construír o sistema de presas e irrigación correspondente principalmente debido fundamentalmente o alto custo da primeira fase de secado.

Ponte das Poldras. Derruído polas obras de desecación	Aldea de Lamas, onde se fixo a concentración no 1993

A raíz da desecación, implantouse unha agricultura intensiva, destinada fundamentalmente ao cultivo de pataca (un tubérculo que se desenvolve ben nos chans areosos) e cereal; e que supuxo unha fonte de recursos para o sector agrario e gandeiro, que a partir dese momento tivo un medre exponencial, cos correspondentes factores de beneficio e prexuízo.

A desecación da lagoa, a concentración parcelaria, a implantación dun sistema agropecuario intensivo e as explotacións areeiras son o resultado de 60 anos de historia.

Como consecuencias:

- ✓ Perda do humidal de auga doce máis grande da península

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

- ✓ Seca da terra, polo que tiveron que desenvolver sistemas de rega para a produción agrícola
- ✓ Perda dunha zona de grande valor ecolóxico, ao destruír o hábitat natural de moitas especies vexetais e animais autóctonos
- ✓ perda dun sistema produtivo sostible na área de inundación da lagoa.
- ✓ Perda de aves acuáticas por seren zona de nidificación e de aves migratoria
- ✓ A corrección das canles dos ríos Limia e Antela e a tala do seu bosque ripario, co pretexto de ter máis terra cultivable, eliminando a barreira natural destes canles contra a contaminación difusa das explotacións.

IV. CONCELLOS DE MONTAÑA

Todo o territorio do GDR10 Limia Arnoia está incluido na lista comunitaria de Zonas Agrícolas Desfavorecidas tal como se definen nos puntos 3 e 4 do artigo 3 da Directiva 75/268/CEE (equivalentes aos artigos 18, zonas de montaña, e 19, outras zonas desfavorecidas, do Regulamento (CE) 1257/99, respectivamente), de acordo coa Directiva do Consello (86/466/CEE)

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

do 14 de xullo de 1986.

A superficie do GDR é de 1900,9 Km^2, un 62% da superficie é ZONA DE MONTAÑA e o restante 38% está na categoría de ZONA DESFAVORECIDA:

4. Táboa. Catalogación dos concellos

Concello	Tipo zona	Superficie Km^2
Allariz	Art. 19	86
Baltar	Art. 18	94
Bande	Art. 18	99
Baños de Molgas	Art. 19	67,6
Blancos, Os	Art. 18	47,6
Bola, A	Art. 19	34,9
Calvos de Randín	Art. 18	97,9
Celanova	Art. 19	67,3
Entrimo	Art. 18	84,5
Xinzo de Limia	Art. 19	132,7
Xunqueira de Ambía	Art. 19	60,2
Lobeira	Art. 18	68,9
Lobios	Art. 18	168,4
Maceda	Art. 18	101,9
Muíños	Art. 18	109,6
Porqueira	Art. 19	43,4
Quintela de Leirado	Art. 18	31,3
Rairiz de Veiga	Art. 18	72,1
Sandiás	Art. 19	52,8
Sarreaus	Art. 19	77,3
Taboadela	Art. 19	25,2
Trasmiras	Art. 19	56,7
Verea	Art. 18	94,2
Vilar de Barrio	Art. 18	106,7
Vilar de Santos	Art. 19	20,7
Superficie total		1900,9
Superficie desfavorecida		724,8
Superficie de montaña		1176,1

V. CURSOS FLUVAIS

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

En canto a estes, compre destacar a especial relevancia que teñen neste territorio, sirva o dato de 26 ríos e regatos que cruzan as nosas paraxes, para darse unha idea da auga non só como recurso natural, senón tamén para o desenvolvemento en paralelo de actividades económicas (agrarias e industriais) e turísticas.

Pode considerarse como factor importante de cohesión social, xa que moitos dos cursos fluviais que nos ocupan serviron para relacionar poboacións das distintas comarcas, tanto na defensa como no aproveitamento deste recurso.

- ✓ **LIMIA**[1]

O río Limia nace no Monte Talariño (Sarreaus) no límite occidental da depresión de Antela. Ten unha lonxitude de 108 Km e, na súa parte galega, percorre, ao longo de 77,6 km, a planicie da Limia Alta e a comarca da Baixa Limia, onde amplos vales altérnanse con suaves pendentes e zonas de vales profundos e encaixados, como sucede en Bande, Lobios ou nas proximidades da fronteira con Portugal, zonas nas que se construíron os encoros das Cunchas, Salas (río Salas) e Lindoso. A superficie da parte galega da conca ascende a 1.326 Km2.

A súa canle principal foi canalizada na zona da antiga Lagoa de Antela. A planicie do terreo favoreceu o asentamento de plantas acuáticas e bosques de ribeira que serven de hábitat a multitude de especies de aves, anfibios e insectos.

A canle do río Limia está protexido na "Veiga de Ponteliñares" e no Parque Natural de "Baixa Limia Serra do Xurés". A partir da incorporación do río Salas, o Limia discorre máis afundido no terreo e recibe, pola marxe esquerda, ó río Lobios, procedente da serra do Xurés e pola marxe dereita, as augas do río Agro.

O río Caldo nace na serra de Cruz de Piñeiro, a 800 m de altitude. Recibe o seu nome da presenza de augas termais que se produce na súa canle e que son aproveitadas con fins medicinais.

[11] Datos do cursos fluviais foron extraídos da páxina web da Confederación Hidrográfica Miño Sil,

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Río Limia

A 6 Km de Lobios atópanse os Baños de Bande, uns mananciais que brotan no mesmo leito do río, o que os fai aproveitables cando descende o nivel das augas do río.

O río Salas, con 37 Km. de lonxitude, é o afluente máis importante do Limia. Nace nos montes de Baltar (Larouco) e está embalsado pola presa do Salas.

O río Laboreiro nace en Portugal e durante unha gran parte do seu percorrido fai fronteira co concello de Entrimo, xúntase co Limia no encoro de Lindoso. Este río está catalogado pola Confederación Hidrográfica do Miño Sil como **Reserva Natural Fluvial Internacional** polo seu alto valor ambiental.

- ✓ **ARNOIA**

O río Miño descende pola provincia ourensana, adéntrase en terras de Castrelo de Miño e a continuación recibe as augas do Avia e, pouco despois, incorpóranselle pola marxe esquerda os afluentes Arnoia e Deva, os máis importantes deste tramo.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Río Arnoia ao se paso por Allariz

O **río Arnoia** nace na serra de San Mamede (Vilar de Barrio), ten a conca máis ampla da provincia ourensana, con 746 Km2. Percorre, nos seus 93,3 Km de lonxitude, os concellos de Vilar de Barrio, Xunqueira de Ambía, Allariz, Cartelle e Arnoia, desembocando no río Miño.

Os principais cursos fluviais que verten ao Arnoia son o río Maceda e o río Ourille

Na seguinte táboa recóllense a rede fluvial de todo o territorio do GDR

5. Táboa. Listado de ríos e regatos

NOME RIO	NACEMENTO	DESEMBOCADURA	CONCELLOS DO TERRITORIO QUE PERCORRE
Agro	Portugal	Río Acebedo	Entrimo
Arnoia	Serra S. Mamede - Vilar de Barrio	Río Miño (Por A Arnoia)	Vilar de Barrio, Baños de Molgas, Xunqueira de Ambía, Allariz, Celanova
Barxa	Randín - Calvos de R.	Río Salas	Calvos de Randín
Bidueiro	Lampazas - Rairiz de Veiga	Río Limia	Rairiz de Veiga / Porqueira
Cadós	Verea	Río Limia (E. das Conchas)	Verea, Bande
Caldo	Serra da Cruz de Piñeiro	Río Limia	Lobios (Serra do Xurés)
Castro Laboreiro	Portugal	Río Limia (Enc. de Lindoso)	Atravesa o Gerés e fai fronteira por Entrimo
Deva	Serra do Leboreiro - Verea	Río Miño (Enc. de Frieira)	Verea e Quintela Leirado

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Faramontaos	Serra de Larouco - Baltar	Río Limia	Trasmiras, Xinzo de Limia
Freixo	Monte Talariño - Sarreaus	Regato de Padroso - Río Limia	Sarreaus
Grou	Lobeira	Río Limia	Lobeira
Río da Lagoa de Antela	Vilar de Barrio	Río Limia (en Porqueira)	Vilar de Barrio, Sarreaus, Xinzo,de Limia, Sandiás, Vilar de Santos.
Lameiras	Allariz	Río da Lagoa de Antela	Vilar de Santos
Limia	Monte Talariño - Sarreaus	Océano Atlántico - Por Viana do Castelo	Sarreaus, Xinzo de Limia, Vilar de Santos, Rairiz de Veiga / Porqueira, Bande - Lobeira / Muíños, Entrimo / Lobios,
Lobios	Serra do Xurés - Lobios	Río Limia	Lobios
Lodoselo	Freixo - Sarreaus	Río Limia	Sarreaus
Maceda	Cabeza de Meda	Río Arnoia	Maceda
Mao (II)	Muíños	Río Salas	Muíños, Lobios
Nocelo	Fiestras - Laroá - Xinzo	Río Limia	Xinzo de Limia
Ourille	Ourille - Verea	Río Arnoia	Verea, Celanova / A Bola
Padroso	Sarreaus	Río Limia	Sarreaus
Piñeira	Allariz	Río da Lagoa de Antela	Sandiás
Salas	Larouco - Baltar	Río Limia	Baltar, Calvos de Randín, Muíños, Lobios
Tioira	Serra San Mamede - Vilar de Barrio	Río Arnoia	Vilar de Barrio, Maceda, Baños de Molgas
Trasmiras	Atás - Cualedro	Río Limia	Cualedro, Trasmiras, Xinzo de Limia
Tuño	Verea	Río Arnoia	Celanova

14. COHERENCIA FÍSICA, CULTURAL, SOCIAL E ECONÓMICA DA ZONA

A área de actuación abrangue unha ampla zona de 1900,9 km2 do interior de Galicia, situada na parte centro/sur/oeste da provincia de Ourense. Formada, basicamente, por un conxunto rural no que tamén conviven vilas de tamaño medio de Galicia. Os límites xeográficos do territorio de aplicación son, norte cos concellos limítrofes: Montederramo, Xunqueira de Espadañedo, Esgos; polo este: Laza e Cualedro; polo sur: coa fronteira portuguesa; e polo oeste cos concellos de: Paderne, Taboadela, A Merca, Cartelle e Ramirás.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

6. Localización xeográfica do GDR10 Limia Arnoia



Dende un punto de vista físico, trátase dun territorio que comparte rasgos diferenciados, dependendo da comarca natural de que se trate.

Con elevacións, producidas en grande medida, grazas aos movementos tectónicos do Cuaternario , formáronse non só alzamentos (como é o caso do Macizo Central, cunha serie de cadeas montañosas en sentido radial, na que destaca neste territorio a Serra de San Mamede (1.618 m) , senón que tamén depresións máis o menos amplas e máis ou menos altas. Os mesmos fenómenos tectónicos aludidos, xeraron outro grupo de montañas de diferente orientación (oeste-este), de menor altura, pero superior á das serras occidentais e que dificultaron tradicionalmente as comunicacións con Portugal, Serra do Xurés (Nevosa, 1.539 m), Serra do Larouco (Larouco, 1.525 m).

Así a zona de **Maceda, Baños de Molgas e Vilar de Barrio** caracterízanse por compartir un perfil de **chaira/val** con zonas de media e alta montaña; zona de Allariz máis dominada polo curso do rio Arnoia e con zonas de media montaña. Porén, unha das comarcas naturais representativas da provincia de Ourense constitúea o val da Limia, no que se xunta por un lado as terras chairas dedicadas á produción agraria e por outro, a achegas para terras de cultivo provintes da achegas

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

da desecación da antiga **Lagoa de Antela**.

Os contrastes morfolóxicos que se suceden, de NE a SO, entre a chaira da antiga Antela (600-900 m), e os rebordes montañosos (O Codesal, 1324m; Fontefría, 1459m; A Cruz, 1237 m; Larouco, 1627 m) cos seus profundos vales, correspóndense coa existencia de áreas climáticas ben diferenciadas. A Limia Alta e Baixa comparten un perfil de montaña mais ou menos acentuados e atravesado por paraxes naturais como o parque Natural da Baixa Limia/Xurés. Destacable é tamén a existencia do "Couto Mixto". Este territorio, que gozaba de completa autonomía, ubicábase entre os actuais concellos de Calvos de Randín e Baltar, no val do Salas e a serras do Larouco. Ocupaba unha extensión de 2.695 hectáreas nas que os seus habitantes gozaban de múltiples privilexios, como a elección de nacionalidade ou o libre comercio. O núcleo do Couto Mixto conformábano as aldeas de Santiago de Rubiás, Rubiás dos Mixtos e Meaus.

7. Mapa do Couto Mixto

O "Couto Mixto" perdeu a súa soberanía e privilexios o 5 de novembro de 1868

A comarca de Celanova, orograficamente está formada por zonas de media montaña e vales. É unha unidade xeográfica perfectamente individualizada que se corresponde a grandes trazos coas

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

concas dos múltiples ríos e regatos que o cruzan, na que predominan as paisaxes de formas suavemente onduladas, pero enmarcada por unha serie de releves montañosos que acrecentan o seu interese paisaxístico. Polo sur a Serra do Aguillón, Penagache e Leboreiro, que sirve de fronteira con Portugal. Dende estes rebordes a altitude descende cara o río Arnoia, para despois volver ascender polo norte, aínda que con altitudes máis baixas que no sur: Coto de Novelle (718 m) e Alto do Castro (635 m).

Xeoloxicamente o substrato do territorio é similar, e explica a sucesión de vales e zonas montañosas, cruzadas por chairas importantes como as de Maceda e Antela.

Climaticamente, prevalece o tipo oceánico, caracterizado, en xeral por temperaturas con máximas no verán e mínimas no inverno e precipitacións durante todo o ano. A posición interior do territorio e a existencia dun releve variado, ofrece diferenzas, aínda que domina un "oceánico continentalizado" con temperaturas medias anuais entre 10º e 11º C e precipitacións entre 900 mm por ano. Mais no inverno as temperaturas son frías, con abundantes días de xeadas, mentres que o verán é seco e con alto déficit de precipitacións que pode durar meses.

Estas condicións naturais, especialmente favorables, facilitaron, no seu momento, que este territorio fora obxecto dunha intensa ocupación humana e explotación dos seus recursos naturais, especialmente na agricultura e na gandería. Cuestión esta, que nos últimos 25 anos, leva sufrindo un proceso reversor, tendendo amplas zonas ao abandono humano, envellecemento e conseguinte declive de actividades económicas (ligadas fundamentalmente a actividades gandeiras); coa rara excepción da Limia.

O proceso de transformación do territorio que nos ocupa arranca principalmente a mediados do século XX coa posta en marcha do Plan Forestal do ICONA, o desenvolvemento de actividades gandeiras (principalmente leite, carne e ovino), a xeración e pulo do cooperativismo (nomeadamente COREN) e a desecación da Lagoa de Antela.

O proceso migratorio, de envellecemento e abandono e caída da actividade económica dos 25 últimos anos non se viu compensado coa implantación dun tecido empresarial potente, sobre todo coa creación de áreas de industrialización (parques empresariais) agás pequenas excepcións como Allariz, Xinzo , Celanova ou Vilar de Santos.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Esta diversidade xeográfica (vales, chairas e montañas), que aparentemente poder indicar diferenzas difíciles de encaixar, permite que este territorio comparta trazos históricos, económicos e culturais comúns, que se reflicten nunha "estreita colaboración" entre as xentes das distintas comarcas, ao que tamén contribuíu a transversalidade territorial dun bo número de "rotas" en casos turísticas, outras relixiosas e outras económicas.

É conveniente facer mención das máis importantes, para dar idea da conexións que estas fixeron entre os distintos pobos que moran o noso territorio:

CAMIÑO SAN ROSENDO

Tamén denominado Camiño Natural do Interior San Rosendo. Nestas Terras percorren 2 tramos: de Porto Quintela (Bande) a Celanova; e de Celanova a Ourense.

A rota leva o nome de San Rosendo por coñecerse como defensor e pacificador de Galicia, pero tamén fai referencia a este percorrido unha obra chamada "A vía romana do Gerês" escrita por Don José Matos Ferreira logo de ter feito este camiño no ano 1728. Durante a ruta, podemos descubrir magníficos exemplos do patrimonio relixioso como o Templo Visigodo de Santa Comba, a Igrexa de Bande e o Mosteiro de Celanova, entre outros.

Aínda que a denominación deste primeiro tramo suxire o comezo en Porto Quintela, o verdadeiro inicio está en Santa Comba de Bande.

A segunda parte do Camiño Natural iniciase en Celanova, recorrendo despois polos concellos de Cartelle, A Merca, San Cibrao das Viñas, Barbadás, Toén e Ourense.

A VÍA NOVA ROMANA

O paso desta Vía Romana entrando por Portugal (Gerês) pasando por Lobios até Porto Quintela (Bande) foi o que motivou o levantamento das antigas construcións do campamento romano, hoxe en día, ruínas arqueolóxicas. Salia de Braga e chegaba a Astorga despois de recorrer 215 millas, uns 300 quilómetros, e recalar en dez mansións intermedias coñecidas, por orden de aparición, como Salaniana, Aquis Originis, Aquis Querquennis, Geminas, Salientibus, Praesidium, Nemetobriga, Foro,Gemestario, Bergidum e Interamnium Flavium.

A que pertence ao noso emprazamento é só Aquis Querquennis, aínda que, a territorio

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

quarquerno pertence tamén a de Aquis Originis. A vía cruzaba o río Limia pola Ponte Pedriña,xenuinamente romana, unhas decenas de metros ao norte do actual dique de contención de As Conchas. Avanzaba, a continuación, polas proximidades meridionais de Hermille, chegando seguidamente a Os Chaos, até Portoquintela e O Baño. Prolongábase por As Maus, cruzando o río até Ponte Liñares.

RUTA DA PRATA. Camiño de Santiago

Comeza en A Canda, para continuar até A Gudiña. Logo de pasar por Verín e pasar por Vilar de Barrio,chega a Xinzo de Limia, pasando por A Pena,Trandeiras, Sandiás, Allariz, para chegar a Ourense e seguir cara Santiago de Compostela.

RUTA ALFONSO X O SABIO

Saíndo de Ourense cara Allariz (residencia durante un tempo de Alfonso X) continúa por Santa

Mariña de Augas Santas e Xunqueira de Ambía, cuxa historia xira aoredor da colexiata,e do conxunto románico e plateresco. Sigue percorrido por Baños de Molgas (coñecida polas augas termais), encara o Santuario dos Miragres, continuando cara Maceda (donde tamén residiu Alfonso X) e enlaza esta rota coa Ribeira Sacra.

RUTA DA RAINHA SANTA

Seguindo os pasos dunha ilustre peregrina, Raíña de Portugal, que foi a Santiago por estas terras, sae de Ourense a Celanova, Vilanova dos Infantes, para ir cara a Baixa Limia. Pásase por Bande para chegar a Portoquintela e Entrimo para adentrase en Portugal.

15. DATOS DA POBOACIÓN

G. NÚMERO DE HABITANTES E VARIACIÓN DA POBOACIÓN

A poboación dos 25 concellos que conforman o GDR 10 é de 51.156 habitantes (51% de mulleres

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

e 0 49% de homes) dos cales unicamente un 8% teñen menos de 16 anos fronte a un 37% de maiores de 65 anos.

8. Táboa. Poboación do GDR 10 en tres grupos de idades

	Total	Menos 16 anos	16-64 anos	Máis de 64
Total	51156	4261	28191	18704
Homes	25157	2216	14774	8167
Mulleres	25999	2045	13417	10537

Fonte: IGE, 2015

Se nos fixamos nos datos históricos recentes deste territorio observamos que sofre unha perda de poboación constante. Nos datos recollidos entre 1991 e o 2015, perdeu case un 35% pasando de 80.842 a 52.642 habitantes, isto supón unha perda dun 10% cada 10 anos. Ver gráfico

9. Gráfico. Variación da poboación (1991-2015)



A perda da poboación do territorio do GDR segue a mesma tendencia que o resto da provincia, salvo a comarca de Ourense que crece debilmente debido en parte aos movemento migratorios do rural á cidade. Así vemos os datos na tabela seguinte dos últimos 20 anos.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

10. Número de habitantes nas comarcas do Limia Arnoia (1991-2011)

	Anos			
Comarca	1991	2001	2011	Variación
Allariz-Maceda	17286	15249	15025	-13%
Baixa Limia	11580	9695	8067	-30%
A Limia	29094	24373	22773	-22%
Ourense	134255	141513	145686	9%
Terra de Celanova	24889	22394	19976	-20%
Provincia de Ourense	353491	338446	328697	-7%

Destacamos os datos da comarca da Baixa Limia por ser a que máis poboación perde nos últimos vinte anos un 30% da súa poboación e A Limia e Terras de Celanova máis do 20%. A nível municipal unicamente Allariz e Xinzo de Limia recuperan poboación nas últimas décadas

11. Evolución da Poboación por concellos (1991-2015)



Para completar os datos de demográficos do territorio obxecto de estudo podemos visualizar a gráfica seguinte. Como gráfica tamén significativa, moi visual do saldo vexetativo (recolle o número de persoas que se perderon no total do GDR en tres décadas).

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

12. Gráfico. Saldo vexetativo (1975-2014)



H. ÍNDICE DE ENVELLECEMENTO

Con todos estes datos atopamos unha poboación envellecida, supera en moito a dato galego. Algúns concellos como Lobeira, Sarreaus, Verea ou Porqueira teñen máis do 50% da poboación que supera os 64 anos de idad e soamente en Xinzo de Limia ou Allariz o dato é do 25%.(Fonte: IGE,2015)

13. Táboa. Indice de envellecemento da poboación (2010)

CONCELLO	IE
Allariz	192,1
Baños de Molgas	750,3
Maceda	246,3
Xunqueira de Ambía	570,7
Bande	652,9
Entrimo	438,6
Lobeira	1299,4
Lobios	468,3
Muíños	547,6
Baltar	686,3

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Blancos, Os	462,4
Calvos de Randín	905,9
Porqueira	797,4
Rairiz de Veiga	677
Sandiás	450,5
Sarreaus	784,2
Trasmiras	558,9
Vilar de Bantos	468,4
Vilar de Santos	147,2
Xinzo de Limia	261,8
Taboadela	261,8
Bola, A	562,6
Celanova	276,8
Quintela de Leirado	557,8
Verea	751,4

Se botamos un ollo aos datos de poboación referidos aos menores de 20 anos, vemos que a media dos 25 concellos é dun 8%, é dicir que só 8 de cada 100 habitantes ten menos de 20 anos. Este mesmo dato no 2011 era do 9%.

I. SALDO VEXETATIVO

Para completar os datos de demográficos do territorio obxecto de estudo podemos visualizar a gráfica seguinte na que se recolle o saldo vexetativo no GDR ao longo dos anos. Este dato recolle a diferenza entre as persoas finadas e as nacidas ao longo do anos. Observamos que o resultado é negativo polo menos das últimas 4 décadas.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

14. Gráfico. Saldo vexetativo (1975-2014)



J. PIRÁMIDE POBOACIONAL

Visto os datos anteriores intuíamos que a pirámide de poboación ía ser claramente invertida, e así o podemos comprobar. Atopamos o rango de idade na que máis persoas hai é de 75-79 anos. Hai un dato moi representativo da situación demográfica deste territorio, hai máis mulleres maiores de 90 anos que nenas menores de 5 anos.

A pirámide tamén mostra que as mulleres viven máis anos que os homes, pois nas idades máis avanzadas a pirámide desprázase cara o lado dereito.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

15. Gráfico: pirámide de poboación (2011)



K. TAXA DE NATALIDADE

Taxa de natalidade dos concellos do GDR no ano 2014 é realmente baixa, salvo o caso de Allariz e Xinzo de Limia.

16. Táboa. Taxa de natalidade nos concellos do GDR10

Concello	Taxa de natalidade
Allariz	0,80
Baños de Molgas	0,24
Maceda	0,56
Xunqueira de Ambía	0,07
Bande	0,16
Entrimo	0,14
Lobeira	0,00
Lobios	0,26
Muíños	0,18
Baltar	0,37

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Blancos, Os	0,11
Calvos de Randín	0,19
Porqueira	0,21
Rairiz de Veiga	0,34
Sandiás	0,37
Sarreaus	0,14
Trasmiras	0,28
Vilar de Bantos	0,06
Vilar de Santos	0,32
Xinzo de Limia	0,78
Taboadela	0,32
Bola, A	0,22
Celanova	0,57
Quintela de Leirado	0,14
Verea	0,18

16. DATOS SOCIOECONÓMICOS

17. Táboa: Renda dispoñible bruta por hab. nos concellos do GDR 10

CONCELLOS	Renda dispoñible bruta por hab. (€)
Allariz	14.277,880
Baños de Molgas	10.637,110
Maceda	12.255,890
Xunqueira de Ambía	11.609,000
Bande	12.740,010
Entrimo	10.364,960
Lobeira	10.301,490
Lobios	10.502,870
Muíños	8.853,540
Baltar	10.551,820
Blancos, Os	10.406,310
Calvos de Randín	10.533,840
Porqueira	8.777,270
Rairiz de Veiga	10.607,720
Sandiás	11.544,060
Sarreaus	9.846,500
Trasmiras	8.755,190

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Vilar de Barrio	10.861,950
Vilar de Santos	10.336,380
Xinzo de Limia	13.966,580
Taboadela	10.713,100
Bola, A	10.095,580
Celanova	13.725,980
Quintela de Leirado	10.649,410
Verea	10.657,100
Galicia	14.965,440
Ourense	14.039,510

L. RENDA DISPOÑIBLE BRUTA POR HABITANTE

Atopámonos nun territorio onde a renda dispoñible por familia está por debaixo dos datos provinciais e galegos, salvo o concello de Allariz (14.277,88 €) que supera o dato de Ourense. Destacar a os concellos de Trasmiras, Porqueira e Muíños cunha renda que non chega aos 9.000 €, o que supón case un 6000 € de diferenza cos datos galegos.

M. ACTIVIDADE

As actividades relacionadas co sector servizos é a que máis postos de traballo crea, tamén a que máis empresas existen cunha diferenza importante coa industria ou a construción.

18. Táboa: Tipo e número de empresas e parados por sectores

CONCEPTO		Número
Tipo de empresas	Sen asalariados	2187
	1-2 asalariado	722
	3-5 asalariado	232
	+6 asalariado	92
Número de empresas	Industria	294
	construción	817
	Servizos	2088
Número de parados	Agricultura	341
	Industria	499
	construción	511
	Servizos	2155
	Sen traballo anterior	309

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

O número de ocupados, pese á marxe de erro do gráfico seguinte é moi salientable, cos datos do IGE de 2011 había un total 15.974 persoas traballando no territorio do GDR, das que máis da metade estaban ocupadas no sector servizos (**9040 persoas).**

19. Gráfico: Número de ocupados por sectores de actividade (2011)



(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

N. PARO POR SECTORES ECONOMICOS

20. Gráfico: Paro por sectores, 2014



Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

O. SECTOR AGRARIO

VI. DATOS DO SECTOR NO GDR

O sector agrario neste GDR é moi importante, especialmente na comarca Limia, mostramos na seguinte táboa o número de explotacións (gandeiras e agrícolas por cada un dos concellos do GDR. Moi destacable o número de explotacións en Xinzo ou Trasmiras.

21. Táboa. Número de explotacións por concellos

CONCELLO	EXP. AGRICOLAS	EXP.GANDEIRAS	EXPLOTACIÓNS TOTAIS	EXP. PRIORITARIAS
A BOLA	105	67	172	10
A PORQUEIRA	83	74	157	14
ALLARIZ	119	163	282	13
BALTAR	63	129	192	36
BANDE	20	147	167	19
BAÑOS DE MOLGAS	45	122	167	11
CALVOS DE RANDIN	113	81	194	23
CELANOVA	166	227	393	16
ENTRIMO	33	88	121	18
LOBEIRA	303	78	381	16
LOBIOS	185	156	341	14
MACEDA	94	223	317	53
MUIÑOS	219	179	398	14
OS BLANCOS	61	68	129	14
QUINTELA DE LEIRADO	129	33	162	6

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

RAIRIZ DE VEIGA	82	120	202	25
SANDIAS	174	77	251	47
SARREAUS	131	118	249	31
TABOADELA	63	67	130	3
TRASMIRAS	412	86	498	28
VILAR DE BARRIO	175	120	295	29
VILAR DE SANTOS	84	59	143	17
VILARDEVOS	189	126	315	20
XINZO DE LIMIA	483	285	768	150
XUNQUEIRA DE AMBIA	82	123	205	27
TOTAIS	3.613	3.016	6.629	654

22. Peso das explotacións do GDR en Ourense e Galicia

% Exp. Agricolas	%Exp. Gandeiras	% Exp. Totais	Exp. Prioritarias
27%	30%	29%	43%
8%	3%	5%	4%

VII. A CHAIRA DA LIMIA

A Chaira da Limia ten unha extensión de 80.800 H. e está situada nos concellos de Xinzo de Limia, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xunqueira de Ambía. O relevo moi homoxéneo a 600 m de altitude, a presenza dun importante acuífero e a concentración parcelaria convertérona nunha das principais comarcas agrarias de

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Galicia. Así a a superficie agraria útil da chaira é de 17.000 Ha (50% da SAU da comarca).

A Xunta de Galicia declara a comarca da Limia, Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo deLimia, como **Zona de Especial Interese Agrario**, no Decreto 206⁄2007, do 25 de outubro, polo que se declaran como zonas de especial interese agrario as comarcas de Ordes, A Terra Chá, A Limia, O Deza e O Baixo Miño.

As xeadas e a pluviometría estival son os dous condicionantes para a diversificación de cultivos, neste momentos centrados na:

- PATACA, A Limia é a zona de Galicia onde máis superficie se dedicada ao cultivo da pataca, na Chaira estímanse unha produción de 90-110 millóns de toneladas (dato de 2007) en 3000-3500 ha. Este dato dinos que a Chaira da Limia ten os mellores rendementos pataqueiros de Galicia, especialmente nas zonas de rega (Xinzo de Limia, Sandiás ou Trasmiras).

En canto ás variedades de pataca a "Kennebec"(para consumo) e a "AgriaAgria"(para fritido industrial), son as máis empregadas. O resto de variedades sementadas na Limia divídense entre variedades vermellas como "Desiree"ou "Stemster"orientadas ao mercado portugués, e outras variedades orientadas á industria ""Hermes".

KENNEBEC é a única variedade amparada polo Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida "Pataca de Galicia", sendo a Limia a subzona máis importante de Galicia tanto en superficie cultivada como en número de labregos acollidos (Produtores: 727; Envasadores: 11; Superficie controlada: 502,87 ha; Produción certificada: 5.586.148 kg)*

*Datos obtidos da Consellería de medio rural (Xunta, 2007)

- CEREAL, de importancia a nivel galego, na maioría dos caso como rotación á pataca,. nas parcelas de secano soe ser monocultivo.

A comarca é a principal fornecedora de trigo á industria panificadora galega, e especialmente o "trigo do país" destinado á fabricación do "Pan de Cea" amparado baixo Indicación Xeográfica

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Protexida de Orixe, o que da mostra novamente súa a importancia a nivel galego como zona de na produción cerealista.

- HORTA, en crecemento a superficie cultivada na Limia, aparece con forza como unha alternativa ao monocultivo da pataca. A CEBOLA é a hortaliza na que máis se leva traballado e investigado, especialmente no concello de Vilar de Santos e das mans de dúas cooperativas POSTOIRO E PROCEVISA na actualidade.

  A produción de cebola na Limia faise a partir dunha cooperativa, traballo iniciado hai 20 anos e que acada nos últimos anos a máxima produción, co ECOTIPO CEBOLA DE BETANZOS, despois de probar con outros ecotipos galegos.

  O ecotipo está adaptado a terras limiás, após dun intenso traballo de selección e de investigación conxuntamente co Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo. Na actualidade Vilar de Santos é o máximo produtor de cebola galega cunha superficie de plantación de 35 ha e unha plantacións de 10 millóns de bulbos.

  O ciclo deste cultivo complétase neste concello, unicamente o alcouve que se realiza fora, aínda que o bulbo tráese pequeno para que se adapte ao clima.

  1.- Selección de sementes, lima do bulbo

  2.- Adaptabilidade ao clima do bulbo

  3.- Plantación

  4.- Procesado

  5.- Comercialización

  Na actualidade, as cooperativas traballan na diversificación da horta e destinan 20 ha. Ao cultivo do porro e leituga, iniciando nesta campaña o cultivo do brócoli e coliflor.

A planificación dos recursos hídricos é fundamental para os RENDEMENTOS E CALIDADE DAS EXPLOTACIÓNS E DOS PRODUTOS, no caso da Limia precisa dunha clara diversificación de cultivos (iniciado en parte coa cebola e o porro) e que precisa ser extenso co obxectivo de transformar a agricultura limiá en máis sostible (diversificación, redución no consumo de enerxía,

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

eficiencia enerxética, eficiencia do consumo de auga,...)

VIII. AS GRANXAS POLOS E PORCOS

No caso de producións gandeiras, e como dato destacable, merece a pena mencionar que na comarca da Limia concéntrase o maior número de efectivos de porcino e avícolas de Galicia.

23. Granxas en extensivo na Limia

	Comarca da Limia	Capacidade
AVES	**135**	
Galiñas	134	4.710.388
Pavos	1	251600
PORCINA	142	
Explot. Reducidas	40	144,50 UGM
Explot. Industriais	102	21.789,46 UGM
VACÚN	**271**	11919 Bóbidos
OVINO E CABRÚN	**554**	16521 Pequenos rumiantes

Este volume responde a un forte proceso de concentración produtiva que se levou nos últimos anos. Se comparamos co censo que había no 1989, a produción avícola incrementouse desde as 2.222 ata as 28.078 UG, e a produción porcina desde as 8.232 ata as 44.414 UG. Esta evolución marcou un incremento na presión do gando sobre o territorio, que xa no ano 2009 alcanza as 90 UG/km2. Trátase dun nivel moi elevado se se compara coa media de Galicia (15,9) ou con outras comarcas con forte presenza de gando avícola e de porcino, como o Deza (55,7).

Na análise a curto prazo, medido como a evolución de efectivos entre os anos 2009 e 2011 publicados pola Consellería do Medio Rural e do Mar, obsérvase o continuo crecemento da porcicultura na comarca da Limia. En porcino, as prazas de reprodutoras incrementáronse un 19,6% ata alcanzar as 15.732, e as prazas para cebo experimentaron un crecemento do 31,0 %,

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

para situarse en 107.701. Estes datos teñen interese polo condicionamento ambiental que supoñen e que serán obxecto de análise máis adiante.

P. SECTOR SERVIZOS

24. Gráfico: % de ocupados no sector servizos



25. Táboa. Número de empresas do sector servizo nas comarcas

	Allariz-Maceda	Baixa Limia	A Limia	Taboadela	Terra de Celanova
4 Servizos	632	220	967	54	702
G COMERCIO POR XUNTO E AO RETALLO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	223	81	385	20	311
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	54	16	74	5	56
I HOSTALARÍA	127	67	210	15	130
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	7	1	5	1	2
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	16	3	32	0	14
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	15	6	21	2	7
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	58	8	55	3	42
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	15	4	22	2	21
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURANZA SOCIAL OBRIGATORIA	7	5	12	1	11
P EDUCACIÓN	16	1	24	0	15

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	27	4	36	0	26
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETEMENTO	13	5	21	3	16
S OUTROS SERVIZOS	54	19	70	2	51

IGE, 2014

Q. SECTOR INDUSTRIAL E CONSTRUCIÓN

26. Gráfico: % de ocupados no sector construcción e industria





(SEN DATOS*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

27. Táboa .Número de empresas na industria por comarcas

	Allariz-Maceda	Baixa Limia	A Limia	Taboadela	Terra de Celanova
2 Industria, incluida a enerxía	83	17	135	22	138
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	0	0	9	0	0
05 Extracción de antracita, hulla e lignito	0	0	0	0	0
06 Extracción de cru de petróleo e gas natural	0	0	0	0	0
07 Extracción de minerais metálicos	0	0	0	0	0
08 Outras industrias extractivas	0	0	9	0	0
09 Actividades de apoio ás industrias extractivas	0	0	0	0	0
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	80	16	124	22	138
10 Industria da alimentación	15	10	28	7	26
11 Fabricación de bebidas	3	0	0	1	4
12 Industria do tabaco	0	0	0	0	0
13 Industria téxtil	2	0	0	0	0
14 Confección de roupa de vestir	11	0	2	0	6
15 Industria do coiro e do calzado	3	0	0	0	0
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría	7	2	17	0	38
17 Industria do papel	0	0	0	0	0
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0	0	1	1	1
19 Coquerías e refinación de petróleo	0	0	0	0	0
20 Industria química	1	1	0	1	3
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	0	0	0	0	0
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	2	0	0	1	1
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	8	0	16	1	12
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaliaxes	0	0	0	0	0
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	16	1	38	4	27
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	1	0	0	0	0
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	0	0	0	0	0
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	0	0	2	0	0
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	0	1	0	0	1
30 Fabricación doutro material de transporte	0	0	0	0	0
31 Fabricación de mobles	5	1	15	3	17
32 Outras industrias manufactureiras	0	0	2	1	0
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	6	0	3	2	2
D FORNECEMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	2	1	1	0	0
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	2	1	1	0	0
E FORNECEMENTO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	1	0	1	0	0
36 Captación, depuración e distribución de auga	0	0	1	0	0
37 Recolla e tratamento de augas residuais	0	0	0	0	0
38 Recolla, tratamento e eliminación de residuos; valorización	0	0	0	0	0
39 Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos	1	0	0	0	0

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

28. Táboa .Número de empresas da construción nas comarcas do GDR10

	Allariz-Maceda	Baixa Limia	A Limia	Taboadela	Terra de Celanova
3 Construción	234	107	349	24	288
F CONSTRUCIÓN	234	107	349	24	288
41 Construción de edificios	51	32	99	2	54
41.1 Promoción inmobiliaria	15	8	37	0	14
41.2 Construción de edificios	36	24	62	2	40
42 Enxeñaría civil	3	2	5	0	3
42.1 Construción de estradas e vías férreas, pontes e túneles	2	2	4	0	3
42.2 Construción de redes	1	0	0	0	0
42.9 Construción doutros proxectos de enxeñaría civil	0	0	1	0	0
43 Actividades de construción especializada	180	73	245	22	231
43.1 Demolición e preparación de terreos	10	1	13	2	9
43.2 Instalacións eléctricas, de fontanaría e outras instalacións en obras de construción	38	12	62	5	41
43.3 Acabamento de edificios	51	9	58	6	48
43.9 Outras actividades de construción especializada	81	51	112	9	133

R. PARO NO GDR 10

Na seguinte táboa os datos de paro do territorio, por sexo, idade e sectores de actividade en decembro de 2015. Da táboa seguinte podemos extraer as seguintes conclusións:

- Allariz, Taboadela, Baños de Molgas, Xunqueira de Ambía teñen as taxas máis altas de paro na industria, posiblemente pola proximidade ao Ourense e aos polígonos industriais.
- O número de desempregados no sector servizos é superior ao 40% chegando ao 75% no caso do concello de Muíños ou o 70% no da Bola.
- Os concellos da Limia e Baixa Limia mostran un paro alto, ronda o 20% . Destacamos os de Vilar de Santos, Porqueira, Sarreaus e tamén o concello de Maceda.
- Xinzo de Limia, un 12% dos parados pertencen ao grupo de persoas que non tiñan emprego anterior, o dato máis alto dos 25 concellos.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

29. Táboa. Parados por sectores de actividade e concello

CONCELLOS	TOTAL	SEXO E EDADE						SECTORES				
		HOMES			MULLERES			AGRI-CULTURA	INDUS-TRIA	CONS-TRUCCIÓN	SERVIZOS	Sen emprego anterior
		<25	25 - 44	>=45	<25	25 - 44	>=45					
ALLARIZ	386	9	71	86	6	109	105	7	95	45	220	19
BALTAR	95	1	10	41	2	11	30	14	13	20	44	4
BANDE	116	3	18	46	4	20	25	7	14	19	70	6
BAÑOS DE MOLGAS	81	2	15	35	2	12	15	12	17	15	34	3
BLANCOS, OS	93	5	14	27		17	30	9	9	9	62	4
BOLA, A	90	1	12	31	2	20	24	4	10	8	64	4
CALVOS DE RANDIN	45	3	6	22		7	7	8	2	10	24	1
CELANOVA	457	13	69	126	10	101	138	28	42	50	298	39
ENTRIMO	80	4	13	35	1	11	16	9	1	23	41	6
LOBEIRA	43		9	21	1	6	6	5	8	4	25	1
LOBIOS	122	4	20	39	1	21	37	17	4	19	75	7
MACEDA	225	13	51	39	9	64	49	47	21	25	111	21
MUIÑOS	113	6	12	47	2	13	33	3	7	15	84	4
PORQUEIRA	64	3	16	18		12	15	12	4	6	40	2
QUINTELA DE LEIRADO	53		9	18	3	8	15	8	7	3	24	11
RAIRIZ DE VEIGA	104	4	8	42	2	16	32	8	10	21	59	6
SANDIAS	90	6	14	27	1	21	21	14	9	11	50	6
SARREAUS	88	2	12	30	3	10	31	16	4	12	51	5
TABOADELA	96	5	14	28	7	16	26	3	24	9	49	11
VEREA	63	1	12	20	1	8	21	6	10	8	39	
VILAR DE BARRIO	73		19	24		11	19	5	8	10	42	8
VILAR DE SANTOS	64	2	11	17		12	22	13	4	9	36	2
TRASMIRAS	127	3	20	46	3	17	38	13	19	27	58	10
XINZO DE LIMIA	1.028	38	193	209	34	288	266	114	113	112	568	121
XUNQUEIRA DE AMBIA	77	2	8	33		11	23	5	20	12	38	2

Fonte: Ine, DEC.2015

17. DATOS DE PATRIMONIO

O territorio obxecto desta estratexia é rico en patrimonio material e inmaterial, dentro do material destaca o patrimonio arquitectónico, e dentro deste o tradicional e o relixioso e do inmaterial temos o ENTROIDO como patrimonio inmaterial máis arraigado e ancestral da

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

provincia e de Galicia.

Entramos en detalle no patrimonio material e no inmaterial no Entroido. Cabe dicir, que o patrimonio inmaterial no territorio é innumerable e podemos destacar a lenda de Santa Mariña de Augas Santas, a Romaría da Saínza, Os Maios ou a noite de San Xoán pero ningún ten a dimensión social que ten o Entroido, que ademais afecta a todo o territorio do GDR. No Limia Arnoia hai 2 dos 7 entroidos coa cualificación oficial de FESTA DE INTERESE TURÍSTICO, e de Xinzo de Limia F.I.T. Nacional.

S. ENTROIDO

O Entroido, a festa subversiva e transgresora pero é, tamén, purificación, parodia, rexoubeira representación do mundo. As súas raíces afondan na memoria máis antiga da nosa cultura e, malia escurantismos e prohibicións, rexorde ciclicamente ó longo da Historia cun pulo novo e sorprendente. Nunca estivo tan vivo o Señor Carnal,.de longa tradición en toda Galicia pero especialmente na provincia de Ourense e polo tanto tamén no ámbito territorial deste documento.

O Entroido de Xinzo de Limia, posúe o recoñecemento de "interese turístico nacional" e no caso de Maceda de "Festas de Galicia de interese turístico". Outros varios, non teñen este recoñecemento, pero son festas singulares, tal como ocorre en Allariz, Bande, Celanova, Muíños, Sarreaus e Baltar.

É pois, un aspecto a ter en conta e por en valor no enfoque social, cultural, turístico, etnográfico e histórico que se lle de aos obxectivos do novo GDR.

De seguido atopades brevemente as características propias de cada un destes entroidos:

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

FIGURA	IMAXE

AS PANTALLAS. Xinzo de Limia

As “pantallas” son as estrelas deste Entroido. Estas personaxes ancestrais percorren a vila golpeando dúas vexigas de animais, secas e inchadas como globos, impoñendo a súa lei.

O de Xinzo de Limia é, ademais, o ciclo de Entroido máis longo de toda península, comeza o Domingo Fareleiro (tres antes do Domingo de Entroido)

OS FELOS. Maceda

http://felosdemaceda.com/

O máis ancestral de todos. A súa orixe áchase no corazón do San Mamede entre corgas, penedos, ríos e covas. No Val do Medo houbo grupos tribais, sociedades de máscaras, megalitismo e cultos zoolátricos.

As orixes da máscara remóntana algunhas fontes ás festas pagás da Protohistoria: sociedades tribais, tótems, feitizos de fecundidade e caza, ritos de iniciación. Son esencialmente anárquicos e rebeldes, A diferenza dos ‘cigarróns’ e ‘peliqueiros’, o ‘felo’ non pide diñeiro, **“Vivían do que lle daban e durmían onde podían”**

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

OS VERGALLEIROS. Sarreaus

Figura de gran vistosidade pola súa indumentaria, de esmerada execución. Cada vergalleiro porta un **corno de vacún** que fai soar durante a súa actuación e **un vergallo.** O nome de vergalleiro deriva do vergallo, unha especie de látigo feito cos xenitais dun boi ou dun cabalo.

OS TROITEIROS. Bande

A figura do troiteiro leva unha indumentaria sinxela, non levaba máscara, cubrían a cara con tapetes bordados e sombreiros con espellos

AS CHARRÚAS . Allariz

Probablemente, de orixe medieval, o Charrúa vai soa, investigación etnográfica fala dun personaxe estrafalaria, vestido con roupas de moitas cores, chocas, vergallo e unha monteira ou pelica. Segundo Vicente Risco, levaba unha vara na man.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

GÁRGOLAS. Celanova

A presión eclesiástica que supuña para a festa a presenza na zona do mosteiro de San Rosendo foi, segundo Piñeiro, unha das razóns que dificultaron a consolidación de tradicións coma as de zonas próximas. Os de Celanova buscaron no mosteiro e encontraron as gárgolas que, segundo a lenda local, cobran vida pola noite.

A idea era subvertir a función das gárgolas para expulsar auga e facer que durante o Entroido se transformen en personaxes carnais que buscan quen lles invite a un viño.

OS CABREIROS. Muíños

A máscara, ten a súa orixe no núcleo de Vilar de Cas na parroquia de Souto de Limia, foi recuperada no ano 2004 a raíz das achegas veciñais a partir do cal de elaborou o traxe que está no concello.

O "cabreiro" simboliza un animal típico desta zona de montaña "que baixaba á vila dende o monte para participar nunha loita que remataba cunha danza, facendo soar as chocas.

MADAMES E GALANS. Baltar- OS Blancos

Este Entroido desapareceu pero está recollido como un dos exemplos de Madamaxe do Sur de Galicia.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

T. PATRIMONIO MATERIAL:

O territorio GDR10 posúe un Patromonio Cultural abondoso en todas as facetas e con amplas temáticas.

Segundo o inventario oficial da Xunta de Galicia, os 25 concellos acumulan un total de 378 recursos de amplo espectro, que van desde arquitectura e paisaxismo pasando polo patrimonio inmaterial (Couto Mixto) e literario (compre destacar que só nas Terras de Celanova e Baixa Limia no ano 2016 conviven máis de 50 escritores de todos os estilos literarios).

En canto á conservación deste patrimonio, en termos xerais, pode considerarse nun estado de conservación "apropiado"; pero loxicamente atopamos, por un lado, unha conservación "óptima" de certos recursos, pero que conviven con outros en especial e notorio estado de "abandono".

De ahí a necesidade de incidir na coordinación entre administracións e institucións de cara a emprender accións concretas, sobre todo naqueles recursos máis deteriorados.

Outro dato destacado é a importante rede de **bibliotecas** (22 en total) e **museos** (10), fundamentalmente de ámbito municipal, espalladas por todo o territorio, e que nos apunta no necesario esforzo para mantelas e mellorar en aspectos como: horarios de apertura e oferta de determinadas categorías.

No que se refire ao patrimonio relixioso/arquitectónico, pódese considerarse que o importante número de igrexas e petos de ánimas, supón unha das máis ricas presencias deste tipo de construccións da provincia de Ourense. No perímetro dos 25 concellos cóntase cun total de 179 **igrexas** inventariadas, 3 **mosteiros** e 75 **petos de ánimas.**

O territorio GDR10 Limia / Arnoia tamén se pode considerar único por acoller importantes exemplos de "MEGALITISMO" (monumentos funerarios) de Galicia. Tamén son destacables construcións singulares como os "Foxos do Lobo", moitos deles trasfronteirizos entre Galicia e Portugal.

Son innumerabeis os "dolmens", "mámoas" e restos castrexos espallados polo territorio, destacando o conxunto megalíptico do Val de Salas. Os seguintes poden considerarse os máis

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

relevantes:

30. Táboa. Restos castrexos máis importantes no GDR

Denominación	Concello	Observacións
Necrópole de San Cibrao	A Bola	Localízase na parroquia de Pardavela
Casa da Moura	Entrimo	Un dos máis espectaculares de Galicia polas súas dimensións e o bo estado de conservación. Situado no lugar de Queguas
Outeiro de Cavaladre	Muiños	No Val do Salas. Trátase dunha necrópole composta por catorce túmulos. Aporta un enxoval con abondosos fragmentos de cerámica e puntas de frecha.
Casola do Foxo	Muiños	No Val do Salas, moi preto da casiña da Moura. É un dolmen de cámara simple poligonal.
Casiña da Moura	Muiños	Situado no Val do Salas, xunto ao encoro. Trátase dun dolmen de corredor
Mota Grande	Verea	Túmulo de grandes dimensións cubre unha cámara megalítica composta por cinco ortóstatos.

Outro recurso importante é o TERMALISMO. Compre destacar que nestes momentos está en marcha o plan "Ourense Provincia Termal" desenvolvido entre Deputación Provincial de Ourense e Xunta de Galicia, coa colaboración de concellos e empresas do sector.

O Turismo Termal tende a consolidarse como unha das industrias con mellores perspectivas de cara ao turismo; pero tamén pode servir para unha necesaria recuperación de mananciais en abandono ou mal estado de conservación.

31. INVENTARIO DE AUGAS MINERO-MEDICINAIS E TERMAIS DO ESPAZO GDR10 LIMIA/ARNOIA

NOME MANANTIAL	CONCELLO	RECURSO	FIN
Río Caldo	Lobios	minero medicinais	termais
Fonte Quente (Balneario Baños de Molgas)	Baños de Molgas	minero medicinais	
A Burga	Baños de Molgas	minero medicinais	
As Conchas	Muíños	minero medicinais	
A Siota	Xunqueira de Ambía	minero medicinais	termais

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Os mananciais de Baños de Molgas e Lobios, teñen un aproveitamento axeitado, e o seu estado de conservación é relativamente óptimo.

Non así cos restantes mananciais. Así pois, serían desexables actuacións tendentes á súa reparación e conservación.

O apartado termal, pode considerarse como un dos piares a fortalecer nos vindeiros anos xa que pode ser fonte de xeración de emprego importante. Outro tema será o como abordar o complemento de servizos para "desestacionalizar" este recurso co obxectivo de manter a actividade económica ao longo de todo o ano.

Nestes momentos os balnearios recoñecidos como establecementos sanitarios son:

- Balneario de Riocaldo-Lobios

- Balneario Baños de Molgas.

Ámbolos dous, a día de hoxe, teñen serios problemas para manter a actividade económica durante todo o ano. De feito, combinan aperturas anuais con peches temporais, que en nada axudan a fidelizar clientela.

No momento actual, e coa posta en marcha do citado "Plan Termal" as expectativas fan que se este por apostar pola apertura continuada anual.

VER ANEXO I. Patrimonio

18. DATOS MEDIO AMBIENTAIS

U. ESPAZOS PROTEXIDOS OU CATALOGADOS

O espazo físico que nos ocupa, pódese considerar de extraordinarias características e valor paisaxístico, tanto pola relación de espazos con algún tipo de protección medioambiental, como polo entorno social e cultural que o rodea.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Do total de 1900,9 km^2 , posúen catalogación medioambiental 91.390,2 ha ; en algúns casos compartindo varias figuras de protección.

32. Relación de Espazos protexidos no ámbito xeográfico do GDR10 Limia Arnoia:

A.- PARQUE NATURAL: BAIXA LIMIA-SERRA DO XURÉS
B.-RESERVAS DA BIOSFERA: RESERVA TRANSFRONTERIZA GERÊS-XURÉS E ÁREA DE ALLARIZ
B.1.- RESERVA TRANSFRONTERIZA GERÊS-XURÉS
B.2.- ÁREA DE ALLARIZ
C.-ZONAS DE REDE NATURA 2000:
C.1.--ZEPVN: BAIXA LIMIA, VEIGAS DE PONTELIÑARES E A LIMIA
C1.1.-*ZEC (LIC): BAIXA LIMIA E VEIGAS DE PONTELIÑARES
C.1.2.-*ZEPA: BAIXA LIMIA SERRA DO XURÉS E A LIMIA
D.-MONUMENTO NATURAL: A CARBALLA DA ROCHA (RAIRIZ DE VEIGA)
E.- RESERVA NATURAL FLUVIAL: RÍO LEBOREIRO.



Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

A. PARQUE NATURAL: BAIXA LIMIA-SERRA DO XURÉS

Data de declaración: 22 de Febreiro de 1993 (Decreto 29/1993 do 11 de febreiro).

Data de ampliación: 29 de outubro de 2009 (Decreto 401/2009 do 22 de outubro)

Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN). Decreto 32/1993 e Decreto 64/2009

Superficie:29.345 ha.

Concellos: Entrimo, Lobios, Muíños, Bande, Calvos de Randín, Lobeira.

A declaración deste Parque Natural obedece á necesidade de protexer a importante riqueza natural, orográfica, paisaxística, etnográfica e arqueolóxica desta zona, pero tamén á utilización adecuada dos recursos dispoñibles para a súa boa xestión e aproveitamento, entre outros aspectos, desde o punto de vista turístico.

Correspóndese cun conxunto de serras suroccidentais da provincia de Ourense que forman unha unidade xeomorfolóxica e ecolóxica coas serras portuguesas limítrofes e flanquean o val do río Limia.

O espazo natural abarca parcialmente dous encoros, o de Lindoso e o Salas. A altitude oscila entre os 125 e os 1.540 m sobre o nivel do mar, e a maior parte da zona atópase por riba dos 1.000 m. Trátase do primeiro Parque Transfronteirizo designado como “Europarque”.

De orografía extremadamente abrupta e fracturada, sobre todo nas Serras de Xurés e Santa Eufemia e nos montes do Quinxo, con extensos rochedos e marcadas pendentes. As serras de Queguas e Pisco mostran unha morfoloxía máis suave. A área aséntase sobre un substrato fundamentalmente granítico.

O Parque Natural inclúe varias zonas de reserva integral, que abarcan áreas de valor natural moi alto, sobre todo desde o punto de vista **botánico e faunístico**, e nas que prevalece a conservación sobre calquera outro tipo de actividade.

Flora e vexetación:

A singular posición bioxeográfica da área, permite a concorrencia de especies arbóreas

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

caducifolias, características de condicións climáticas húmidas, e de especies perennifolias, adaptadas a situacións de acusado déficit hídrico estival, que ademais ven matizada a súa distribución en función da altitude, a orientación e a exposición.

Actualmente esta situación privilixiada "convive" cunha serie de riscos, fundamentalmente pola actividade humana. Debido ás cortas, ao antigo costume de realizar queimas para a creación de pastos para o gando e ao intenso pastoreo, estas serras sufriron xeneralizados procesos erosivos que, ao longo dos séculos, provocaron enormes perdas de solo e afloramento dun substrato pétreo descarnado. Non é de estrañar que arredor da metade da superficie cuberta por hábitats seminaturais no parque estea constituída por diferentes tipos de matogueiras e pasteiros, e que as áreas boscosas sexan de extensión reducida, atopándose actualmente en fase de recuperación.

Fauna:

Abundan diversas especies de invertebrados e vertebrados (insectos, anfibios, peixes, mamíferos, aves). Destaca a presenza de aves rapaces, incluíndo especies moi ameazadas e de distribución moi localizada, como é o caso da aguia real que aínda que non nidifica desde décadas, utiliza habitualmente as serras como área para campar desde os seus territorios do Parque Nacional Peneda-Gerês e da que se está intentando a súa reintrodución; a Aguia Perdigueira que ten aquí a súa zona de presenza máis frecuente en Galicia, e o Bufo Real (bubo bubo) cuxa pequena poboación nidificante foi reforzada mediante a solta de varios exemplares. Ademais, nidifican a aguia cobreira, o miñato abelleiro, a gatafornela, a tartaraña cincenta, e o falcón peregrino.

Entre os mamíferos destaca a existencia de varias das especies máis emblemáticas da nosa fauna, como o desmán, a excelente comunidade de carnívoros, que inclúe todas as especies autóctonas, e na que sobresae a presenza do gato bravo, a lontra , a marta, o lobo, o leirón.

O oso pardo sobreviviu na área ata a primeira metade do século XX. Entre os grandes herbívoros destacan o corzo e o xabaril , así como a raza galaico-portuguesa do cabalo que habita en semiliberdade as partes altas das serras e sobre o que se está a levar a cabo un programa de recuperación. Así mesmo, en 1997 iniciouse a reintrodución, con éxito, da cabra montesa (*capra pyrenaica).*

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

B. RESERVAS DA BIOSFERA: ÁREA DE ALLARIZ E RESERVA TRANSFRONTERIZA GERÊS-XURÉS

Segundo a definición oficial, as Reservas da Biosfera constitúen lugares excepcionais para a investigación, a observación a longo prazo, a formación, a educación e a sensibilización do público, permitindo ao mesmo tempo que as comunidades locais participen plenamente na conservación e o uso sostible dos recursos. Constitúen un elemento esencial do programa MaB (home e biosfera) da UNESCO. Son áreas de ecosistemas terrestres, costeiros ou mariños nos que se promove a investigación, a observación a longo prazo, a educación ambiental e a sensibilización do público. Nelas, promóvese a conservación dos recursos naturais e o desenvolvemento económico e social das comunidades locais, tendo en conta todas as necesidades sociais, culturais, económicas dos seus poboadores, apoiadas nunha base científica.

B.1.-RESERVA TRANSFRONTERIZA GERÊS-XURÉS:

Data de declaración:27 de maio de 2009

Superficie:total 330.874 ha: norte de Portugal: 267.958 ha, Galicia: 62.916 ha

Concellos: Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muiños en Galicia.

Arcos de Valdevez, Melgaço, Montalegre, Ponte da Barca e Terras de Bouro no norte de Portugal

Foi aprobada o 27 de maio de 2009 polo "Consejo Internacional de Coordinación (CIC)" do programa da UNESCO sobre o Home e a Biosfera (MaB). Ao tratarse dunha reserva de biosfera transfronteiriza, o esforzo de cooperación entre o territorio e as entidades portuguesas e españolas ten un peso determinante á hora de identificar obxectivos comúns, definir prioridades de actuación para o territorio e artellar estratexias de xestión.

Este esforzo de cooperación entre os dous territorios queda reflectido no proxecto de plan de acción común 2010-2015 da Reserva de Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés, documento elaborado a través da coordinación entre o Instituto da Conservación da Natureza e da Biodiversidade (pola parte portuguesa) e a Xunta de Galicia (Dirección Xeral Conservación da Natureza) pola parte española.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

- Eixos estratéxicos do Plan de Acción:
- imaxe e identidade da Reserva de Biosfera.
- desenvolvemento socioeconómico.
- conservación da natureza.
- participación social e integración da comunidade e actores que interveñen na reserva de biosfera.

B.2.-ÁREA DE ALLARIZ

Data de declaración: 29 de xuño de 2005

Superficie: 21.482 ha.

Concellos: A Bola, Allariz, Rairiz de Veiga e Vilar de Santos

Situación:entre as comarcas de Allariz-Maceda, Terra de Celanova e A Limia, na provincia de Ourense.

Esta Reserva da Biosfera, a nível xeográfico está formada por unha ampla depresión, cunha altitude media de 600 m, por onde decorren os ríos Limia e Arnoia (como os máis importantes), no que destaca na súa parte norte o macizo granítico de Allariz. Toda a zona presenta unha paisaxe agraria tradicional, fortemente intervida polo home desde tempos remotos. Non se trata, pois, de terras agrestes e inhóspitas senón, dunha paisaxe modulada pola man do home desde tempos antergos e que ten xogado un papel moi importante, con aspectos positivos e negativos. A reserva conta cun total de 32 parroquias.

Sobre estas zonas bascula a intervención das actuación máis singulares destes últimos anos, tendentes, en primeiro lugar á súa conservación e na medida do posible á recuperación.

Un traballo fundamental desde o recoñecemento no ano 2005 desta reserva, foi a sensibilización da sociedade que convive nestas terras de cara a conseguir unha implicación na “custodia do territorio”. Parten as actuacións acometidas do principio básico da necesaria colaboración dos habitantes na preservación de **flora** (están determinadas tres unidades xeográficas e produtivas

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

que son merecedoras de protección: as veigas do río Limia e as ribeiras do Arnoia e Ourille; as touzas e as sebes) e **fauna** (vacún de raza limiá, porco celta, ovino e cabrún, así como diversos tipos de réptiles, aves, insectos e anfibios).

Aínda que non é este o espazo de análise específico sobre as reservas da biosfera, merece a pena sintetizar os datos anteriores para detectar tanto potencialidades como eivas,nas que o programa LEADER 2014/2020 poda complementar parte das actuacións de cada unha das dúas reservas. Mesmo, nun prazo temporal ampliado, LEADER podería ser catalizador de iniciativas e mesmo coordinador de actividades que axuden ao cumprimentos dos distintos obxectivos fixados nos plans de acción.

Este aspecto de potencialidades e eivas será analizado máis polo miúdo no apartado DAFO correspondente.

C. Zonas de Rede Natura 2000:

c.1.--ZEPVN: Baixa Limia, Veigas de Ponteliñares e A Limia

c.1.1.-*ZEC (LIC): Baixa Limia e Veigas de Ponteliñares

C.1.2.-*ZEPA: Baixa Limia Serra do Xurés e A Limia

A Rede Natura 2000 está composta polos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC), ata a súa transformación en Zonas Especiais de Conservación (ZEC), polas ditas ZEC e polas Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA), declaradas segundo as disposicións da Directiva 2009/147/CEE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres.

O Decreto 37/2014, do 27 de marzo, publicado no DOG de 31 de marzo de 2014, declara e regula as Zonas Especiais de Conservación e os Lugares de Importancia Comunitaria de Galicia e aprobou o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Nel defínese como tipos de hábitats naturais de interese comunitario os que se atopan ameazados de desaparición na súa área de distribución natural, ou ben presentan unha área de distribución natural reducida a causa da súa regresión, ou debido á súa área intrinsecamente restrinxida. Como tipos de hábitats naturais prioritarios considéranse os tipos de hábitats

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

naturais ameazados de desaparición presentes e cuxa conservación supón unha especial responsabilidade.

VEIGAS DE PONTELIÑARES (RAIRIZ-PORQUEIRA)

A lista de LIC en Galicia foi considerada como insuficiente por parte da Comisión Europea, polo que se fixo preciso completar a aplicación da Directiva 92/43/CEE, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, coa aprobación dunha nova proposta de LIC. A Comisión Europea estableceu para cada unha das rexións bioxeográficas e para cada estado membro, as necesidades de mellora na contribución á Rede Natura 2000, corrixindo as insuficiencias detectadas ou mellorando a información.

C.1.1.-ZEC (LIC): BAIXA LIMIA E VEIGAS DE PONTELIÑARES

Os espazos ZEC, segundo se define no plan director da Rede Natura 2000 teñen os seguintes obxectivos:

- Mellorar e completar o inventario dos tipos de hábitat naturais nos espazos protexidos, con tipoloxía de áreas de montaña.

-Mellorar e completar o inventario das especies de interese comunitario nos espazos protexidos rede natura 2000 con tipoloxía de áreas de montaña.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

-Potenciar a conectividade ecolóxica das áreas de montaña co fin de previr a perda de biodiversidade, facilitar o intercambio xenético e o desprazamento das especies de fauna e flora.

-Fomentar o aproveitamento racional dos recursos, compatibilizándoo cos valores de conservación das áreas de montaña, e que permitan garantir o equilibrio dos procesos naturais.

		Superficie (ha)		
Codigo	LIC	Zona 1	Zona 2	Zona 3
ES1130001	Baixa Limia	8.737,0 ha	24.905,1 ha	175,1 ha
ES1130006	Veiga de Ponteliñares	0,0 ha	159,7 ha	0,0 ha

VEIGAS DE PONTELIÑARES

Superficie: 129,68 ha

Resisten, nos concellos de Rairiz de Veiga e Porqueira, como un reducto, conservando a paisaxe tradicional anterior á desecación da Lagoa de Antela e conforma unha das tres paisaxes destacados da **"Reserva da Biosfera Área de Allariz"**.

As principais unidades ambientais que se atopan nas **"Veigas de Ponteliñares"** están vinculadas aos recursos hídricos da zona: humedais continentais mesturados coa **paisaxe tradicional** e nos que se conservan dous hábitats prioritarios: formacións herbosas naturais dependentes de chans húmidos e brezais húmidos de *erica cilliaris* e *erica tetralix*.

Destaca tamén a presenza do cardo *eryngium viviparum*, un endemismo atlántico que se atopa principalmente nas provincias de Lugo e Ourense.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Baixa Limia:

Superficie: 33.921 ha.

Concellos: Padrenda, Quintela de Leirado, Verea, Bande, Lobeira, Entrimo, Lobios, Muíños, Calvos de Randín

Situación:No extremo sudoccidental da provincia de Ourense, facendo fronteira con Portugal.

O ámbito xeográfico que abarca coincide coa zona ampliada do Parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés, xa que inclúe espazos protexidos nos concellos de Verea, Quintela de Leirado e Padrenda. Pero engade ás características e definición como Parque Natural a singularidade de ser considerado ZEC con especial incidencia na flora autóctona (carballeiras galaico-portuguesas, turbeiras altas activas, queirugais) e fauna (invertebrados, peixes, mamíferos e anfibios).

C.1.2.-ZEPA: BAIXA LIMIA SERRA DO XURÉS E A LIMIA

A designación dun territorio como ZEPA realízase tras a avaliación da importancia do lugar para a conservación dos hábitats das aves a que se aplica o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE de acordo co establecido no artigo 43 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e integrándose directamente na Rede Natura 2000. No ámbito normativo español, son as Comunidades Autónomas as que declaran as ZEPA segundo o procedemento establecido no artigo 44 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

A rede de ZEPA de Galicia está constituída por 16 ZEPA.

Obxectivos xerais para as ZEPA:

a) Manter ou restablecer o estado de conservación favorable das especies de aves á que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE presentes nas ZEPA.

b) Manter ou restablecer o estado de conservación favorable dos hábitats das especies de aves obxecto de conservación nas ZEPA, prestando especial atención ás zonas húmidas.

c) Evitar, dentro das ZEPA, a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivaron a designación das zonas, na medida en que as ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable. Fóra das devanditas ZEPA

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

tamén se fará un especial esforzo por evitar a contaminación ou a deterioración dos hábitats.

d) Fomentar un aproveitamento sustentable dos recursos, compatible coa conservación das especies de aves a que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE presentes nas ZEPA.

e) Informar a poboación implicada nos aproveitamentos do medio natural sobre o valor ecolóxico e os obxectivos de conservación das ZEPA e as medidas para alcanzalos.

A zonificación dun espazo ZEPA implica unha serie de restricións ou limitacións para actividades humanas. Esta son graduais en función das distintas zonas:

Zona 1: área de protección (usos tradicionais compatibles)

A Área de Protección estrutúrase sobre territorios cun **valor de conservación moi alto**, constituídos por unha porción significativa de hábitats prioritarios ou hábitats de interese comunitario ou ben de núcleos poboacionais e hábitats de especies de interese para a conservación.

Zona 2: Área de Conservación (aproveitamento ordenado dos recursos naturais) esta área de conservación inclúe territorios cun **valor de conservación alto e medio**, cunha porción variable de hábitats.

Zona 3: Área de Uso Xeral (Asentamentos e núcleos rurais) A Área de Uso Xeral abrangue territorios cun **valor de conservación medio ou baixo** nos cales predominan os medios seminaturais cunha reducida naturalidade. Inclúense tamén dentro desta zona as áreas cun importante nivel de urbanización, así como grandes áreas destinadas ao uso público.

		Superficie (ha)		
Codigo	ZEPA	Zona 1	Zona 2	Zona 3
ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	8.737,0 ha	22.344,1 ha	175,1 ha
ES0000436	A Limia	0,0 ha	6.939,2 ha	0,0 ha

BAIXA LIMIA SERRA DO XURÉS

ZEPA BAIXA LIMIA-SERRA DO XURÉS (ES0000376).

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal



A superficie que abarca é de 31.256,2 ha. E que comparte co Parque Natural da Baixa Limia Serra do Xurés.

Concellos: Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios, Muíños, Quintela de Leirado e Verea

Nestas ZEPAS de montaña (Baixa Limia) inclúense importantes extensións de matogueiras, áreas boscosas e hábitats rochosos, nos que as aves máis destacadas son as grandes rapaces (aguia real, bufo real, tartarañas, voitre branco) e certas especies forestais (pita de monte e perdiz charrela).

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

A LIMIA

ZEPA A LIMIA (ES0000436).



Superficie:6.932,2 ha.

Concellos: Baños de Molgas,Porqueira,Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Xinzo de Limia e Xunqueira de Ambía

Nesta ZEPA da Limia existen efectivos relevantes de varias especies de aves consideradas xenuinamente esteparias, como o sisón (tetrax tetrax), o alcaraván (burhinus oedicnemus), a tartaraña cincenta (circus pygargus) e a calandriña común (calandrella crachydactila), xunto a outras propias de áreas abertas.

D. MONUMENTO NATURAL: A CARBALLA DA ROCHA (RAIRIZ DE VEIGA)

Data de declaración: 23 de marzo de 2007. Decreto 45/2007.

Superficie: 0,64 ha.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Concello: Rairiz de Veiga.

Situación: Está situado ao suroeste da provincia de Ourense, no termo municipal de Rairiz de Veiga (comarca da Limia). Parroquia de A Sainza

Forma parte da Reserva da Biosfera **"Área de Allariz".** Foi catalogada como Árbore Senlleira "Carballa da Rocha", no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras (Decreto 67/2007, do 22 de marzo e Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro).

A Carballa da Rocha (ou da Saínza) é un **vello e magnífico carballo** (*Quercus robur*) que alcanza un perímetro de 6,90 metros. O seu tronco bifúrcase en dúas grandes ramas até alcanzar a extraordinaria altura de 33 m. O estado de saúde é excelente, sen presentar feridas ni deterioro.

Trátase dun exemplar de notoria singularidade beleza, obxecto de protección especial polo seu interese científico, histórico-cultural e paisaxístico.

Ademais de interese botánico, este árbore de A Saínza posúe un notable valor cultural para as xentes de Rairiz de Veiga. No entorno deste carballo celébrase, cada 24 de setembro, unha das poucas recreacións en Galicia das batallas entre mouros e cristiáns.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

E. RESERVA NATURAL FLUVIAL INTERNACIONAL: RÍO LEBOREIRO

O Plan Hidrográfico do Miño Sil propón coma Reservas Naturais Fluviais determinados ríos ou tramos de río (Zonas de Dominio Público Hidráulico) que se conservan nun excelente estado ecolóxico e con escasa ou nula intervención humana, co gallo de conservar sen alteracións o seu estado actual.

Ditas masas de auga son estudadas tendo en conta a naturalidade da súa conca, a existencia de actividades humanas que poidan influír nas súas características fisicoquímicas e hidrolóxicas, o estado ecolóxico, a incidencia da regulación do fluxo de auga e a presenza de alteracións morfolóxicas

O río Laboreiro, forma fronteira natural entre Portugal e Galicia (Padrenda e Entrimo), e goza dun excelente estado de calidade ecolóxica e unha boa conservación das súas ribeiras e marxes, por ese motivo foi proposto, xunto co Río Troncoso en Melgaço, como reservas naturais fluviais de carácter internacional, as primeiras no ámbito da Unión Europea.

Ditos ríos contan cunha privilexiada ubicación, no Parque Natural da Baixa Limia–Serra do Xurés e o Parque Nacional portugués da Peneda–Gerês, integrantes asemade da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês – Xurés.

Na actualidade está en marcha o proxecto europeo de cooperación transfronteiriza Carisma. O obxectivo xeral deste proxecto de cooperación é o desenvolvemento dunha serie de actuacións de conservación, vixilancia e divulgación que permitan, en primeiro lugar, manter e mellorar o estado de conservación ecolóxico dos ríos Trancoso e Laboreiro na súa condición de ríos transfronteirizos ubicados en espazos naturais protexidos e do seu entorno, dinamizando, en segundo lugar, o desenvolvemento sostible da zona a través de accións de divulgación e educación ambiental na zona.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

V. A CUESTIÓN DA "AUGA" E DOS GASES DE EFECTO INVERNADOIRO (EGI) COMO RECURSO BÁSICO MEDIAMBIENTAL. O "PROXECTO LIFE REXENERA LIMIA".

Mención especial merece este proxecto financiado con fondos europeos e que ten como área xeográfica de actuación directa a comarca da Limia onde se están a implementar solucións enfocadas a frear a deterioración da auga. Os principais sectores económicos aos que se dirixe o proxecto LIFE Rexenera Limia son a gandería e a agricultura, uns dos principais motores da economía da comarca.

Por medio do proxecto LIFE Rexenera Limia vanse implementar accións que teñen un efecto directo na redución da emisión de gases de efecto invernadoiro e nunha minoración da pegada de carbono do proxecto procedente da actividade agraria.

Conforme aos datos dispoñibles no inventario nacional de emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI), a contribución do sector agrario ás emisións de GEI representa o 10,70 por cen das emisións totais e o 26,65 por cen das emisións procedentes de fontes denominadas difusas (transporte, residencial, comercial e institucional, agrario, residuos e gases fluorados). O seu incremento respecto ao ano base foi do 14,50%.

As emisións de GEI do sector agrario son debidas ao metano (CH4) que representa o 61,6% das súas emisións totais e ao óxido nitroso (N2O) que supón o 75,0% das súas emisións totais.

Con respecto á xestión de estercos, ao ter en conta as diferentes especies gandeiras, sobresae o dato de que estes estercos líquidos ou xurros do sector porcino son os que contribúen nunha maior porcentaxe (o 90,2%) ás emisións de metano, representando os restantes de especies gandeiras unicamente o 9,8%.

Para tratar de corrixir esta situación, o proxecto en marcha, propón as seguintes iniciativas, co obxecto de supor un efecto directo na redución de gases de efecto invernadoiro:

1-Sistema de control integrado de xestión de fertilizantes e abonos en chans agrarios, a poñer en marcha como ferramenta que advirte e informa o agricultor ou dono do pasto sobre o nivel de saturación de nutrintes orgánicos nos chans agrarios de acordo ás súas características

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

edafolóxicas, tipo de parcela, localización e tipo de usos, para deste xeito optimizar o abonado de acordo aos requirimentos necesarios. Isto permite proporcionar un instrumento que permita dosificar e previr o abuso na fertilización das terras, tanto de abonos orgánicos como químicos.

2- Xerarase un humidal artificial intensivo de macrófitos para tratamento de augas residuais procedentes de xurros de porcino.

3- Favorecerase o crecemento de flora de ribeira e humidal, que contribúe directamente a reducir a presenza de CO2 e a pegada de carbono pois esta vexetación é un importante sumidoiro de carbono

A maiores terase en conta outro tipo de actuacións complementarias, mais no sentido formativo e experimental, que de acción directa, tales como:

- fomentarase e utilizarase a comunicación electrónica, especialmente entre entidades que se sitúan a maior distancia, sobre a base das facilidades que permiten as telecomunicacións para a comunicación a distancia.

- redución no posible o uso de papel, editándose só aquelas publicacións necesarias para a publicación e comunicación non dixital.

- na adquisición de equipamentos darase prioridade a aqueles que teñan a mellor clasificación enerxética,

- formación continua a agricultores e cidadanía en xeral.

Así pois, este proxecto LIFE Rexenera Limia, comparte coa estratexia deseñada para o período LEADER 2014⁄2020 todos os aspectos de innovación e acción directa e concreta sobre unha das bases de xestión medioambiental que maiores problemas suscita en todo o territorio de actuación.

Tendo en conta, pois, a regulamentación ZEPA, complementando o proxecto LIFE, pódese dicir que estamos diante dunha actuación única no ámbito galego, e que pode ser fonte de experiencias proveitosas para exportar a outras zonas de Galicia e que comparten similares problemáticas coa xestión de xuros e contaminación por estercos.

Pero debemos ser conscientes que para o éxito na proposta final e obxectivos das actuacións

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

previstas, tamén se fai imprescindible o acompañamento por parte das distintas administracións (locais, provinciais, autonómica e estatal); así como a implicación da empresa privada concesionaria dos recursos hídricos (nomeadamente GAS NATURAL/FENOSA) e que precisa colaborar na solución do problema dunha forma decidida, atendendo con certa prioridade aos intereses medioambientais por diante dos intereses económicos inmediatos, realizando unha xestión dos aliviadoiros dos cursos de auga con regularidade e caudal precisos para a osixenación acaída da masa líquida.

W. A RECUPERACIÓN DAS AREEIRAS DA LIMIA

O Departamento de Medio Ambiente Xunta de Galicia, aprobou un Plan para a Recuperación de Humidais, dentro dos cales se atopan accións nos espazos que ocupaba a lagoa, concretamente nas pozas que xeran as explotacións mineiras situadas nos concellos de Vilar de Santos e Sandiás. Este plan recolle unha serie de medidas a desenvolver durante a explotación e a posteriori de tal xeito que se facilite a implantación de especies vexetais e da vida animal. Así, trala restauración as lagoas de orixe antrópico intégranse no medio facendo posible o retorno de moitas especies acuáticas, e a nidificación de aves migratorias.

33. Área de actuación (Areeiras)



Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

X. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO AMBIENTAL

Como análise xeral, pode considerarse que o estado de conservación é aceptable, loxicamente cos matices locais que corresponden a unha zona tan ampla.

Nos últimos anos fíxose un importante traballo de concienciación social ao respecto da necesidade de preservar estes espazos; que porén, non obtivo resultados parellos en todo o territorio.

As dúas ameazas máis claras na conservación medioambiental, veñen determinadas pola **"desocupación do espazo físico (abandono rural)"** e os **"lumes forestais"** que por desgraza son unha "norma" na práctica totalidade do territorio, e case todos os anos, con diferente graos de afectación e intensidade, pero de xeito constante.

Así, en zonas da Reserva da Biosfera da área de Allariz a situación mellorou ao respecto do ano 2005, no que se produce a declaración.

Noutros espazos, como o Parque Natural da Baixa Limia (que concentra outras importantes figuras de protección no seu entorno), as actuacións en todos os sentidos (concienciación, sinalización, servizos) pode dicirse que é manifestamente mellorable.

Nutras zonas (ZEPA da Limia) as declaracións de protección non deixan de estar exentas de polémica, ante as suspicacias da "difícil" convivencia de intereses económicos (sector agrícola) e medio ambientais. Polo que os avances e melloras teñen sido mais ben escasos. Os traballos mais intensos de conciliación destes intereses está a desenvolverse na actualidade a través de proxectos europeos, como o proxecto LIFE: "Regenera Limia", ao que xa se fixo mención con anterioridade que pretende mellorar as condicións de salubridade do río Limia e dos encoros aos que abastece, fundamentalmente o encoro de As Conchas, e en menor medida o de Frieira.

Outro dos traballos pendentes de recuperación medioambiental importante na comarca da Limia, é o que fai referencia a actuación sobre as **charcas de explotación das areeiras**. Traballos que en colaboración coas empresas titulares da explotación deste recurso, e xuntamente con propietarios (en casos, comunidades de propietarios e noutros casos propietarios a título particular) e administracións, teñen un camiño aínda por recorrer, e que feito dun xeito

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

ordenado, pode significar non só unha mellora ambiental, senón a xeración dun recurso paisaxístico e turístico moi importante.

A xeito de análise final, enténdese como moi necesaria a adopción de medidas e actuación concretas en determinas zonas, sobre todo no Parque Natural da Baixa Limia Serra do Xurés, xa que o potencial que atesora (e desenvolvido en mellores condicións na parte portuguesa) pode servir de impulso para todo o territorio.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

PARTE III: A ESTRATEXIA

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

19. ANÁLISE DAFO (DEBILIDADES, AMEAZAS, FORTALEZAS E OPORTUNIDADES)

Conclusións e síntese de fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas baseadas nos rasgos característicos detectados nos datos e xuntanzas realizadas polo territorio. A análise faise por apartados máis salientables do territorio e en función do LEADER (sector agrario e forestal, económico, social, patrimonial e unha parte xenérica).

VER ANEXO III: ANÁLISE DAFO

20. DESCRICIÓN DA ESTRATEXIA

Y. XUSTIFICACIÓN DAS PROPOSTAS INCLUÍDAS, COA BASE DA ANÁLISE DE CONTEXTO, DAFO E PROCESO PARTICIPATIVO SOCIAL

I. PIARES DA ESTRATEXIA DE DESNEVOLVEMENTO LOCAL

A EDL deséñase en tres piares:Sector Agrario, o Medio Ambiente e os Servizos Sociais isto é o que se obten da DAFO e da participación, as principais datos que avalan os piares recóllense na táboa seguinte.

SECTOR AGRARIO	MEDIO AMBIENTE	SERVIZOS SOCIAIS
- Unha das comarcas agrarias máis importantes de Galicia - Emerxencia de novos produtos e iniciativas de transformación nos últimos anos (LEADER 2013-2020) - Moitos recursos escasamente	- O territorio ten unha importante superficie do GDR coa **figura de protección** PARQUE NATURAL BAIXA LIMIA SERRA DO XURÉS, dúas Reservas da Biosfera (unha delas transfronteiriza), Monumento natural: A carballa da Rocha e Rede Natura 2000.ios puntos do territorio.	- Baixa taxa de nacementos - Taxa de envellecemento altísima - Concellos con baixa

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

aproveitados - Existencia de novos cultivos de diversificación (cebola, porro, leituga,...) - Escasa transformación dos produtos agrarios e forestais - Actividade que se estende ao longo de todo o GDR, cun peso importante na empregabilidade.	- A presenza de augas termais en varios puntos do territorio e a existencia dun Plan Termal da Deputación, convérteno nunha oportunidade de emprego todo o GDR. - O medio ambiente *sufre importantes presións do sector agrario (explotación de polos, porcos e coellos en extensivo).* - Uso abusivo de herbicidas e fitosanitarios que merman a calidade da auga e do ambiente. - As industrias extractivas, de areas. - Os excedentes de patacas ou as que non dan o calibre convértense nun problema ambiental.	densidade de poboación - Forte emigración dos mozos/as - Retorno de emigrantes xubilados. - ...

Identificamos tres liñas de acción, AGRO, MEDIO AMBIENTE e OS SERVIZOS AOS MAIORES, isto significa que se terán en conta no deseño dos programas de cooperación, na priorización de proxectos, nos plans de formación a desenvolver por parte do GDR e na busca doutros proxectos de cooperación fora do LEADER 2014-2020.

1. PIARES DA EDL, as MEDIDAS CONCRETAS nas que se resume as liñas estratéxicas son:

- A **priorización de determinados proxectos**, é unha acción ou medida concreta a ter en conta no desenvolvemento da estratexia. Así, que todos os proxectos de natureza produtiva ou non produtiva,que pertenzan aos grupos seguintes serán valorados cunha puntuación **extra de 20 PUNTOS.** Estes 20 puntos serán sumados aos puntos obtidos da valoración do baremo. Así todos os proxectos:
  - do **sector agrario** sexan de produción, transformación, comercialización de produtos ou de mellora da eficiencia enerxética, redución do CO2, redución do consumo de electricidade ou dos derivados do petróleo, así como a transformación dos restos agrarios en compostaxe,...
  - que teñan a ver coma oferta de **servizos ás persoas maiores** sexan promovidos por

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

entidades públicos ou privados. Falamos de centros de día, vivendas comunitarias, servizos de acompañamentos, servizos médicos a domicilio, ...sexan prxectos de ateción sanitaria ou de oferta social, cultural,...

- de carácter **ambiental,** recuperación da paisaxe, da biodiversidade, conservación de floral e fauna, mellora do entorno, reciclaxe e compostaxe de residuos urbanos ou agrarios,... incluímos neste apartado os proxectos de **termalismo** en todas as súas vertentes (médicas-saudables, de lecer, recuperación patrimonial vinculado ás augas termais,...).

- A importancia do respecto polo medio ambiente queda tamén reflectida na puntuación asignada en todos os tipos de proxectos, sempre se valorará positivamente que se usen enerxías renovables, contribución á diversidade, prevención de lumes forestais,...)

- As iniciativas de carácter **NON PRODUTIVOS,** independentemente do promotor/a, inclúense na PRIORIZACIÓN ALTA (até o 90% de axuda) todos os proxectos que se inclúan nos tres piares ou liñas estratéxicas (agrario, ambiente e servizos)

- O **plan de formación** do GDR 10 está, por unha banda, centrado no SECTOR AGRARIO, na produción primaria ecolóxica, na transformación do recursos locais agrarios, prevención de incendio e transformación da madeira e dos recursos do monte. Por outra banda, no apoio ao emprendemento e a mellora tecnolóxica das empresas existentes.

  No plan de formación non se contemplan os cursos de atención sociosanitaria a persoas maiores, pois na fase de participación social acordouse que esa formación estaba cuberta por outras liñas e outras administracións públicas.

- O **plan de cooperación** da céntrase nos piares da EDL, así o apio á produción e comercialización de produtores locais e ecolóxicos, novos aproveitamentos, novos usos,... e por outra banda presentamos unha serie de iniciativas para cooperar centradas na redución da contaminación (lixo,...), mellora das augas, eliminación, reutilización ou transformación de infraestruturas abandonadas de orixe industrial e gandeira, co obxectivo de mellora a paisaxe rural do GDR10.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

2. Detectamos que o territorio obxecto de estudo está formado por núcleos pequeno, disperso e na maior parte dos casos, nos que viven persoas maiores, e nos que a comunicación con vilas é moi escaso. Por todo isto, e após de fase de participación defínese como necesario dotar aos núcleos rurais de comercio e servizos, de tal xeito que os habitantes poidan acceder aos recursos precisos percorrendo menos distancias.

   Unicamente se atopan catro núcleos con oferta suficiente de servizos e comercio estes son Allariz, Maceda, Xinzo e Celanova.

3. Obsérvase que en todos, ou case todos, os núcleos do GDR hai elevado abandono de vivendas, palleiras, e outras edificacións de carácter tradicional (que seguen o perfil de paredes de pedra, teito de tella do país, portas e xanelas de madeira,...) . Abandono que se prolonga no tempo, e polo tanto que pon en perigo a calidade arquitectónica dos núcleos. Co obxecto de contribuír no mantemento da estrutura tradicional das aldeas, a EDL primará ás actuacións que se desenvolvan en edificacións a rehabilitar.

4. Un factor a ter en conta é a cuestión xeográfica polo que se priorizarán os proxectos que se desenvolvan en concellos con realidades sociodemográficas máis negativa.

II. PROCESO DE PARTICIPACIÓN PARA A TOMA DE DECISIÓNS

Levouse a cabo unha importante fase de participación social feita ao longo do mes de maio e xuño e que se desenvolveu do seguinte xeito (máis información no Anexo IV e VI)

- Xuntanzas alcaldes/alcaldesas de xeito individual (na que se puxeron en común as cuestións principais da estratexia, plan de difusión e recolla de achegas)
- Xuntanzas con axentes chave no territorio da empresa (gandeiros e labregos, areeiras, termalismo)
- Xuntanzas con axentes chave no territorio do sector público (INORDE e Confederación hidrográfica Miño SIL)
- Reunións abertas coas asociacións, en xeral

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

- Reunións con asociación de empresarios
- Envío de Enquisas por mail (técnicos municipais, asociacións, dirixentes políticos, ...). Recollida e posterior análise das mesmas.
- Asembleas Xerais de AVINZA, O Vieiro Leboreiro e Grupo da Limia para falar do proceso de constitución do novo grupo, explicar a estratexia e entrega de enquisas.
- Elaboración de WEB do Limia Arnoia e colgar información do proceso e das enquisas, solicitude d e adhesión,...
- Posta en común, debate e consenso entre todos/as alcaldes/alcaldesas
- Xunta Directiva de LIMIA ARNOIA GDR 10, análise e aprobación da estratexia
- Asemblea Xeral LIMIA ARNOIA GDR 10, posta en común da estratexia e aprobación da mesma

Fíxose a maiores, unha análise dos factores externos e internos que afectan ao desenvolvemento do territorio, e a partir do resultado desas dúas tarefas ao detalle elaboramos a estratexia de desenvolvemento local (EDL).

Z. CARACTERÍSTICAS INTEGRADAS DA ESTRATEXIA

Os **retos prioritarios** do Marco Nacional, adaptado ao PDR Galego, poden centrarse nos seguintes:

- Xeración de emprego, atendendo ás necesidades dos sectores tradicionais agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro, así como o apoio a PEMES en outras actividades de diversificación da economía rural, favorecendo a formación, a innovación e o emprendemento.
- Utilización eficiente dos recursos naturais e o mantemento, conservación e recuperación do patrimonio cultural, histórico, arquitectónico e medioambiental e a súa valorización e explotación sostible.
- Mellora dos servizos públicos e da calidade de vida, que axude a paliar o déficit de

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

oportunidades respecto del medio urbano, con especial atención á poboación máis desfavorecida ou en risco de exclusión.

Tal e como se indica no "Marco Nacional de Desarrollo Rural" aprobado pola Comisión Europea en febreiro de 2015, as EDL deben ser programadas nun único obxectivo temático (OT 9): "Promover a inclusión social, loitar contra da pobreza e calquera tipo de discriminación" , pero, iso si, pode ser usado para alcanzar resultados que contribúan aos 11 obxectivos temáticos.

LEADER prográmase integramente no área focal 6B: promover o desenvolvemento local nas zonas rurais. Pero servirá para contribuír á consecución doutras prioridades e áreas focais, especialmente as seguintes:

1 A. Fomentar a innovación, a cooperación e o desenvolvemento da base de coñecementos nas zonas rurais.
3 A. Mellorar a competitividade dos produtores primarios integrándoos mellor na cadea alimentaria a través de réximes de calidade, engadindo valor aos produtos agrarios e a súa promoción en mercados locais ou en eventos sectoriais a nivel galego ou estatal.
4 A. Restaurar, preservar e mellorar a biodiversidade, os sistemas agrarios de alto valor natural, así como o estado das paisaxes europeas.
6 A. Facilitar a diversificación, a creación e o desenvolvemento de pequenas empresas e a creación de emprego.
6 C. Mellorar a accesibilidade ás tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) así como o uso e a calidade das mesmas nas zonas rurais.

- Tendo en conta as características do territorio rural galego e o obxectivo para contribuír á Estratexia 2020 de "lograr un desenvolvemento territorial equilibrado da comunidade rural, incluíndo a creación e conservación do emprego", o enfoque LEADER para o período 2014-2020 en Galicia, orientarase á consecución prioritaria dos seguintes **obxectivos**:
- Mellorar as condicións para crear e manter emprego no medio rural. Os GDR contribuirán de forma prioritaria a seleccionar **proxectos produtivos** que

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

necesariamente consoliden e/ou xeren emprego no territorio.

- Mellorar e implementar servizos para a poboación nas zonas rurais, de xeito que se mellore o nivel de vida dos habitantes do medio rural, favorecendo a inclusión social e traballando na redución da pobreza e no desenvolvemento económico xeral do territorio rural galego. Para iso seguirase impulsando, de forma prioritaria, o desenvolvemento de pequenas infraestruturas e servizos básicos nas zonas rurais, incluíndo as actividades culturais e de lecer e a rehabilitación do patrimonio cultural dos pobos e aldeas do territorio.

- Favorecer a ocupación sostible do territorio, con especial atención aos colectivos máis desfavorecidos dos territorios rurais, en particular, mocidade, mulleres, discapacitados, etc.
- Garantir a sostenibilidade da actividade no medio rural, mediante unha utilización adecuada dos recursos naturais.
- Potenciar a gobernanza local e a animación social.
- Innovación, mediante novas formas de enfrontarse aos retos e necesidades que se suscitan en cada ámbito local.
- Contribuír á conservación e mellora do medio ambiente, mediante a consideración prioritaria nas estratexias de desenvolvemento local participativo deste obxectivo transversal.
- Fomentar o paso a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático, fomentando o uso de enerxías renovables e mellora da eficiencia enerxética.

AA. CONCRECIÓN DE NECESIDADES ESTRUTURAIS SOBRE O TERRITORIO :

- Protexer o espazo rural das comarcas e os seus valores e recursos naturais.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

- Mellorar o acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación nas zonas rurais para asegurar o acceso de todos á sociedade da información que permita unha valorización dos recursos endóxenos.
- Resolver as deficiencias fundamentais dos servizos básicos nas nosas zonas rurais.
- Mellorar o acceso das producións locais aos mercados de proximidade.
- Promover a creación e instalación de empresas innovadoras e de alto valor engadido.
- Mellorar o funcionamento da administración e reducir a burocracia.
- Incrementar a rendibilidade do sector agrario, a través de estruturas de transformación e comercialización.
- Protexer o chan de interese agrario e mellorar o seu aproveitamento.
- Mellorar a formación dos titulares das explotacións agrarias e dos traballadores en xeral.
- Diversificar a produción agraria, aproveitando as condicións agronómicas da comarca. Contribuír á incorporación de mozas á actividade agraria e facilitar a sucesión nas explotacións.
- Incrementar o valor dos produtos agroalimentarios da comarca, a través da produción ecolóxica, da transformación e de mellora da comercialización.
- Reducir o uso de recursos e o impacto ambiental de actividades contaminantes e mellorar a xestión dos residuos.

En canto ás características propias da comarca:

A **localización xeográfica** do territorio GDR10 pode interpretarse tanto en termos de vantaxe e de oportunidade como en termos de ameaza (envellecemento, dispersión, emigración,…) e coloca a este territorio nunha posición diferenciada respecto doutras zonas rurais da provincia de Ourense, por canto a súa extensión con leva unha variedade no social, xeográfico e económico.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

En todo caso, ofrece vantaxes indubidables e é unha das fortalezas nas que se apoiará a presente estratexia de desenvolvemento comarcal, moito máis si se ten en conta que é un factor que non pode modificarse, un feito co que necesariamente hai que contar.

- Territorio fronteira con Portugal, a través da raia seca. Podemos cruzar a Portugal a través dos concellos de Verea, Lobeira, Entrimo, Lobios, Muíños, Calvos de Randín e Baltar. Comparten ademais, Reserva da Biosfera e Parque Natural o que o converte nun territorio óptimo para a cooperación e para intercambio comercial.
- Territorio que contén as infraestruturas de paso para o centro da península, isto ofrece unhas vantaxes importantes. As infraestruturas de alta e media capacidade (autovía e tren) que a atravesan facilitan as comunicacións internas aínda que coas lóxicas distancias entre a periferia do territorio. Nestes núcleos mais afastados prodúcense distorsións de atención nalgúns servizos prioritarios como os servizos sanitarios especializados ou a educación superior, que son claves para a calidade de vida e mellora das capacidades dun territorio.
- Territorio moi ben comunicado coa capital de provincia, eixo atlántico e capital de Galicia mediante a autovía cara a Ourense, Vigo e cara a Santiago, liña de tren de alta velocidade dende Ourense – A Coruña.

Casuísticas específicas:

- **Orografía do territorio, a amplitude**
- No que respecta á problemática da **oferta e demanda turística**, é en todo caso complexa, xa que a afluencia por veces intensa de visitantes en tempada alta, e escaseza no resto do ano, somete ao sector a unha elevada presión que pode incidir sobre o mantemento dos recursos turísticos e a calidade dos servizos ao turismo, tanto públicos como privados.
- Faise precisa, tamén, a xeneralización do coñecemento e uso das **(TIC,s) tecnoloxías da información e a comunicación,** que pasa por mellorar a conectividade, mediante a mellora das infraestruturas e por incrementar o seu uso das mesmas nas empresas, as administracións e os particulares. Un reto pendente de superar nas zonas rurais.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

O uso avanzado das TIC´s mellora:

- Na competitividade empresarial, especialmente co uso da internet, da difusión e publicidade a través das redes sociais, novas canles de comercialización, axilidade na comunicación e da xestión, posibilidade de ofertar novos servizos, de adquirir novos produtos,...as TIC´s son unha oportunidade enorme para as empresas o rural.

- A consolidación da zona de actuación como un espazo atractivo para a localización de empresas depende tamén de facilitar o desenvolvemento da actividade empresarial. Tendo en conta a existencia de **catro polígonos industrias con parcelas dispoñibles para a instalación de novas empresas ou ampliación das existentes.**

- A redución da burocracia é unha demanda constante dos operadores económicos da zona, así como a regulación, e unha maior calidade na xestión das administracións, eliminando trámites, reducindo prazos e facilitando a tramitación de autorizacións e licenzas.

- O **sector agrario e forestal** demandan unha apertura da normativa LEADER 2014-2020 para facer máis atractivas as axudas para o sector primario e a transformación. Inciden na necesidade de desenvolver este sector nunha zona cun grande potencial, e que, na práctica ven moi reducidas as súas opción de concorrer ás axudas da Consellería do Medio Rural a través doutras formas de financiación do FEADER (Plans de Mellora de Explotacións Agrarias). Polo que unha das demandas que se trasladan á presente estratexia, coincide en aproveitar ao máximo o marco LEADER para primar as iniciativas que teñan como protagonista o sector de produción, transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais.

- Mantemento dun sector agrario competitivo esixe en primeiro lugar contar con suficiente chan agrícola que permita o crecemento das explotacións, que, en xeral, teñen un tamaño moi reducido. A atomización da propiedade agraria, coa salvidade da comarca da Limia, dificulta que as explotacións poidan dispoñer de chan agrario nas mellores condicións para unha utilización eficiente.

- Unha boa ordenación do territorio redunda en interese dos agricultores, pero tamén da

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

conservación dos recursos naturais, da biodiversidade e da paisaxe agrícola, que é á súa vez un activo para o sector turístico e redunda en beneficio da sociedade no seu conxunto. Protexer o espazo e a paisaxe agrícola conservando os usos tradicionais debe ser un obxectivo compartido polos axentes da comarca. Tamén é facilitar a posta en explotación das terras ociosas, incluíndo os terreos comunais estean en desuso.

- Os produtos agrarios da comarca gozan de recoñecemento nos mercados. Sirva con sinalar que no ámbito xeográfico dos 25 concellos, cóntase con 2 Indicacións Xeográficas Protexidas específicas, Pataca de Galicia e Ternera Gallega (razas Limiá e Cachena), líderes galegos na produción da Cebola Chata de Betanzos, adaptada a terreos da Limia, o primeiro queixo de ovella (Queixo do Rexo), Amendoados de Allariz, con todo, a súa transformación é moi escasa e a comercialización moi limitada.
- Atender aos mercados potenciais faise difícil para os produtores individuais, ata dos máis grandes, polo que é imprescindible **fomentar o asociacionismo e a cooperación** entre os produtores. Este obxectivo tropeza coa limitada tradición de cooperación entre os produtores agrarios. E cando se cualifica de "limitada" sirve para recoñecer o esforzo feito nos anos 70 e 80 por tecer unha rede cooperativa importante con base en granxas de gandería dependente (polos, ovos, vacún carne, porcino) a través da cooperativa COREN. Crear unha cultura de cooperación non é sinxelo. Requírese tempo e intensos labores de formación, sensibilización.

BB. ASPECTOS INNOVADORES DA ESTRATEXIA

Tense definido "Innovación" como "calquera actividade cuxo resultado supoña un avance tecnolóxico ou unha mellora substancial dun produto ou proceso, servizo ou negocio".

En resume, se é novidade na empresa ou territorio; é innovación, polo que vai supor de cambio baseado nun coñecemento ou experiencia que xera valor.

Pódense describir varios tipos de innovación:

- Tecnolóxica: mellora ou novidade no coñecemento tecnolóxico.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

- Organizativa: desenvolver un coñecemento de xestión acaído.
- Comercial: Explorar os coñecementos e técnicas de marketing.

A elaboración dunha EDL precisa a necesaria innovación que permita recoller a experiencia de programas anteriores, pero aproveitar intelixentemente e de xeito práctico as oportunidades que brinda un novo período orzamentario, coa conseguinte modificación regulamentaria.

Neste caso o aspecto máis novo constitúeo a elaboración en si mesma da presente EDL. Polo tanto a estratexia a presentar polo GDR10 Limia Arnoia adapta a descrita como **Innovación Organizativa**, por canto a participación, consulta, coñecemento e aspecto prepositivo das nosas comarcas, contou cos seguintes valores:

a. Nível participativo da sociedade rural organizada (tanto a través de institucións públicas como entidades privadas) permite unha aproximación máis real á problemática do territorio.
b. Participación de axentes chave no territorio (empresarios do sector areeiras, gandeiros, termal,..) que teñen moi a ver co desenvolvemento e o impacto que supón a súa actividade, sexa esta positiva ou negativa)
c. Xuntanzas de alcaldes/alcadesas para posta en común, debate e acordos das medidas estratéxicas
d. Elaboración da enquisas (sector servizos, agroforestal, comercio polo miúdo, industria, ...), análise posterior e elaboración da estratexia en función dos resultados obtidos.
e. Elemento coñecedor do espazo no que se vai desenvolver, permite a concreción daqueles elementos máis relevantes da estratexia.

- Certos aspectos veñen xa definidos (economía baixa en CO2, redución substancial do consumo enerxético) e conteñen xa a innovación na súa esencia.

Pero si a isto engadimos propostas concretas, proxectos adaptados e pegados ao territorio, colaboración entre os distintos actores (emisores e receptores) podemos concluír, sen lugar a dúbidas, que esta EDL se adapta o fundamental ao sentir regulado e normativizado, tanto pola Comisión Europea, como polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, polo que se inclúe outro aspecto fulcral do concepto, a **Innovación Comercial**:

- Uso sostible dos recursos naturais da comarca para incrementar a rentabilidade das

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

actividades agropecuarias e forestais .

- Apoio á iniciativa empresarial para aproveitar todas as posibilidades de xeración e consolidación de emprego.
- Mellora da calidade dos recursos e os servizos turísticos.
- Consolidación, ampliación e adaptación (en casos) da oferta de servizos públicos e privados.
- Incorporar coñecemento ao territorio e mellorar a dotación de capital humano da comarca.

Mais, non pode haber un programa de desenvolvemento rural que se considere innovador, sen contar coa **Innovación Tecnolóxica**. No 2016, tal e como ten quedado de manifesto na análise das condicións do territorio que nos ocupa, seguimos a ter enormes carencias na aplicación do coñecemento tecnolóxico.

O acceso ás novas tecnoloxías no 100% do espazo físico, con níveis e estándares de calidade de "última xeración", debe ser un dos eixes que motive a aplicación do programa LEADER 2014/2020.

- Formulamos proxectos de cooperación sustentados no uso dos **Sistemas de Información Xeográficos (SIX)** de aplicación práctica.
- Formación especifica a empresarios/as actuais para dar o salto á **xestión dixital da empresa**
- Formación en **redes socias** e as empresas, posicionamneto web.
- Formación en **TIC,s a novos emprendedores**
- Para elo serán incorporados, os proxectos que incidan na aplicación destas novas tecnoloxías, nos criterios de **prioridade alta**, tanto teñan que ver cos tradicionais servizos á poboación (telecentros, aulas informática,...) as aplicacións móbiles para mellora do turismo, ou servizos á cidadanía (servizos de acompañamento, de igualdade, inclusión social, ...)

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

O obxectivo é acadar no ano 2023 (n+3) un uso das TIC´s moi próximo á media de Galicia.

CC. OBXECTIVOS DA ESTRATEXIA

Dende o Grupo de Desenvolvemento Rural Limia-Arnoia GDR-10, pretendemos levar a cabo unha estratexia de desenvolvemento que estea sustentada en tres piares básicos, **o sector agrario, o ambiental e os servizos .**

Polo tanto, os obxectivos específicos van ir en parte centrados neste tres eidos. Máis sen esquecer outros aspectos transversais da estratexia: innovación, xeración e mantemento de emprego.

Polo que a maiores e tendo en conta as medidas contempladas no LEADER, os obxectivos do PDR e as propostas recollidas no proceso de participación resultado da participación pública desenvolvida recóllense outros obxectivos que teñen que ver coa diversificación da economía, mellora do patrimonio ou a aumento do número de servizos dispoñibles para a poboación do GDR 10.

Esta estratexia establece a **Igualdade** como outro obxectivo transversal e polo tanto terase en conta en todas as accións que se desenvolvan ao longo do proxecto LEADER (apoio a empresas, formación, ...)

Así, os obxectivos concretos, medibles e temporais que se marcan nesta estratexia son os seguintes:

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

OBXECTIVOS

1º BLOQUE. Obxectivos globais dos proxectos a desenvolver, ten que ver cos indicadores números de empresas, número de proxectos, número de postos de traballo totais creados ou consolidados.
Crear 50 microempresas no territorio do GDR durante o programa, das cales un 20,8% serán de posta en valor dos recursos agrarios.
Creación de 173 postos de traballo (50% de traballo por conta propia e o 50% de conta allea)
Desenvolveranse 60 proxectos de modernización de empresas existentes no territorio GDR 10
Consolidaranse uns 700 postos de traballo, mediante os proxectos produtivos e non produtivos levados a cabo no período 2014-2020.
2º BLOQUE. Obxectivos marcados no sector agrario e ambiente
30% das empresas creadas no período 2014-2020 sexan de transformación, valorización ou comercialización agraria.
10 novos produtos alimentarios sacaranse ao mercado no período 2014-2020, tendo en conta produción agrícola actual.
Mellorar a comercialización das empresas de transformación agraria mediante a mellora da imaxe, posicionamento internet,…
Desenvolver de 2-5 proxectos relacionados co aproveitamento da biomasa, residuos orgánicos urbanos ou gandeiros.
Mellorar a rendabilidade das explotacións mediante o aforro enerxético. Apoio de mellora da eficiencia enerxética de 10 explotacións.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Formar un total de 50 persoas anuais nos cursos de formación para desempregados/as en temática agraria

Mellorar a eficiencia no uso da auga de regadío, mediante a instalación de novas tecnoloxías

Apoio á diversificación empresarial cara á a transformación e comercialización de produtos agrarios. Principais recursos locais:

Pataca (IXP)
Horta (porro, cebola, arandos)
Embutidos
Conservas e licores
2ª transformación do mel
Razas autóctonas: Cachena, Limiá
Carne de boi
Castañas
Diversificación de cultivos
...

Mellora da calidade ambiental e paisaxística da antiga Lagoa de Antela

Mellora da calidade e control das augas do territorio, mediante a control das emisións contaminantes dos núcleos urbanos, explotacións gandeiras e sector industrial.

Posta en marcha de novas explotacións hortícolas e gandeiras complementarias

Redución do uso de fitosanitarios e herbicidas nas explotacións agrícolas, especialmente nas parcelas agrícolas da Limia.

3º BLOQUE 3º. OUTROS SECTORES

Recóllense aquí os obxectivos doutros sectores económicos relevantes no territorio como o turismo, termalismo, servizos,

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Apoiar os proxectos, produtivos e non produtivos, vinculados á posta en valor do recursos termal do territorio.
Contribuír á creación de emprego no sector téxtil, emprego feminino maioritariamente.
Desenvolvemento de proxectos turísticos baseados nos recursos endóxenos do territorio (naturais, patrimoniais, culturais e especialmente os termais).
Aumentar o número de servizos á poboación maior e á infancia dentro do territorio GDR, especialmente en concellos onde practicamente non hai servizos (xantar na casa, centros de día, puntos e atención á infancia, escolas de música,...)
Mellora e conservación do patrimonio cultural (material e inmaterial)

DD. PLAN DE ACCIÓN . ACCIONS CONCRETAS

III. ACTUACIÓNS PREFERENTES: SECTORES E MEDIDAS

Analizada a realidade social e territorial do GDR 10, e tal como quedou establecido, a estratexia sostense en TRES piares o "SECTOR AGRARIO" e "MEDIO AMBIENTE" e a"SERVIZOS A MAIORES".

O primeiro debido á importancia do sector en boa parte do noso territorio, aínda que fundamentalmente na comarca da Limia e as posibilidades de creación de empregos e produtos dentro dos 25 concellos, e segundo é evidente tendo un Parque Natural e dúas Reservas da Biosfera no territorio GDR. O terceiro piar está xustificado na realidade social do territorio, baixa densidade, alto índice de envellecemento, baixa natalidade infantil,... Subliñar, que estes tres paires extráense da face de participación pública e especialmente da enquisas recollidas aos sectores públicos e privados.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Así, as liñas de actuación preferente irán enfocadas a acadar unha mellora na calidade dos produtos agrícolas, aumento dos produtos transformados, aproveitamento de novos recursos, ... de tal xeito que mediante os fondos LEADER 2014-2020 se aposte por microempresas nas aldeas que contribúan ao mantemento da poboación rural.

O piar agrario ten moito que ver co AMBIENTE, pois estas iniciativas deben estar sustentadas no "saber facer" local e no respecto polo medio, intentando recuperar ese saber facer.

Por outra banda, apoiar/pular polo desenvolvemento de proxectos vinculados á conservación e mellora do ambiente, sexan este produtivos ou non produtivos. Falamos da mellora da calidade das augas, das terras de cultivo, da recuperación das areeiras da Limia, posta en produción da Veigas da Saínza e de Ponteliñares, fomento do deporte de montaña, de chaira, de auga, de natureza,...e as empresas relacionadas con estas actividades. O aproveitamento da biomasa, a posta en produción das terras de concentracións parcelarias.

IV. CRITERIOS DE ACTUACIÓN NO SECTOR SERVIZOS

O sector servizos será subvencionable nos núcleos de poboación de menos de 1500 habitantes, excluímos da mesma aos núcleos de Allariz, Maceda, Xinzo de Limia e Celanova.

Para demostrar o carácter innovador deberá demostrar que non existe un servizo similar no núcleo que se pretende instalar, para iso debe presentar un informe elaborado por algún técnico pertencente a algunha administración pública. En dito informe debe figurar claramente que non existe o servizo ou enumerar os servizos que existen, así como os aspectos innovadores que o definen como tal, tendo en conta a presente estratexia, de tal xeito que a equipa xestora do programa poida valorar a subvencionalidade do proxecto.

V. CRITERIOS DE ACTUACIÓN NO SECTOR DO COMERCIO POLO MIÚDO

A venda polo miúdo será subvencionable nos núcleos de poboación de menos de 1500 habitantes, excluímos da mesma aos núcleos de Allariz, Maceda, Xinzo de Limia e Celanova.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Serán subvencionables en todos os núcleos do GDR os proxecto de venda polo miúdo no caso de seren unha actividade innovadora.

Pra demostrar o carácter innovador deberá demostrar que non existe un comercio similar no núcleo que se pretende instalar, para iso debe presentar un informe elaborado por algún técnico pertencente a algunha administración pública. En dito informe debe figurar claramente que non existe o servizo ou enumerar os servizos que existen, así como os aspectos innovadores que o definen como tal e tendo en conta a presente estratexia, de tal xeito que a equipa xestora do programa poida valorar a subvencionalidade do proxecto.

VI. CRITERIOS DE ACTUACIÓN EN CENTROS E INFRAESTRUTURAS SOCIAIS

Os centros ou infraestruturas sociais, dos **non produtivos**, serán subvencionábeis nos seguintes casos:

- Mellora das instalacións nos centros sociais existentes e que poidan demostrar unha actividade permanente ao longo do ano, a centro deberá ter actividade polo menos 3 días á semana ao logo de todo o ano. Entregarase memoria de actividades na que figuren os horarios do centro para que o persoal técnico do GDR visite as instalacións e comprobe in situ o funcionamento o centro e elabore un informe das súas visitas (mínimo de dúas).
- Infraestruturas novas que teñan como obxectivo ofertar un servizo co compromiso de ofertar o servizo ao longo de todo o ano, para iso terá que presentar un Plan detallado das actividades a desenvolver que será O servizo debe ofertarse un mínimo de 3 días á semana e 4 horas ao día.

VII. CRITERIOS DE ACTUACIÓN EN LOCAIS SOCIAIS

- **Os Novos Locais Sociais** serán subvencionables cun **máximo de 50.000 €** tendo en conta os seguintes condicionantes:
  - Presentando un Plan de Actividades que demostre o uso continuado ao longo do ano

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

- No caso de non existiren un local das mesmas características na parroquia na que se pretende construír (certificado municipal).

- Unicamente se consiste na rehabilitación de edificacións xa existentes de características tradicionais.

A Xunta Directiva poderá aprobar a construción dunha nova edificación, sempre que non haxa edificacións tradicionais a rehabilitar ou se xustifique a imposibilidade de acceder ás existentes (prezo, non localización dos propietarios, non venda das edificacións,...)

- Nos **locais sociais existentes** para os que se solicite axudas de melloras no local para adaptabilidade a persoas con mobilidade reducida, eficiencia enerxética, uso de enerxías renovables, obras para novos servizos,... a axuda estará **limitada a 20.000 €**

VIII. ACCIÓNS CONCRETAS NO PATRIMONIO

Identificamos ao longo e ancho do territorio un inmenso patrimonio cultural catalogado (ver ANEXO I), nese mesmo anexo destacamos algúns elementos patrimoniais con posibilidades de accións concretas ao longo do período 2014-2020, tendo en conta as achegas dos sectores públicos do territorio, a experiencia anterior.

Falamos do Castro de Armea (Allariz), o Órgano da Colexiata (Xunqueira de Ambía), os Foxos do Lobo (Muíños), o Aquis Querquensis. (Bande), o Mosteiro de Trandeiras (Xinzo) e as Torres Medievais (Xinzo, Porqueira, Taboadela, Sandiás,...) moi características das comarcas incluídas na estratexia.

EE. CADRO DE INDICADORES E TEMPORALIZACIÓN DOS OBXECTIVOS

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Consultar neste apartado o ANEXO II, CADRO de INDICADORES de RESULTADO por SUBMEDIDAS no que se recollen os indicadores e a temporalización da estratexia detallada.

Na táboa seguinte mostramos os datos xerais da Submedida 19.2, na que se executarán un total de 160 proxecto, dos cales 24 serán do sector público e os restan do sector privado. A creación de emprego estimada para estes proxectos é de 171 novos postos de traballo (51,1% de mulleres).

Con este numero de proxectos a axuda pública será de 4.477.369, cunha achega privada de 9.085.328 €.

34. Táboa. Resumo de indicadores

TIPOLOXÍA DO PROXECTO	Nº de proxectos financiados polo GDR	NÚMERO DE BENEFICIARIOS					NÚMERO DE EMPREGOS CREADOS					Axuda pública	Achega privada
		Sector privado		Sector público	GDR	TOTAL	Homes		Mulleres		TOTAL		
		Particulares	Persoas xurídicas				<30	>30	<30	>30			
TOTAL	**160**	**65**	**55**	**24**	**16**	**160**	**44**	**42**	**51**	**34**	**171**	**4477369**	**9085328**

A temporalización dos obxectivos, recóllese no cadro de accións concretas, por anualidade (do 2017 ao 2020) e estímase unha grado de execución do primeiro ano dun (15% dos obxectivos), no ano 2 (25%) e nos ano 3 e 4 un 30% en ambas anualidades.

35. Táboa de temporalización dos resultados

Anualidade	2017	2018	2019	2020	TOTAL
Orzamento executado	671.605,34 €	1.119.342,23 €	1.343.210,68 €	1.343.210,68 €	4.477.368,94 €

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

FF. PLAN DE FORMACIÓN DO GDR 10, NO ÁMBITO DA SUBMEDIDA 19.2: PRIORIDADES

Após de ter feito a análise DAFO do territorio ao que vai ir dirixido o plan de formación, pois a análise DAFO constitúe o método máis sinxelo e eficaz para deseñar unha futura intervención. A DAFO vainos axudar a deseñar as accións que se deberían pór en marcha, incluímos neste apartado, ademais da DAFO xenérica, unha sobre o mercado laboral e a estrutura produtiva.

As variables que se van a someter a análise no ámbito territorial do GDR10 que se describen a continuación: territorio e infraestruturas, estrutura demográfica, estrutura produtiva, mercado laboral, e formación e orientación laboral.

GG. DAFO ESPECIFICO DO PLAN DE ACCIÓN

IX. MERCADO LABORAL.

Análise INTERNO	Análise EXTERNO
Debilidades	Ameazas
D1. Dependencia excesiva do valor no mercado da pataca.	A1. Crise económico-financieira mundial. Que repercute en todos os sectores económicos e mesmo pon en perigo as empresas rentables.
D2. Feminización do Paro. Temos un alto porcentaxe de paro feminino.	A2. Crise d sector inmobiliario e da construción.
D3. Salarios baixos, en xeral.	A3. Alta taxa de precariedade laboral e de desemprego.
D4. Estacionalidade en determinados sectores (industria alimentaria, administración pública,	A4. Alta temporalidade no emprego. En función

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

hostalería, agricultura,...).

D6. Escasa capacidade de concentración do sector servizos. Mentres que en Galicia 3 de 4 contratos pertencen a este sector, en las tres comarcas apenas chegan á metade.

D7. Elevado porcentaxe de paro de longa duración en relación aos maiores de 45 años.

de la estacionalidade da demanda e a etapa d ciclo económico no que nos encontremos.

A5. Baixa retribución salarial. Os salarios son baixos e poden provocar o éxodo da poboación traballadora cara a outros territorios.

A6. Minifundismo empresarial. O mercado laboral da zona está constituído por empresas de pequeno tamaño, índice da falta de ofertas de traballo para perfiles máis especializados.

Fortalezas	Oportunidades
F1. Existencia de subsectores que empregan sobre todo mano de obra feminina. Por exemplo la industria alimentaria, o comercio y a hostalería.	O1. As liñas de axuda á promoción de emprego dende as administracións públicas (Consellería e Traballo, IGAPE,)
F2. Maior refuxio de emprego no sector primario de Galicia. Hai un alto porcentaxe de mulleres e homes afiliados/as no sector primario.	O2. Retorno de capital humano, que enriquece o mercado laboral. As persoas retornadas poden aportar a súa cualificación e experiencia.
F3. Existencia de profesionais formados en temas de formación e emprego. Casi a totalidade dos concellos conta con técnicos/as especializados/as en temas de formación e emprego.	O3. Oportunidades de Emprego, existen oportunidades de emprego ligadas aos novos viveiros de emprego e la implantación de la Lei de Dependencia, provocando a nova aparición dun novo sector centrado na atención e coidado das persoas maiores.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

X. ESTRUTURA PRODUTIVA.

Análise Interno	Análise Exteno
Debilidades	Ameazas
D1. Pequena dimensión empresarial. As empresas caracterízanse por ser de pequeno tamaño, predominando aquelas que non teñen empregados, limitada. Por outra parte existe unha escasa implantación de empresas de economía social. D2. Baixa profesionalización dunha parte de empresas. A baixa cualificación dunha parte do empresariado é unha limitación para o crecemento empresarial,. D3. Falta de RR HH cualificados e salarios pouco atractivos de salarios. Baixa implementación das TIC.s na xestión empresarial. D4. Escasa colaboración, cooperación e coordinación institucional e empresarial intermunicipal. D5. Escasa ou nula I+D+i, e dificultade para adaptarse á realidade e aos novos mercados e non apostar por I + D +i. D6. Baixa renda dispoñible das familias . D7. Falta de transformación, comercialización e posta en valor dos produtos agrícolas locais (pataca, cereal, mel, horta, ...)	A1. Falta de coordinación e eficiencia nas políticas públicas orientadas ao sector empresarial A2. Crise económico-financieira actual. Pesimismo xeneralizado sobre a situación económica actual que fai que se limite o acceso ás liñas de créditos freando o proceso produtivo das empresas. A crise tamén pode afectar negativamente na demanda dos servizos que non son de primeira necesidade e de modo moi significativo á demanda turística. A3. Crise do sector da construción, que afecta a máis da cuarta parte das empresas da comarca, con escasa capacidade de reacción. A4. O carácter cíclico da economía primaria, pode xerar maiores distorsións na zona que depende da evolución deste sector, dado o tamaño reducido do resto. A5. Aumento da competitividade como consecuencia da ampliación da Unión Europea. As novas incorporacións de países da UE supoñen unha competencia para os produtos locais, especialmente da pataca e cereal.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

D8. Presión sobre a superficie agraria cultivada, naquelas zonas de especial protección: zona ZEPA, Veigas e entorno de interese paisaxístico.

D10. Excesiva dependencia do sector da pataca, mercado moi flutuante.

Fortalezas

F1. O entorno xeográfico e as súas características medioambientais, a calidade da terra, a chaira, e o clima son propios para o sector agrario-gandeiro. A riqueza paisaxística natural e cultural é un potencial para o sector turístico, posibilitando a creación de rutas turísticas alternativas que superen a estacionalidade do sector, por exemplo as escapadas de fin de semana, turismo rural.

F2. Sector primario pouco explotado. Permite un amplo abanico de posibilidades de desenvolvemento, ponde en valor a produción natural e ecolóxica.

F3. Feiras e Mercados Tradicionais que se manteñen como canles directas de comercialización.

F4. A existencia de produtos de recoñecido prestixio**.** A cebola, a pataca kenebec da Limia (IXP), o queixo de Allariz, amendoados,...

F5. Existencia dun número importante de comunidades veciñais e de montes en man común.

F6. Implicación das administracións na mellora do entorno socioeconómico. (AGADER, GDR´s, PADROADO PROVICIAL DE TURISMO, CONSELLERÍA DE TRABALLO DA XUNTA DE GALICIA).

F7. Especialización do sector turístico orientado ao turismo rural e cultural. O Entroido, a Festa do Boi,

Oportunidades

O1. Liñas de financiamento a empresas.

O2. Impulsar o asentamento de industrias asociadas á materia prima.

O3. Aposta polas enerxías renovables e as novas tecnoloxías .

O4. Dinamización do rural e modernización do sector agrario. Valoración dos produtos a través da súa transformación e aproveitamento en las novos oportunidades que supoñen las concentracións parcelarias, o el banco de tierras…

O5. Especialización del sector agrícola y transformación de los produtos agrícolas, dando valor engadido ás mesmas.

O6. Existencia de programas comunitarios para el desenvolvemento dos territorios, Os fondos estruturais da Unión Europea favorecen la creación de diversos proxectos (Programa Leader 2014-2020).

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

HH. OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL

Favorecer a empregabilidade no territorio GDR 10 a través da formación especializada.

OBXECTIVOS ESPECIFICOS:

Formación na capacitación agrícola a menores de 41 anos.

Formación

Apoio a desempregados para a busca de emprego dentro do territorio

Formación ambiental e turística do territorio para a creación de emprego.

Contribuír á modernización das pequenas empresas

Formar para o emprendemento

II. ACTUACIÓNS

XI. ASESORAMENTO EMPRESARIAL

Visto o resultado das enquisas realizadas no proceso de participación de pública ofrecerase formación especifica a empresarios/as centrada na elaboración de **Plan de Empresa** e da **Asesoramento Integral** que proporcione unha mellor viabilidade ás empresas (novas e existentes)

Para estas actividades de formación e asesoramento disporase de persoal contratado polo GDR, que será o encargado de levar a cabo de xeito permanente ao longo dos catro anos.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

OS beneficiarios serán por un lado:

Empresas existentes de calquera sector, formación continuada co obxecto de contribuír á modernización de empresas nas TIC´s, venda online, posicionamento en internet, xestión, ... e completando con formacións puntuais de **Emprendemento** (dous cursos ao ano).

Estes cursos realizaranse dous por ano e cun máximo de 15 prazas por cursos, destinados a novos emprendedores ou a empresas existentes no territorio, cunha duración de 100 horas e o posterior seguimento do proxecto:

O contido mínimo do curso será:

Módulo 1: (A xestión da idea, A xestión do tempo, Coñecernos para mellorar; o perfil emprendedor, Os nosos universos (ou entorno xeral e entorno específico), O Plan de Negocio)

O meu PROXECTO (comezo da elaboración dun plan de negocio)

Módulo 2 Trámites legais

Módulo 3 Xestión eficiente

Módulo 4 As novas tecnoloxías

Módulo 5 O desenvolvemento das habilidades directivas

Módulo 6 Think / Action: experiencias reais; mesas de traballo

Módulo 7 Presentación do proxecto de negocio

Módulo 8 Obradoiros prácticos

XII. FASE DE FORMACIÓN.

Deseñamos un plan de formación pensado na capacitación no sector agrario e ambiental seguindo as liñas principais da estratexia, entendo que o territorio é practicamente agrario e natural.

Observando a formación deseñada pola Consellería de Emprego e Industria para persoas

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

desempregadas, marcamos como potenciais cursos a impartir os seguintes, a maiores contemplamos o Curso de Capacitación Agraria, Aptitude Empresarial Agraria en calquera das súas liñas.

Ao longo do período LEADER ofreceranse os cursos das seguintes temáticas:

CÓDIGO	FAMILIA	TITULO	HORAS	CUSTE
AGAN0108	Agraria	Gandeiría ecolóxica	480	5,5
AGAX02	Agraria	XESTIÓN INFORMATIZADA DA EXPLOTACIÓN AGRARIA	350	6,35
AGAU0108	Agraria	Agricultura ecolóxica	490	5,55
INAI0109	Industrias agrarias	Industrias cárnicas	600	7,65
INAV0109	Industrias agrarias	Fabricación de conservas vexetais	480	7,65
INAV0110	Industrias agrarias	Industrias de conservas e zumes vexetais	600	7,65
SEAD0511	Seguridade e ambiente	COORDINACIÓN DE OPERACIÓNS EN INCENDIOS FORESTAIS E APOIO A CONTINXENCIAS NO MEDIO NATURAL E RURAL.	660	6,15
	Agraria	**Aptitude empresarial agraria**		

Os cursos relacionados co sector agrario desenvolveranse mediante contratos e servizos a empresas ou profesionais especializados.

Por outra banda, e visto o resultado das enquisas realizadas no proceso de participación de pública ofrecerase formación especifica a empresarios/as centrada na elaboración de **Plan de Empresa** e da **Asesoramento Integral** que proporcione unha mellor viabilidade ás empresas.

Para estas actividades de formación e asesoramento disporase de persoal contratado polo GDR, que será o encargado de levar a cabo de xeito permanente ao longo dos catro anos, e completando con formacións puntuais (dous cursos ao ano).

XIII. REQUISITOS DOS ALUMNOS/AS

Estes cursos estarán dirixidos a persoas menores de 55 anos e en situación de desemprego (será requisito estar anotado no Inem para poder inscribirse no mesmo).

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Terán prioridade na admisión nos cursos, os desempregados de longa duración, discapacitados, e as mulleres.

No caso de cursos de **aptitude empresarial agraria** estará dirixido a persoas que vaian a incorporarse á actividade agraria para iso terán prioridade os menores de 41 anos e os que demostren a futura actividade (familiar, proxecto,...). No caso de quedaren libres prazas, poderán realizar o curso calquera persoa de máis de 18 anos.

Cada curso terá un máximo de 25 prazas, das cales quedan reservadas o 60% para mulleres e o restante para homes.

XIV. TEMPORALIDAD PARA EL DESARROLLO DEL PROGRAMA DE FORMACIÓN".

As cursos de formación realizaranse ao longo do programa, dende o ano 2017 que se iniciará co primeiro curso e ata o 2020 (salvo que o programa LEADER 2014-2020 se estenda ao 2023, nese caso os cursos realizaranse ata o ano 2022.

Celebraranse cada ano 2 cursos, 25 prazas cada un, cada un dos cursos organizarase tendo en conta as distancias do GDR.

XV. ORZAMENTOS

A partida de fondos públicos destinados a formación será do 2,5 % dos fondos da estratexia, importe que ascende a 111.934,22 € que se repartirán de xeito equitativo os catro anos de (2017-2020) como se mostra no táboa seguinte.

36. Cadro orzamentario para o plan de formación

	2016	2017	2018	2019	2020
Formación promovida polos GDR	0,00€	27.983,56 €	27.983,56 €	27.983,56 €	27.983,56 €

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

PARTE IV: COOPERACIÓN CON OUTROS TERRITORIOS

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

21. OBXECTIVOS E COHERENCIA COA ESTRATEXIA DEFINIDA

No territorio do GDR, 1900,9 Km2, atopamos moitas realidades pero en grandes liñas podemos facer 3 grandes bloques. Bloques definidos tendo en conta a actividade económica, valores ambientais ou orografía do terreo, así definimos a **AGRARIA, AMBIENTAL e os SERVIZOS aos maiores.** Centraremos as as actuacións que levaremos e cabo con outros territorios se houbese posibilidades técnicas e financeiras (galegos, estatais ou internacionais), tendo en conta que somos GDR raiano e que compartimos figuras de protección ambiental cos veciños Portugueses.

A xustificación destes dous bloques é de evidente ao observar o territorio. Por unha banda o GDR 10 contén unha das zonas de maior produción agrícola de Galicia, A Limia e toda a extensión da Lagoa de Antela convertida en terras de cultivo (cereal, pataca, cebola, ...), a rede de granxas de porcos e polos, as explotacións de vacas para a produción de carne (especialmente as destinadas á conservación e recuperación das razas autóctonas) e unha rede de pequenos produtores/as e transformadores de produtos agrarios en aumento fan desta actividade eixo fundamental desta estratexia. Tendo en conta as bases galega do programa LEADER 2014-2020 e o escaso apoio económico que se contempla á actividade agraria, dende o GDR centraremos parte dos esforzos e cooperación nas actividades vinculadas á posta en valor/transformación/comercialización/...dos recursos locais agrarios.

Por outra banda, no grupo de desenvolvemento Limia Arnoia atopámonos con figuras destacables de protección ou valorización ambiental, como o Parque Natural Baixa Limia Serra Xurés (209,2 km^2), Reservas da Biosfera Área de Allariz (203,7 km^2) e a Transfronteiriza Gerês-Xurés (2679,58 km^2 dos cales 629,16 km^2) a catalogación de árbores senlleiras coma a Carballa da Rocha, todo isto pon de relevo a importancia ambiental da zona cun (**44% da superficie con figura** de protección). A conservación destes espazos e a mellora ambiental de todo o territorio é

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

a base do desenvolvemento sostible e polo tanto desta estratexia. O GDR contempla o desenvolvemento de proxectos no eido ambiental e especialmente na xestión dos residuos urbanos e gandeiros.

Así, os **obxectivos** do plan de cooperación desta estratexia son:

- Apoio ás novas producións agrarias e o fomento da transformación dos produtos co fin de aumentar o seu valor.
- Mellorar as canles de comercialización dos pequenos produtores agrarios do GDR.
- Mellora na xestión de residuos orgánicos nos concellos do GDR
- Control sobre as fontes naturais de auga e seguimento no estado de potabilidade.
- Contribuír á redución do CO2, mediante a sensibilización no consumo de enerxía derivada do petróleo.
- Así, as liñas definidas na cooperación están moi ligadas ao territorio, á estratexia e as bases do LEADER e das novas políticas europeas relacionadas co medio, emprendemento verde.

No seguinte apartado recollemos a grandes liñas os proxectos de cooperación nos que pretendemos colaborar ou máis ben, as temáticas nas que sería interesante participar e traballar.

A mesmo tempo, tendo en conta a limitacións dos fondos LEADER para cooperación e dada a importancia da Agricultura e o Ambiente para o territorio do GDR, o grupo traballará na busca de colaboración e financiamento de programas Interreg, Life, Sudoe,...

Esta cuestión é importante tendo en conta que o territorio LIMIA ARNOIA é territorio RAIANO, é dicir linda con Portugal a través da raia seca, isto supón que a cooperación entre países xa existe de forma natural e histórica. Dicir, a maiores que comparten Figuras de protección ambiental (Parque e Reserva da Biosfera), isto obriga ás entidades e institucións a cooperar e traballar a prol duns mesmos obxectivos, pois as fronteiras naturais non existen, son só políticas.

Recollemos algunhas ideas de proxectos de interese para o entorno local, aínda que a colaboración con entidades diferentes e en temáticas diferentes enriquecerá o territorio de

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

actuación desta EDL, polo que a maiores dos proxectos contemplados queda aberta a colaboración a futuros proxectos.

Dende o Limia Arnoia presentamos dúas liñas de acción para a cooperación, or un lado as ideas de proxectos sobre os que traballará o GDR para presentar ás convocatorias de cooperación LEADER e por outra banda os proxectos xa definidos con outros grupos e nos que o GDR non será o cabeza de fila.

22. PROXECTOS DE COOPERACIÓN

A cooperación co pais veciño pode ter múltiples liñas de actuación, pero destacamos a importancia da AUGA, como fonte de riqueza, emprego e medio ambiente e a PAISAXE.

- A auga como fonte de recursos compartidos, varios son os cursos fluviais que comparte Galicia e o Norte de Portugal. Comezando polo Miño, que os separa e o Leboreiro que os une. Proxectos de cooperación co obxecto de conservar a calidade das augas, facer un uso responsable, control de vertidos, aproveitamento deportivo e de lecer das augas, a pesca tradicional, a historia que comparten,... será un dos eixos principal da cooperación a través dos programas INTERREG, SUDOE; LIFE,...

Ao mesmo tempo os dous territorio teñen augas termais, mineromedicinais, a cooperación neste eido convertese en prioritaria co fin de atraer turismo deportivo de Europa.

- A densidade de granxas en todo o territorio GDR é moi alta, e é así dende hai varias décadas, moitas destas GRANXAS foron ABANDONADAS para a construción d outras novas e máis modernas, por abandono da actividade froito da emigración ou abandono da actividade, o mesmo aconteceu con outras actividades económicas parque natural e reservas, deterioro paisaxístico e outras naves de orixe industrial.
- Formulamos un proxecto que teña por obxecto facer un estudo do número, ubicación, estado, posibilidades de reutilizacións ou reconversión, novos usos ou simplemente o derribo.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

As novas tecnoloxías permitiríannos elaborar un mapa do territorio con toda a información de cada unha das naves, utilizarase os Sistemas de Información Xeográfica e emprego de dronnes... botando man dos Sistemas de Información Xeográfica.

O medio natural é un dos recursos principais do territorio, neste caso máis tendo en conta o valor ambiental do mesmo (Parque Natural e 2 reservas da Biosfera), polo que a recuperación paisaxística do entorno convértese en obxectivo estratéxico da cooperación.

GDR beneficiario: GDR10

Posibles socios: calquera GDR galego ou do norte de Portugal, GDR da zona norte de Francia.

JJ. IDEAS DE PROXECTOS LEADER

Hai tres ideas sobre as que o GDR quere traballar nos vindeiros 4 anos en cooperación AUGA POTABLE, LIXO URBANO e OS PRODUTOS LOCAIS.

- ✓ **BEBE ONDE VIVES.**

Proxecto centrado no estudo, seguimento e coidado da potabilidade das fontes tradicionais próximas ás áreas urbanas dos concellos do GDR. Os obxectivos do proxecto son:

- ✓ Fomentar o consumo de auga natural
- ✓ Conservación das fontes tradicionais
- ✓ Redución do consumo de auga embotellada e polo tanto da redución lixo.

Este proxecto podería levarse a cabo con calquera dos GDR galegos, tendo en conta o número de fontes e puntos de auga que hai no rural galego e igualmente na zona norte do estado (Asturias, Cantabria, Euskadi,…) ou internacional. A problemática da auga e da xeración de lixo é común.

- ✓ **RE-medio**

Co obxectivo de aproveitar os residuos orgánicos xerados nas familias para facer compostaxe, buscando un remedio ás cantidades de lixo que se q

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Allariz puxo en marcha unha iniciativa destas características na vila, baixo o nome RE (recuperar, rexenerar, reiniciar), propomos un proxecto que se espalle este modelo, ben aos demais concellos do Limia Arnoia e a outros territorios galegos e do estado.

Iniciativas similares téñense desenvolvido en Euskadi, polo que sería de interese cooperar co GDR Vasco, co GDR de Pontevedra, xa que a cidade iniciou recentemente unha iniciativa similar á de Allariz, entendendo ademais que é un proxecto que se pode espallar a calquera núcleo.

- ✓ **SAÚDAtE**

A saúde é o obxectivo deste proxecto, a través da promoción do consumo de produto local de calidade.

As áreas rurais son cada vez máis produtivas. Pequenos obradoiros espallados polo territorio enchen o rural de creatividade e de saúde (obradoiros de pan, fariñas de castañas, licores, marmeladas, enchidos, queixos, viños, cervexas, docerías, carne,...), así como os pequenos produtores de horta, iniciativas todas producidas de xeito amable co medio e aproveitando os seus recursos.

A sensibilización da poboación e a posta en marcha de instrumentos que faciliten a compra deste produtos de proximidade. A principal característica deste proxecta consiste en por en contacto ao produtor e ás familias, recuperar os lazos entre o que crea o alimento e o que o consome, lazos existentes ata hai poucas décadas e que se perderon.

Falamos de que practicamente co compromiso de 20 familias podería vivir unha familia de labregos, é dicir, unha pequena explotación familiar serían rendible si 20 familia se comprometen a mercar a (verduras, carnes, legumes,...) semanalmente.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

KK. COLABORACIÓN DEFINIDAS CON OUTROS GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

I. REDE DE EMPRENDEMENTO VERDE: ANIMANDO NOVOS PRODUTOS E CULTIVOS DIRIXIDOS Á ALIMENTACIÓN E COSMÉTICA.

ANTECEDENTES, XUSTIFICACIÓN E INTERESE

O desenvolvemento dos agrosistemas industriais supuxo o abandono, cando non a perda, dun gran número de recursos naturais que en distintos momentos de nosas historia foron empregados con obxecto de explotación económica.

Co paso de tempo, a medida que os mercados demandaron produtos de maior calidade, identificados estes con marcas de procedencia ou vinculados a procesos de produción ecolóxica, atopámonos con que algúns destes recursos poden ser susceptibles de ser revitalizados e aproveitados como fonte de riqueza e emprego para as comunidades locais.

Na Euro-Región Galicia-Norte de Portugal cultiváronse dende épocas moi antigas especies como a espelta, a escanda, ou numerosas variedades de cebadas, aveas, centeos, mijos, que na actualidade xa non se cultivan pero das que existe unha importante demanda rexional e extrarrexional que se suple coa importación de materias primas procedentes de países de fora do ámbito de a Unión Europea.

A mesma situación acontece co cultivo de especies condimentarias, aromáticas e de emprego en perfumería, que apenas si ten superficie cultivada na Euro-Región Galicia-Norte de Portugal, pero os seus produtos xeran un importante comercio.

A valoración e recuperación destes recursos vexetais é factible mentres persisten as pequenas poboacións locais en explotación, así como en distintos centros de investigación que se mantén o material xenético en coleccións de referencia.

Outro grupo reducido de plantas, pero de cultivo ancestral, que se atopan espontáneas no territorio da Euro-Región Galicia-Norte de Portugal e son susceptibles de ser aproveitadas para

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

novos usos que respondan á demanda dos consumidores.

Ademais, é posible citar un conxunto de especies autóctonas na Euro-Región Galicia-Norte de Portugal son: lavanda (*Lavandula stoechas*), a herba de San Juan (*Hyperichum androsaemum*), o tormentelo (*Thymus spp.),* as rosas (*Rosa spp.),* etc.

Por outra parte, a pesar de que hai investigacións por parte das Universidades sobre as propiedades de numerosos recursos vexetais, estas investigacións non se transferiron ao sector empresarial, é dicir, non se aproveitaron ata a data; en parte, debido a que as PEMES realizaron tradicionalmente unha escasa inversión en I+D+i e son poucos os proxectos que aglutinan a empresas privadas e centros de investigación.

Todo isto reforza a idea da cooperación territorial como escenario para transferir coñecementos dende distintos axentes da innovación, ata chegar ás empresas e persoas emprendedoras que poidan ver isto como unha oportunidade de emprego.

La cooperación supón unha serie de retos:

- Coordinación internacional na obtención e difusión dos datos de interese.

- A realización de investigacións e transferencia de coñecementos entre centros de investigación de Galicia e Norte de Portugal.

- Identificación de recursos naturais de interese en diferentes zonas bioclimáticas.

- Desenvolvemento de plantacións piloto en ecolóxico, harmonizando as distintas lexislacións.

- Establecemento de guías que estimulen novas estratexias de comercialización para as PEMES.

- Identificación de plantas autóctonas con interese en alimentación, cosmética natural e balneoterapia, que sexan rentables economicamente.

OBXECTIVOS

O obxectivo final do proxecto é fomentar a explotación económica de plantas autóctonas de Galicia e Norte de Portugal como proxecto demostrativo dun uso racional dos recursos naturais,

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

orientado á creación de novas empresase e o espírito empresarial en Galicia e Norte de Portugal, na produción ecolóxica.

O traballo conxunto e a cooperación transfronteriza permitirá mellorar a integración e a xestión territorial, ademais de dinamizar o área Galicia- Norte de Portugal, xerar novos produtos, involucrar a participación da poboación, especialmente as mulleres a ás comunidades rurais.

Permitirá a colaboración e traballo en rede con diversos axentes implicados, abrir novos nichos de mercado, novas oportunidades e mellorar, en definitiva, a competitividade e o espírito emprendedor.

DESCRICIÓN:

Considerando os obxectivos específicos formulados, os principais produtos previstos no proxecto son os seguintes:

1.- Inventario de recursos vexetais das Reservas da Biosfera da EuroRegión Galicia e Norte de Portugal, incidindo na caracterización dos usos alimentarios, terapéuticos e cosméticos.

2.- Recompilación de documentación sobre aplicacións culinarias, alimentarias e cosméticas dos recursos susceptibles de ser explotados empresarialmente nas distintas áreas do proxecto.

3.- Establecemento de proxectos piloto de cultivo ecolóxico e deseño de aplicacións de uso comercial.

4.- Divulgación de resultados orientados a público en xeral (exposición itinerante, participación en xornadas, feiras, etc.)

5.- Difusión de resultados orientados a profesionais (participación en talleres profesionais, feiras especializadas, foros, centros de formación gastronómicas, así como difusión en campos de ensaio).

6.- Creación e mantemento dunha páxina web do proxecto, e produción de material promocional técnico específico.

7.- Difusión al público en xeral do proxecto a través dos medios de comunicación social.

8.- Elaboración de distintas guías técnicas e de divulgación: Guía de recursos vexetais, Protocolos

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

para cultivo en ecolóxico (de distintas especies), Análises del interese comercial de diferentes recursos vexetais, Libros de receitas, Novos produtos en balneoterapia e cosmética natural.

ÁMBITO XEOGRÁFICO REXIONAL E INTERNACIONAL: Internacional.

VALOR ENGADIDO DA COOPERACIÓN:

O traballo conxunto e a cooperación transfronteriza permitirá mellorar a integración e a xestión do territorio, ademais de dinamizar o área de a EuroRegión Galicia- Norte de Portugal, xerar novos produtos, novas empresas, fomentar a internacionalización das PEMES, a súa colaboración e traballo en rede con diversos axentes implicados, identificar novos nichos de mercado, novas oportunidades e fomentar o espírito emprendedor.

Ademais, estas relacións transfronterizas veñen en esencia motivadas, e tamén condicionadas, pola proximidade ou continuidade xeográfica, pola semellanza da natureza dos problemas comúns que se formulan de seus posibles soluciones, e en outros muchos casos tamén por o feito de haber compartido una historia, orixe de muchas similitudes e de una identidade e un sentimento común de pertenza.

GAL COORDINADOR: GDR-23 (MARIÑAS – BETANZOS)

ENTIDADES POTENCIALMENTE SOCIAS (carácter internacional): SOCIOS GALS DO NORTE DE PORTUGAL, GDR-10, GDR-17, GDR-10

RESULTADOS ESPERADOS:

Elaboración dun inventario de recursos vexetais susceptibles de ser aplicados en iniciativas empresariais.

Selección de recursos vexetais con interese en aplicacións culinarias, alimentarias e cosméticas, e que no se encontren en explotación.

Análises dos recursos vexetais seleccionados para determinar su rendemento e viabilidade de cultivo en ecolóxico.

Definir a capacidade destes recursos vexetais de cara a xerar novos produtos nos mercados.

Identificar potenciais demandas de consumidores e viabilidade comercial de determinados

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

produtos.

Creación dun documento de escalabilidade, rentabilidade promedio e ubiacións adecuadas para a posto en marcha de plantacións para os recursos vexetais de interese comercial.

ORZAMENTO: 70.000 €.

II. MERCADOS DA BIOSFERA: POSTA EN VALOR E ACCESO AO MERCADO DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS LOCAIS A TRAVÉS DE CIRCUITOS CORTOS EN RESERVAS DE BIOSFERA.

ANTECEDENTES, XUSTIFICACIÓN E INTERESE

A novas tendencias de consumo conducen á busca progresiva de produtos sans, naturais e dotados dunha identidade vinculada a un territorio, o que abre novas oportunidades de mercado aos produtos das zonas rurais, ademais de novas vías de cooperación urbano-rural.

Os circuítos "curtos" de comercialización (Desde o campo ao consumidor) reducen os intermediarios, o que pode mellorar o prezo, así como establecer lazos de colaboración e confianza entre produtores e consumidores, que permitan asociar o produto ao territorio de onde provén, ligando outros valores como a paisaxe, a saúde ou a contribución á mitigación fronte ao cambio climático.

A Asociación Mariñas-Betanzos durante o período 2007-2013 ten avanzado neste ámbito coa elaboración dun Plan Alimentario realizando tarefas de contacto entre produtores, sector restauración e comercio polo miúdo, levando a cabo xornadas divulgativas para fomentar o coñecemento dos produtos do territorio e mesmo, promovendo a posta en marcha de menús ecolóxicos en distintos centros educativos con comedor (Programa Bio-Comedores escolares).

Con estas actuacións puideron identificarse liñas de traballo entre produtores, distribuidores e consumidores que puidesen plasmarse en compromisos de compra de produtos locais nun futuro.

Na actualidade, dende a Asociación Mariñas-Betanzos, entidade tamén xestora da Reserva de Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo" está rexistrando unha Marca "paraugas" que

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

aglutine a todos os productos agroalimentarios producidos e elaborados no territorio.

Xurde por tanto este proxecto de traballar en rede varios Grupos de Desenvolvemento Rural de España que están dentro de Reservas de Biosfera traballando na posta en marcha das súas marcas, para que desde LEADER se poida reforzar e amplificar estes procesos a nivel local.

OBXECTIVOS DO PROXECTO:

- Incremento de rendas dos produtores agroalimentarios e dinamización do sector produtor para que sexa capaz de crear novos empregos,
- Difusión da Marca "Produtos da Biosfera", como ferramenta para aglutinar a produción agroalimentarias dos territorios participantes, que melloren o proceso de comercialización mediante os circuítos curtos.
- Dinamizar a cooperación urbano-rural e artellar alianzas de colaboración e beneficio mutuo.
- Fomentar estruturas de comercialización estables por parte dos produtores, e de organización das producións.

ACTUACIÓNS:

Fase i: organización dos produtores

Difusión da existencia da marca: incorporación de novos produtores e controis necesarios.

Asesoramento en branding e presentación do produtos coa incorporación da marca.

Promoción de estruturas organizativas e de coordinación da produción a nivel local para os produtores.

fase ii: lanzamento da marca

Participación en eventos:

Organización dos Mercados da Biosfera.

Presentación de produtos e degustacións nas áreas urbanos.

Lanzamento da Marca de "Produtos da Biosfera"

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Presentacións públicas e apoio con materiais promocionais.

fase iii: FOMENTO DE ACORDOS DE COMPRA NO CIRCUITO CORTO

Promover acordos e alianzas coas tendas tradicionais.

Organización proxectos piloto de "Menú escolar ecolóxico"

ÁMBITO XEOGRÁFICO REXIONAL E INTERNACIONAL: Grupos de Acción Local do Estado que estean traballando en territorios declarados pola UNESCO como Reservas de Biosfera e traballen cunha Marca de produtos locais.

VALOR ENGADIDO DA COOPERACIÓN: Aproveitar as sinerxías entre LEADER e as Reservas de Biosfera para promover o desenvolvemento rural e a creación de emprego no sector agroalimentario. A través de Leader poderán promoverse e apoiarse novas producións como complemento de rendas non agrarias, que poderían levar a marca de Reserva de Biosfera e facilitar a súa posterior comercialización. Así mesmo, os pequenos obradoiros que se apoiaran desde Leader poderían comercializar con esta Marca.

O feito **D**e que as Reservas de Biosfera que poidan participar estén en distintas fases da posta en marcha da marca, permitirá acelerar o proceso nas Reservas que estén comezando, aprendendo as experiencias máis consolidadas.

GAL COORDINADOR: GDR-23 ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS

ENTIDADES POTENCIALMENTE SOCIAS: GALS traballando en Reservas de Biosfera do estado

GDRS DE GALICIA: GDR-1, GDR-2, GDR-4, GDR-10

RESULTADOS ESPERADOS:

Consolidación dun modelo de comercialización de produtos agroalimentarios locais a partir dunha estrutura xerada polos propios produtores co apoio dos axentes dinamizadores de cada un dos territorios participantes no proxecto.

Mellorar a rendibilidade das explotacións agrarias, gandeiras e transformadores, mediante unha mellora no prezo así como no incremento de vendas e apertura de novos canais, como por exemplo os vínculos coa restauración, así como o comercio de proximidade.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Incrementar a visibilidade dos pequenos produtores e transformadores locais no ámbito urbano, promovendo grupos de consumo.

Establecemento de alianzas cos comedores escolares locais, para que grupos de produtores de proximidade poidan abastecer a cada colexio.

PREVISIÓN FINANCEIRA: (3 GDRs galegos e o resto do Estado español)

TOTAL: 121.000 EUROS

Persoal: 40.000 euros; Vinilos: 20.000 €.; Aluguer carpas: 6.000 €.; Material promocional: 25.000 €.

Asesoramento produtores: 30.000 €.

LL. REPERCUSIÓNS (RETORNO) PREVISTO EN TERMOS AMBIENTAIS CON ESPECIAL INCIDENCIA NA XERACIÓN DE EMPREGO

A liña de cooperación desta estratexia está claramente deseñada pensando en termos ambientais, sexa na liña ambiental pura ou na agraria, pois esta última ten moito que ver co medio e a contaminación do mesmo.

Promover actuacións de redución lixo, aproveitamento de residuos orgánicos, control da calidade das augas, favorecer a produción local de calidade e sostible,...é marcar unha liña a prol do medio e da calidade de vida dos seus habitantes ao mesmo tempo que se xeran servizos e polo tanto emprego.

MM. PREVISIÓN FINANCEIRA

	Anualidades			
	2017	2018	2019	2020
€/ano	45.000	80.000	90.000	90.000

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

PARTE V:NORMAS PARA A XESTIÓN DA ESTRATEXIA

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

23. CRITERIOS DE SUBVENCIONALIDADE:

Tal e como se establece na Resolución do 11 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, deben establecerse con claridade, tanto un procedemento de selección de proxectos, como de baremación, que sexan transparentes e non discriminatorios.

Así pois, e logo da correspondente consulta a entidades públicas e privadas do ámbito territorial do GDR10 Limia Arnoia, acordase establecer as seguintes condicións de elexibilidade:

NN. REQUISITOS DE SUBVENCIONALIDADE DOS PROXECTOS:

1.-Para a correspondente fase de presentación de proxectos no GDR, as persoas, empresas ou entidades promotoras deben demostrar:

- Proxectos produtivos: viabilidade técnica, económica e financeira. Facendo especial fincapé no cumprimento da normativa sectorial e urbanística que corresponda. No que respecta á viabilidade financeira, a entidade promotora debe acreditar diante da equipa xestora do GDR a necesaria achega da financiamento privada (excluída a axuda LEADER), ben sexa mediante liquidez directa ou inicio da xestión de prestamos bancarios ou similar.
- **Proxectos non produtivos**: viabilidade técnica e financeira. Neste caso, as entidades promotoras, a maiores do cumprimento da normativa sectorial e urbanística que corresponda, deberán presentar un "plan de xestión" no que se explique con meridiana claridade:
  - Mecanismos de conservación do proxecto obxecto de axuda durante os 5 anos posteriores ao cobro da axuda.
  - Medios materiais, humanos e económicos que garantan esta axeitada

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

conservación.

- Programa anual de actividades a desenvolver. Todo proxecto financiado ao abeiro desta estratexia debe contar cunha programación de actividades que xustifique o investimento. O citado programa de actividades deberá ser anualmente controlado e inspeccionado pola equipa técnica do GDR, debendo ser conscientes as entidades promotoras desta obriga.

2.-Adecuación do proxecto á estratexia de desenvolvemento local definida. A amplitude do programa LEADER en canto á casuística de proxectos financiables (aínda que con restricións importantes no sector agrario e de transformación), implica que no deseño da EDL para este territorio se deban ter en conta a maioría das iniciativas que callen tanto por parte do sector público, como do privado.

A motivación fundamental para esta amplitude sectorial, loxicamente, fundaméntase na urxencia e necesidade de que practicamente calquera iniciativa que sirva para dinamizar o noso medio rural, debe ser acollida e estudada.

Aínda así, e para dar cumprimento á normativa vixente, nesta EDL para o GDR10 Limia Arnoia, establécense **SECTORES E ÁMBITOS DE ACTUACIÓN PRIORITARIOS**. Estes veñen definidos e argumentados con anterioridade. Correspóndese con: ***sector agrario (en toda a súa amplitude: agrario, gandeiro, forestal e de transformación e comercialización), sector mediambiental e sector termal.***

Neste sentido estableceranse fórmulas de baremación favorable para aqueles expedientes cunha puntuación **de 20 puntos,** co obxectivo de concordar a coherencia da estratexia coa priorización destes obxectivos. Deste xeito, téntase garantir que todos os proxectos de carácter prioritario establecidos na estratexia, por un lado, sexan subvencionados e por outro lado, teñan a maior subvención posible (en función das súas propias características).

3.-Ser finalistas: Polo que na data de xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionables, se cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

proxectos. Non serán subvencionables fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista.

4.- Declaración de axudas *"mínimis":* tal e como se recolle do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia, e en función do que establezan as correspondentes "bases reguladoras e réxime de axudas", para os proxectos produtivos que sexan amparados no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación das axudas de *minimis*; os promotores deberán presentar informe/declaración das axudas percibidas e acollidas a este réxime de "mínimis" nas 3 últimas anualidades.

24. DISTRIBUCIÓN DE FONDOS, LÍMITES E PORCENTAXES DE AXUDA

OO. DISTRIBUCIÓN DE FONDOS ENTRE PARTIDAS E ESTABLECIMENTO DE LÍMITES DE AXUDA.

Aínda que a Resolución de AGADER do 11 de febreiro de 2016 establece un mínimo do 65% de fondos da estratexia para proxectos produtivos, e un máximo do 35% para non produtivos, o resultado do debate participativo establecido para a elaboración da presente EDL modifica estas cantidades, polo que a proposta de distribución de fondos pasa a ser a seguinte:

Táboa. Porcentaxes de axuda segundo tipoloxía de proxecto

Tipoloxía de proxectos	Tipo de promotor/a	%	TOTAL
PROXECTOS PRODUTIVOS		70%	70%
PROXECTOS NON PRODUTIVOS	PROXECTOS NON PRODUTIVOS ENTIDADES PRIVADAS	13,75%	30%
	PROXECTOS NON PRODUTIVOS ENTIDADES PÚBLICAS	13,75%	
	FORMACIÓN PROMOVIDA POLO GDR NA MEDIDA 19.2	2,50%	

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

PP. LÍMITES DE AXUDA:

LÍMITES DE AXUDA POR PROXECTO	
PRODUTIVOS	**200.000,00 €**
NON PRODUTIVOS	**200.000,00 €**

QQ. PORCENTAXES DE AXUDA:

37. PORCENTAXES MÁXIMOS DE AXUDA

PRODUTIVOS	**Considérase subvencionable a partir de: 25 puntos**
	Porcentaxe máxima de axuda (a partir de 60 puntos): 50%
	Porcentaxe mínima de axuda (25 puntos): 25%
NON PRODUTIVOS	**Considérase subvencionable a partir de: 25 puntos**
	Porcentaxe máxima de axuda (a partir de 70 puntos): 90%
	Proxectos de prioridade alta: axuda máxima 90% e axuda mínima 40%
	Proxectos de prioridade media: axuda máxima 70% e axuda mínima 40%
	Outros proxectos: axuda máxima 50% e axuda mínima 40%

*** Para as puntuacións intermedias calcularase a % de axuda nun prorrateo matemático exacto**

ENCAIXE DE PROXECTOS NON PRODUTIVOS			
	PRIORIDADE ALTA (AXUDA 90%)	**PRIORIDADE MEDIA (AXUDA 70%)**	**PRIORIDADE BAIXA (AXUDA 50%)**
1	Escolas infantís, Puntos de atención á infancia,…	Parques infantís	Rehabilitación e acondicionamento de locais sociais
2	Vivendas Comunitarias	Oferta cultural	Ludotecas
3	Servizo de xantar na casa, para os maiores	Áulas natureza	Áreas recreativas e de lecer
4	Servizos a domicilio para os maiores (fisoterapia, perruquería, ...)	Terápia asistida con animais	Instalación deportivas
5	Servizos de acompañamento (médico, compras, paseos, ...)	puntos de Información turística	Sinalización de recursos turísticos
6	Servizos tecnolóxicos (Wifi, TIC,..) tales como telecentros, aulas informática	Tanatorios	Actuacións no sector da hospedaxe e restauración, en función do convenio AGADER/TURISMO
7	Centros de día para os maiores		
8	Servizos de igualdade e benestar		
9	Inclusión sociolaboral		
10	pisos tutelados		
11	centros de emerxencia social		

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

12	plataformas dixitais dirixidas á poboación en xeral
13	transporte adaptado
14	Recuperacion patrimonial
15	Recuperación paisaxística
16	Intervenciós arqueolóxicas
17	Termalismo
18	Mellora do entorno (biodiversidade, mediambiente, auga)
	* calquera proxecto non definido nestos cadros, será asimilado ao máis parecido, en función do informe emitido pola equipa técnica do GDR

CRITERIOS DE PRIORIZACIÓN DE EXPEDIENTES EN CASO DE IGUAL PUNTUACIÓN:

1.- Puntuación acadada segundo baremos

2.- En caso de empate na puntuación, no criterio de selección prevalecerá o expediente que obteña maior puntuación no apartado 1 dos baremos: "situación xeográfica".

3.- En caso de persistir empate, no criterio de selección prevalecerá a data de rexistro de entrada no GDR da solicitude de expediente.

Con excepción das entidades públicas de carácter local que poidan ser beneficiarias dun proxecto de natureza produtiva, os beneficiarios dos proxectos produtivos **limitaranse ás pequenas empresas** (menos de 50 UTAs e un volume de negocios anual ou balance xeral inferior a 10 millóns de euros), segundo a definición do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014

25. BAREMOS E MECANISMOS DE TOMA DE DECISIÓNS:

RR. BAREMOS:

Para o establecemento dos presentes baremos tívose en conta a participación social, tanto da parte do sector público como do privado, de tal xeito que estes, adecúanse as prioridades da

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

estratexia polo que os proxectos presentados e que se correspondan cos 3 obxectivos prioritarios fixados, contarán cunha puntuación especial .

Contarán os baremos, con distintos anexos que permitiran adaptar a puntuación ás prioridades e necesidades do territorio. Nalgúns casos impóñense certas limitación ao obxecto de identificar e focalizar aqueles servizos ou actividades comerciais máis precisas, segundo do concello ou parroquia de que se trate.

Aínda así os baremos reflicten poucas "exclusións" xa que se opta máis pola vía de outorgar puntuación especial para determinar na práctica a elexibiliadade, pero para non excluír a presentación de potenciais proxectos de iniciativa pública ou privada.

PRODUTIVOS	
CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA
SITUACIÓN XEOGRÁFICA	30
INCIDENCIA AMBIENTAL	5
CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR	10
INCIDENCIA NO EMPREGO	30
IMPACTO SOBRE O TERRITORIO	25
NON PRODUTIVOS SECTOR PÚBLICO	
CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA
SITUACIÓN XEOGRÁFICA	30
CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR DO PROXECTO	10
INCIDENCIA AMBIENTAL	20
IMPACTO SOBRE O TERRITORIO	40
NON PRODUTIVOS SECTOR PRIVADO	
CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA
SITUACIÓN XEOGRÁFICA	30
CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR DO PROXECTO	15
INCIDENCIA AMBIENTAL	20
IMPACTO SOBRE O TERRITORIO	35

Establécense as seguintes prioridades para proxectos que cumpran cos criterios de prioridade establecidos con anterioridade nesta EDL:

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

SECTOR AGRARIO: + 20 ptos

SERVIZOS A PERSOAS MAIORES: + 20 ptos

TERMALISMO: + 20 ptos

MEDIOAMBIENTAL: + 20 ptos

Tamén se regula de xeito especial a posible presentación de expedientes relacionados coa apertura e/ou mellora **locais e centros sociais e comercio polo miúdo**. Así detállanse unha serie de condicionantes para admisibilidade de posibles proxectos. Estos condicionantes son:

- ✓ Locais e centros sociais: só *será subvencionable, de non existire outro na parroquia.*
- ✓ *Locais e centros sociais: só será subvencionable, si consiste en rehabilitación de edificación tradicional.*
- ✓ *Para locais sociais existentes: axuda máxima 20.000,00 €.*
- ✓ *Venta polo miúdo: só proxectos innovadores (avalado por informe servizos oficiais dunha administración)*

Consultar o ANEXO V BAREMOS

SS. MECANISMOS DE TOMA DE DECISIÓNS E LISTA DE AGARDA.

A Xunta Directiva da Asoc. GDR10 Limia Arnoia está construída por 21 membros, dos cales 10 pertencen ao sector público, e 11 ao sector privado en representación das 6 mesas sectoriais establecidas nos estatutos.

Para a validez da toma de decisións deben estar presentes e participar na votación, un mínimo 51% de representantes do sector privado.

Corresponderalle á Xunta Directiva elaborar a proposta de resolución de seleccións de proxectos.

Cómo norma xeral establecese *DESDE O 2 DE XANEIRO ATÉ O 31 DE MARZO DE CADA ANUALIDADE O* prazo para presentación de proxectos por parte dos potenciais promotores. Paralelamente a equipa técnica avaliará, avaliará e completará (seguindo os actos de instrución definidos na Lei de

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Procedemento Administrativo) os expedientes recibidos. Como resultado desta analise elaborará un Informe de Control de Elexibilidade (ICE) que será remitido a AGADER para a súa verificación (xunto coa documentación pertinente).

AGADER pronunciarase sobre a elexibilidade dos expedientes remitidos,resolvendo a VERIFICACIÓN dos ICEs.

Con posterioridade a Xunta Directiva realizará unha proposta de RESOLUCIÓN E SELECCIÓN de proxectos. Dita proposta incluirá unha lista dos proxectos a subvencionar, ordenados de maior a menor prioridade (en función da puntuación acadada, ou en caso de empate prevalecerá a maior puntuación do apartado de "situación xeográfica" e de persistir empate terase en conta a data primeira de solicitude do expediente no GDR); chegando até o límite máximo de crédito dispoñible para cada anualidade, distinguindo entre proxectos produtivos e non produtivos (públicos e privados). Os proxectos de formación promovidos polo GDR baremaranse e priorizaranse ao marxe dos restantes proxectos.

Remitida a listaxe a AGADER, correspóndelle a este resolver a concesión de axuda.

Unha vez realizada a devandita proposta de resolución, de non terse esgotado o crédito orzamentario anualizado, realizarase unha segunda proposta de resolución cos expedientes presentados até o 31 de maio de cada ano. O prazo límite para a emisión desta segunda resolución será o 31 de agosto de cada ano.

Á listaxe de proxectos da Xunta Directiva, acompañarase unha lista de agarda (ordenada de maior a menor prioridade) formada polos proxectos que conten con ICE favorable de AGADER e para os que non exista crédito dispoñible na anualidade.

Aquelas solicitudes que non puidesen ser atendidas no período correspondente por non contar co ICE verificado ou por falta de crédito, poderán ser tomadas en consideración no período seguinte, no caso de que o solicitante faga manifestación expresa neste sentido, sen que isto supoña preferencia algunha como criterio de selección. Este será así soamente no caso de que os baremos permaneceran inalterados nese período.

Corresponderalle tamén a Xunta Directiva proceder ao arquivo daqueles expedientes que conten

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

co ICE desfavorable da equipa técnica do GDR.

Para optimizar a execución do programa, en previsión de que os promotores dalgúns proxectos subvencionados non xustifiquen axeitadamente a súa execución, renuncien á axuda ou deban devolvela, ou que se produza, por calquera razón, un incremento no orzamento asignado ao programa, o GDR poderá seleccionar proxectos excedendo o marco financeiro anual. Nestes casos seleccionaranse os proxectos e outorgarase a subvención condicionándoa á dispoñibilidade futura de fondos. As contías liberadas por falta de xustificación de execución de proxectos, renuncias ou devolucións deberán ser asignadas a proxectos que conten co ICE verificado por AGADER.

TT. PROCEDEMENTO PARA EVITAR "CONFLITO DE INTERESES".

O Procedemento para evitar conflitos de intereses nos membros da Xunta Directiva do GDR10 Limia Arnoia xa figura establecido nos estatutos sociais da entidade, co seguinte contido:

"Para os efectos da tramitación de axudas ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020, rexerá o procedemento que se indica a continuación:

Deberá xuntarse a cada expediente unha declaración expresa, asinada por todas as persoas que participen na selección dun proxecto e que sinale que non teñen ningún interese persoal ou profesional directo na selección do citado proxecto.

Se un membro do comité de avaliación ou decisión do GDR ten algún tipo de relación profesional ou persoal co promotor do proxecto, ou calquera interese profesional ou persoal no mesmo, debe presentar unha declaración estrita explicando a natureza da relación ou interese, a cal deberá formar parte do proxecto. Calquera interese común deberá declararse, incluídos os familiares, afectivos, políticos ou económicos.

Se un membro do comité de avaliación se atopa na situación descrita no parágrafo anterior, non poderá participar no proceso de toma avaliación ou selección, nin atoparse presente durante o debate da proposta do proxecto. Esta circunstancia quedará recollido na correspondente acta.

En caso de que exista dúbida sobre o interese común entre algún membro do comité de

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

avaliación ou selección, o GDR remitirá o asunto ao órgano xestor da Administración para que adopte unha decisión sobre a efectiva existencia dun conflito de intereses."

Coa adopción deste mecanismo queda garantida a resolución de posibles "conflitos de interese con calquera proxecto e calquera entidade promotora, tanto do ámbito público como privado.

26. RITMOS DE EXECUCIÓN E CUMPRIMENTO DE INDICADORES

A metade de programa realizarase unha avaliación de obxectivos cumpridos tanto no apartado de número de proxectos, emprego xerado, grao de execución e cumprimentos de obxectivos prioritarios.

Nesta mesma revisión debería estar executado o 40% dos fondos asignados que se responde co ritmos de execución previsto no plan financeiro. VER ANEXO II. CADRO DE INDICADORES

27. EQUIPA DE XESTIÓN

I. DEFINICIÓN DOS POSTOS, FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES[2]

1 coordinador/a técnico/a.

2 técnico/a

1 administrativo/a.

Características da contratación:

O equipo técnico será contratado mediante un proceso selectivo que respectará os principios de igualdade, mérito e capacidade. Após do proceso selección procederase á contratación até decembro de 2020 para toda a equipa e a xerencia e un dos técnicos/as serán até o fin do programa LEADER 2014-2020. Se a carga de traballo o require, contratarase ao todo a equipa até

[2]En todo caso a contratación farase cumprindo co asinado no convenio AGADER-GDR

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

o fin de programa.

O equipo técnico encargarase da información e asesoramento á poboación sobre os fondos LEADER e outras posibilidades de desenvolvemento e recursos, así como do acompañamento e asesoramento na xestión dos proxectos presentados ao programa LEADER, actuando sempre baixo a supervisión da Xunta Directiva do GDR á que dará conta de todas as súas actuacións e coa que se coordinará estreitamente.

Dadas as características do territorio pretendemos contar cun equipo interdisciplinario, móbil e dinámico que viaxe constantemente polo territorio para divulgar ou difundir información e para asesorar individualmente aos promotores dos proxectos. O seu horario será flexíbel en función das necesidades de cada momento e situación.

Salarios:

Os salarios brutos anuais serán de:

Coordinador/a técnico/a: 32.000 €/ano.

Técnico : 26.000 €/ano

Administrativo/a: 18.000 €/ano.

(en todo caso a contratación farase cumprindo co asinado no convenio AGADER-GDR)

FUNCIÓNS

As funcións comúns para todo o equipo xestor serán:

- Dinamización de todas as posíbeis iniciativas que poidan xurdir no territorio.
- Asesorar e informar aos socios da Asociación tanto individualmente como organizados na Asemblea Xeral, nas Mesas Sectoriais ou na Xunta Directiva, do
- desenvolvemento do PDR.
- Todas cantas actividades, relacionadas co seu cargo, acorde a Xunta Directiva da Asociación para acadar os obxectivos da estratexia.

  - FUNCIÓNS ESPECÍFICAS DO/A COORDINADOR/A

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

- Información e asesoramento: reunións, campañas de información...
- Acompañamento aos promotores dos proxectos
- Compatibilizar recursos ou escoller o recurso máis axeitado a cada situación.
- Coordinarse con outros técnicos/as que traballen no territorio e que teñan obxectivos
- afíns de desenvolvemento (axentes de desenvolvemento local, equipos de inclusión,
- técnicos/as de medio rural, de AGADER...).
- Coordinar o equipo técnico.
- Poñer en práctica o programa elaborado, atendendo ás directrices da Xunta Directiva da Asociación.
- Concretar estratexias para levar a cabo os obxectivos do GDR, atendendo ás directrices da Xunta Directiva da Asociación.
- Xestión de recursos alternativos para o programa.
- Facer de intermediario entre a Asociación Avinza GDR 15 e AGADER nos trámites burocráticos do día a día.
- Dar conta das actuacións do equipo á Xunta Directiva, expresada á través do seu Presidente.

-Cantas outras se determinen encamiñadas ao fin último de desenvolvemento integral da zona.

- **FUNCIÓNS** ESPECÍFICAS DO/A TÉCNICO/A

- Información e asesoramento: reunións, campañas de información...
- Acompañamento aos promotores dos proxectos que vaian aparecendo, procurando
- Elaboración de materiais para informar do programa e das axudas (folletos...).
- Elaboración de folletos, mapas, etc. sobre o territorio que sirvan para dalo a coñecer.
- Organizar encontros, xornadas, visitas a outros lugares....
- Cantas outras se determinen encamiñadas ao fin último de desenvolvemento integral da

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

zona.

- FUNCIÓNS **ESPECÍFICAS** DO/A ADMINISTRATIVO/A

- Permanecer na oficina o tempo que se determine e ofrecer o primeiro nivel de atención e información.
- Contabilidade da asociación e nóminas do persoal.
- Traballo informático de soporte aos técnicos/as: folletos informativos, estudios, planos...
- Traballo administrativo: correspondencia, teléfono, arquivo...
- Manexar soportes técnicos e informáticos en asembleas, encontros etc. nos que sexa
- necesario.
- Burocracia da Asociación con outras administracións e entidades.

- **FORMA DE SELECCIÓN**

A selección realizarase en tres fases. A puntuación máxima será de 100 puntos:

1ª FASE: VALORACIÓN DE MÉRITOS. Valorarase a formación demostrada (titulacións superiores, máster, DEA, Doutoramento, asistencia a congresos,...)

2ª FASE: PROBA ESCRITA. Será a mesma para os postos de xerente e técnicos.

3ª FASE: ENTREVISTA. Os entrevistadores procuraran atopar as persoas mais axeitadas para os postos tendo en conta as motivacións, experiencias anteriores, actitudes, desexo de aprender... A entrevista será dirixida e preparada.

- Requisitos mínimos dos aspirantes

Establécense requisitos mínimos a seguinte titulación:

- Coordinador/a e técnico/a: diplomatura universitaria ou enxeñería técnica.

- Administrativo/a: ciclo superior en administración e finanzas, ciclo superior de secretariado ou FP II equivalente.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

Como a titulación e proba escrita é igual para os postos de xerente e técnico os cargos se ocuparanse da seguinte forma:

- ✓ O que obteña maior puntuación ao final do proceso ocupará o cargo de xerente
- ✓ O segundo e terceiro serán os técnicos, e a partir de aí elaborarase a lista de agarda para todo o programa.

Ao longo do programa, se houbese baixas, renuncias, despidos,...para ocupar todos los postos correranse as listas.

Outros requisitos:

- Experiencia mínima de tres anos en programas de desenvolvemento (LEADER)

- Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou formación equivalente.

-Carné de conducir e vehículo propio.

-Dispoñibilidade horaria.

UU. INCOMPATIBILIDADES

A persoa que ocupe o cargo de xerente terá dedicación exclusiva ao GDR e non desempeñará cargos electos nos órganos de decisión.

VV. SEDE SOCIAL

A sede social do GDR será na rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia (Ourense).

WW. PLAN DE DIFUSIÓN (ACCIÓN DIVULGATIVAS E SOBRE TERREO)

O plan de difusión para o programa LEADER 2014-2020 irá articulado en función das diferentes redes de comunicación:

PRENSA ESCRITA, mediante a publicación de publicidade e a publicación de novas do grupo (na prensa diaria, semanal ou mensual que teña impacto no territorio do GDR).

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

REDES SOCIAIS, WEB. O grupo conta con dominio web reservado e unha páxina simple en funcionamento para a difusión da posta en marcha do programa. Esta web será ampliada e mellorada ao inicio do programa para a difusión do funcionamento do GDR. www.limia-arnoia.gal

O GDR contará con páxina de facebook e conta en twiter e instagram na que se fará difusión do todas aquelas novas do programa (asembleas, cursos, novas, proxectos, visitas, xunta directivas, ...) e as redes de twiter ou instagram centraranse na difusión do patrimonio, cultura,...do territorio a través da difusión de fotos e vídeos curtos.

CONCELLOS, determinadas actividades serán difundidas da través das páxinas (redes sociais) dos concellos que integran o GDR, os seus taboleiros de anuncios e mesmo a través de Bandos municipais.

XUNTANZAS LOCAIS: dende a posta en marcha do programa (trala contratación do equipo xestor) programaranse unha serie de xuntanzas sectoriais ao longo do territorio, no que se darán a coñecer o funcionamento do grupo, liñas de axudas e a tramitación das mesmas.

XX. COMPROMISO DE UTILIZACIÓN DAS FERRAMENTAS INFORMÁTICAS DE AGADER

É preciso comezar este apartado dicindo que a Asociación Limia-Arnoia comprométese a empregar o programa informático que para a xestión do programa facilite Agader e, así mesmo, dará cumprimento ás normas reflectidas no manual de procedemento Leader.

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

PARTE VI: PLAN FINANCEIRO

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

28. PLAN FINANCIEIRO

PLAN FINANCIEIRO							
SUBMEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2016	2017	2018	2019	2020	TOTAL
19.2: Apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	Produtivos		393.654,65 €	656.091,09 €	787.309,31 €	787.309,31 €	**2.624.364,36 €**
	Non Produtivos (entidades públicas locais)		77.325,02 €	128.875,04 €	154.650,04 €	154.650,04 €	**515.500,14 €**
	Non produtivos (institucións de carácter privado)		77.325,02 €	128.875,04 €	154.650,04 €	154.650,04 €	**515.500,14 €**
	Formación promovida polos GDR		23.431,82 €	23.431,82 €	23.431,82 €	23.431,82 €	**93.727,30 €**
	TOTAL		**562.363,79 €**	**937.272,99 €**	**1.124.727,58 €**	**1.124.727,58 €**	**3.749.091,95 €**
1.9.4: Axuda para os custes correntes da estratexia de desenvolvemento local e para a animación	Custes correntes	30.000,00 €	267.433,41 €	267.433,41 €	267.433,41 €	267.433,41 €	**1.099.733,64 €**
	Animación		37.490,92 €	37.490,92 €	37.490,92 €	37.490,92 €	**149.963,68 €**
	TOTAL	**30.000,00 €**	**304.924,33 €**	**304.924,33 €**	**304.924,33 €**	**304.924,33 €**	**1.249.697,32 €**
TOTAL ESTRATEXIA		**30.000,00 €**	**867.288,12 €**	**1.242.197,32 €**	**1.429.651,91 €**	**1.429.651,91 €**	**4.998.789,26 €**
							FEADER
							AXE
							XUNTA

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal

SUBMEDIDA	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA
	2016
19.1: axuda preparatoria á estratexia de desenvolvemento local participativo	13.300,00 €
TOTAL ESTRATEXIA	

	13.300,00 €
FEADER	9.975,00 €
AXE	332,50 €
XUNTA	2.992,50 €

Rúa Curros Enriquez, 15 Xinzo de Limia,
Tlf. 988 5505 28 info@limia-arnoia.gal
www.limia-arnoia.gal